2. O pagamento das taxas realizarase:

a) No caso de novos aproveitamentos, no momento de autorizar a licenza, polo procedemento de autoliquidación nas oficinas de Facenda Local e depósito previo na Tesourería municipal.

b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, ingresarse a contía correspondente ó período anual, para o que o Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

3. Transcorridos os prazos establecidos no punto anterior e o que fixe o Concello para pagos anuais, as taxas exaccionaranse pola vía de constrinximento.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licenzas mediante poxa ou concurso conforme ó prego de condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 desta ordenanza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán formular simultaneamente á solicitude de licenza, a declaración de lonxitude, superficie, elementos a instalar, plano de planta e todos aqueles datos que se consideren necesarios para practicar a liquidación.

3. No caso dos aproveitamentos para entrada de vehículos que requiran obras de rebaixe do bordo, as solicitudes de entradas a establecementos comerciais e industriais, simultaneamente coa solicitude de licenza de obra, deberán constituír fianza ou aval solidario para responder dos gastos de reposición, nas contías sinaladas no listado de prezos da Ordenanza fiscal xeral.

Procederase á devolución desta fianza ou aval solidario cando o titular do aproveitamento proceda á reposición, nos prazos que se sinalen.

Os titulares serán responsables dos danos ocasionados nas beirarrúas, co motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos coa ocasión da pasaxe de vehículos concedida, polo que estarán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade competente e dentro do prazo que para o efecto se outorgue. O incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos regulamentados na Lei de procedemento administrativo.

Así mesmo, no caso de cesamento do uso especial, os titulares estarán obrigados a entregar a placa correspondente.

4. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e NIF ou razón social, e CIF do solicitante, enderezo e situación do aproveitamento.

No caso de entradas de vehículos deberá figurar a referencia catastral do terreo beneficiado.

5. Os servizos técnicos deste Concello informarán e liquidarán as solicitudes presentadas polos interesados e as licenzas concederanse conforme as normas vixentes no Concello en relación co tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras.

6. No caso de que os interesados renuncien ó aproveitamento especial regulado na presente ordenanza con posterioridade á autorización do mesmo, devengarase igualmente o importe das cotas que orixinaran, sendo estas rateables conforme se establece no artigo 5º.1.

7. Non poderá gozarse do aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe da taxa e fose outorgada a correspondente licenza.

8. Entenderase autorizada a ocupación polo tempo que figure na licenza e no caso de aproveitamentos de duración indeterminada, mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou o interesado non presente a baixa.

9. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

10. Concluído o aproveitamento concedido con carácter indefinido, o interesado está obrigado a comunicar ó Concello a dita circunstancia con devolución material da placa. Noutro caso seguirán devengándose as taxas periódicas correspondentes.

11. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial levase consigo a destrución ou estrago do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que procedese, estará obrigado a deixar en perfecto estado o dominio público empregado. A Inspección municipal acreditará este punto, e, no caso de informe negativo, o Concello realizará as obras de reconstrución ou reparación a cargo do titular e procederá ademais á imposición de sanción conforme ós artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros ós que se refire este punto.

12. O goce dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela será sancionado pola Alcaldía de acordo co disposto nos artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e restante normativa de aplicación.

13. No suposto de existir un só paso, cunha soa placa, construído para o acceso a dous ou máis locais, estacionamentos ou garaxes de distintos propietarios ou con distintos usos, emitiranse tantas liquidacións como locais existan, computándose a cada un a parte proporcional que lle corresponda en función da superficie daqueles. Para estes efectos os suxeitos pasivos deberán de declarar tal circunstancia na solicitude de autorización correspondente, indicando a superficie de cada un dos locais.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén se aplicarán directamente os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral e a Ordenanza municipal de protección ambiental.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o devandito acordo é firme na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza), se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de acordo co establecido no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 30 de decembro de 2020.- Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, e pola Ilma. Sra. dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos.

R. 3401

Anuncio

Instruído expediente relativo a “SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE DEPORTES (AREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES) E PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO-EXERCICIO 2020”, cuxa convocatoria publicouse no BOP nº 261, de 13/11/2020, por medio do presente faise público que a Excm. Sra. Dona LARA MENDEZ LOPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, ditou o Decreto nº 8594/2020, de 29/12/2020, polo que se acorda a aprobación da concesión ás seguintes Entidades e polo importe que se indica:

ENTIDADE	CIF	IMPORTE CONCEDIDO
RIBEIRA FUTBOL SALA	G*005	16.500,00 €
WATERPOLO LUGO	G*628	2.999,00 €
ATLETISMO LUCUS	G*836	5.500,00 €
ASC DEPORTIVA AGOR	G*458	1.500,00 €
ADC SAGRADO CORAZON	G*631	4.850,00 €
KUNG FU LUGO	G*722	3.750,00 €
CLUB DEPORTIVO DEZ PORTAS	G*436	1.200,00 €
CLUB DEPORTIVO SAGRADO CORAZON	G*999	2.500,00 €
CLUB STAR DANCE	G*867	10.000,00 €
ASPX. SAGRADO CORAZON	G*934	2.000,00 €
ESCOLA ATLETICA LUCENSE	G*025	10.000,00 €
CLUB DE LOITA LUGO	G*520	4.499,00 €
CLUB PIRAGÜISMO	G*176	22.000,00 €
CLUB POLIDEPORTIVO MARISTAS	G*000	2.800,00 €
CLUB PATINS LOSTREGOS	G*483	6.500,00 €
ADX MILAGROSA	G*636	2.500,00 €
CLUB CICLISTA CORRECAMIÑOS	G*736	900,00 €
C.P. LUCENSE	G*096	5.000,00 €
TENIS AS TERMAS	G*423	5.454,00 €
CLUB BALONCESTO CIDADE DE LUGO	G*423	5.035,00 €
S.C.D. MILAGROSA	G*131	10.000,00 €
CLUB UNION DEPORTIVA FERROVIARIA	G*149	8.000,00 €
LUGO ESGRIMA	G*957	1.080,00 €
COTEN ESCUDERIA RACING	G*363	315,00 €
CLUB POLIDEPORTIVO CASAS	G*686	6.000,00 €
EF POLVORIN	G*781	2.900,00 €
JUDO CLUB LUGO	G*988	6.000,00 €
TRIPENTAS TERRAS DE LUGO	G*582	2.500,00 €
CLUB GRAVITTY	G*668	5.000,00 €
REAL AERO CLUB	G*341	5.692,92 €
LUME BEISBOL	G*693	1.066,14 €
ATLETICO ABUIN	G*786	3.000,00 €
RESIDENCIA	G*310	10.000,00 €
SDC SAN ROQUE	G*693	3.000,00 €
ANVIAR	G*313	3.000,00 €
CLUB DE GOLF	G*684	15.750,00 €
VOLEIPRAIA LUGO	G*359	2.000,00 €
CLUB DE TIRO SAN FROILAN	G*521	3.500,00 €
ESCOLA LUCENSE TIRO CON ARCO	G*281	2.900,00 €

CLUB TRIATLON MURALLA DE LUGO	G*524	2.000,00 €
JUDO CLUB LUGOKAN	G*202	5.000,00 €
FULL KARATE CLUB GALAICO	G*333	3.000,00 €
CLUB LUGO FORMULA	G*620	4.000,00 €
CLUB CICILISTA MILAGROSA DE LUGO	G*224	700,00 €
CLUB FILIGRANA	G*632	4.500,00 €
ADC CAMPUS ALEX LLORCA	G*742	1.000,00 €
ADC LUGO SALA	G*623	11.000,00 €
VERXEL NUTRICION DEPORTIVA	G*159	1.000,00 €
ANPA CEIP ROSALIA DE CASTRO	G*234	1.031,65 €
CLUB BILLAR TEMPOS MODERNOS	G*632	1.500,00 €
ESCOLA LUGUESA DE XADREZ	G*960	12.000,00 €
CLUB CIDADE DE LUGO FUTBOL SALA	G*924	1.000,00 €
LUGO RUNNING CLUB	G*308	1.500,00 €
CLUB FEMENINO DE HOCKEY MEIGAS	G*844	1.200,00 €
CLUB ARCO MURALLA	G*726	700,00 €
LUGO FUTSAL	G*819	1.000,00 €
ESCUELA DEPORTIVA SHIHAN	G*631	6.500,00 €
CLUB XADREZ RECAELO	G*887	1.000,00 €

LUGO, 30 DE DECEMBRO DE 2020.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES, Miguel Fernández Méndez.

R. 3414

Anuncio

Instruído expediente relativo a “**BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA O EXERCICIO 2020 PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO**”, cuxa convocatoria publicouse no BOP nº 270, de 24/11/2020, por medio do presente faise público que o Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Rural e Deportes do Excmo. Concello de Lugo, ditou o Decreto nº 8586/2020, de 29/12/2020, polo que se **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- A aprobación da adxudicación e disposición do gasto das axudas económicas individuais para o exercicio 2020 para persoas con talento deportivo, que ascenden a un total de **24.441,04 €**.

SEGUNDO.- A aprobación da concesión das axudas aos seguintes solicitantes, de acordo cos seguintes datos:

APELIDOS E NOME	DNI	IMPORTE
FRAGA CORREDOIRA, CARLA	*952S	503,94 €
FRAGA CORREDOIRA, NICOLAS	*950J	692,92 €
CERNADAS GONZALEZ, ANA	*754H	755,91 €
LOPEZ MENDEZ, ROCIO	*684B	755,91 €
LORENZO DIAZ, LUCAS	*274S	440,95 €
SOUTO VIGO, JESUS	*328T	692,92 €
LOPEZ LOPEZ, SARA	*116Y	629,91 €
ROMERO REGUEIRO, TANIA	*955W	503,94 €
SUREDA PARDO, UXIA	*710D	377,95 €
VILARIÑO GONZALEZ, YAGO	*911F	188,98 €
PENA CUESTA, LUCAS	*300G	818,90 €
REGO VEIGAS, IVAN	*947L	818,90 €

MONTERO ALVAREZ, NICOLAS	*086Y	692,92 €
DIAZ DIAZ, ESTELA	*484S	377,95 €
VAZQUEZ LOPEZ, MARTIN	*200T	692,92 €
GONZALEZ NUÑEZ, IKER	*036Y	314,96 €
RODRIGUEZ MAGI, MAXIMILIANO OSCAR	*331C	818,90 €
MARTINEZ CASANOVA, HUGO	*353R	440,95 €
DIAZ JARA, JAVIER	*662T	377,95 €
DE LA IGLESIA PEREZ, JACOBO	*773L	440,95 €
VILA VEIGA, MERCEDES	*159M	755,91 €
PEREZ GOMEZ, AARON	*637F	188,98 €
RODRIGUEZ BALIÑA, MAURO	*733G	818,90 €
FREIJE TORNEIRO, MARTIN	*948K	629,91 €
GONZALEZ FERNANDEZ, CARMEN VICTORIA	*165D	377,95 €
DEVESA FERNANDEZ, VICTOR	*783A	440,95 €
DEVESA FERNANDEZ, EMMA	*909Q	755,91 €
DIEGUEZ GOMEZ, LUCIA	*217A	503,94 €
DEVESA NUÑEZ, JUAN	*414T	440,95 €
VAZQUEZ LIZ, ALEJANDRO	*983K	566,93 €
MARQUES CRESPO, GUTIER	*338C	566,93 €
VIDAL LAMAS, ANDREA	*481G	881,89 €
PARDO PERNAS, MARTIN	*664H	818,90 €
CES CIGARRAN, GABRIEL	*436W	692,92 €
GAMEZ BENITEZ, CLAUDIA	*224G	881,89 €
LOPEZ LOPEZ, ALVARO	*629T	188,98 €
FERNANDEZ SANCHEZ, PABLO	*836T	566,93 €
VAZQUEZ LOPEZ, MARTIN	*582T	440,95 €
LOPEZ SAAVEDRA, OSCAR ARTURO	*880G	818,90 €
FERNANDEZ GONZALEZ, RAMON	*456J	818,90 €
PERNAS RODRIGUEZ, ANTIA	*120P	503,94 €
PEREZ SOTO, EMMA SIHUANG	*716C	440,95 €

TERCEIRO: A desestimación das seguintes solicitudes polos motivos que se expoñen a continuación:

- MARTINEZ GOMEZ, SOFIA (DNI *318T): non cumpre o requisito previsto no aptdo. 3 da cláusula TERCEIRA das Bases reguladoras (“estar empadroadado/a no Concello de Lugo dentro do prazo de presentación de solicitudes e como mínimo con alta no padrón municipal dende o 01 de xaneiro de 2019”),
- LOPEZ LOPEZ, SILVIA (*630R): Non presenta resultados deportivos a nivel individual.
- Por presentar a solicitude fora de prazo:
 - o CORREDOIRA COIRA, PILAR (*908H)
 - o SOUTO CORTEZ, MARTINA JAZMIN (*530P)
 - o DARRIBA CORRAL, IVAN (*436V)
 - o MOURELLE TEIJEIRO, CARLA (*530Z)

CUARTO: O recoñecemento da obriga e a ordenación do pago, por importe total de **24.441,04 €**, aos seguintes beneficiarios, segundo a taboa e polos importes que se relacionan a continuación:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	IMPORTE
1	FRAGA CORREDOIRA, CARLA	*952S	503,94 €
2	FRAGA CORREDOIRA, NICOLAS	*950J	692,92 €
3	CERNADAS GONZALEZ, ANA	*754H	755,91 €
4	LOPEZ MENDEZ, ROCIO	*684B	755,91 €
5	LORENZO DIAZ, LUCAS	*274S	440,95 €

6	SOUTO VIGO, JESUS	*328T	692,92 €
7	LOPEZ LOPEZ, SARA	*116Y	629,91 €
8	ROMERO REGUEIRO, TANIA	*955W	503,94 €
10	SUREDA PARDO, UXIA	*710D	377,95 €
11	VILARIÑO GONZALEZ, YAGO	*911F	188,98 €
12	PENA CUESTA, LUCAS	*300G	818,90 €
13	REGO VEIGAS, IVAN	*947L	818,90 €
14	MONTERO ALVAREZ, NICOLAS	*086Y	692,92 €
15	DIAZ DIAZ, ESTELA	*484S	377,95 €
16	VAZQUEZ LOPEZ, MARTIN	*200T	692,92 €
17	GONZALEZ NUÑEZ, IKER	*036Y	314,96 €
18	RODRIGUEZ MAGI, MAXIMILIANO OSCAR	*331C	818,90 €
19	MARTINEZ CASANOVA, HUGO	*353R	440,95 €
20	DIAZ JARA, JAVIER	*662T	377,95 €
21	DE LA IGLESIA PEREZ, JACOBO	*773L	440,95 €
22	VILA VEIGA, MERCEDES	*159M	755,91 €
23	PEREZ GOMEZ, AARON	*637F	188,98 €
24	RODRIGUEZ BALIÑA, MAURO	*733G	818,90 €
25	FREIJE TORNEIRO, MARTIN	*948K	629,91 €
26	GONZALEZ FERNANDEZ, CARMEN VICTORIA	*165D	377,95 €
27	DEVESA FERNANDEZ, VICTOR	*783A	440,95 €
28	DEVESA FERNANDEZ, EMMA	*909Q	755,91 €
29	DIEGUEZ GOMEZ, LUCIA	*217A	503,94 €
30	DEVESA NUÑEZ, JUAN	*414T	440,95 €
31	VAZQUEZ LIZ, ALEJANDRO	*983K	566,93 €
32	MARQUES CRESPO, GUTIER	*338C	566,93 €
33	VIDAL LAMAS, ANDREA	*481G	881,89 €
34	PARDO PERNAS, MARTIN	*664H	818,90 €
35	CES CIGARRAN, GABRIEL	*436W	692,92 €
36	GAMEZ BENITEZ, CLAUDIA	*224G	881,89 €
37	LOPEZ LOPEZ, ALVARO	*629T	188,98 €
39	FERNANDEZ SANCHEZ, PABLO	*836T	566,93 €
40	VAZQUEZ LOPEZ, MARTIN	*582T	440,95 €
41	LOPEZ SAAVEDRA, OSCAR ARTURO	*880G	818,90 €
42	FERNANDEZ GONZALEZ, RAMON	*456J	818,90 €
43	PERNAS RODRIGUEZ, ANTIA	*120P	503,94 €
45	PEREZ SOTO, EMMA SIHUANG	*716C	440,95 €

LUGO, 30 DE DECEMBRO DE 2020.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES, Miguel Fernández Méndez.

R. 3415

MEIRA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2021

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2020, o orzamento xeral, bases de execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2021, conforme o previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo por prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Meira, 23 de decembro de 2020.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3365

Anuncio

ANUNCIO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS.

O Pleno do Concello de Meira na súa sesión celebrada o 23 de decembro do 2020 resolveu as alegacións presentadas contra o Acordo de aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras de data 6 de agosto do 2020, tal e como se establece no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procedendo á súa aprobación definitiva.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de Marzo, contra a aprobación definitiva da citada Ordenanza poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas

operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

1. 0,6 euros por tonelada de madeira en cada solicitude de licenza.
2. Para as canteiras (cota anual):
 - 3,6 euros metro lineal de aglomerado.
 - 2,10 euros metro lineal de asfaltado.
 - 1,20 euros metro lineal de zahorra.

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

ARTIGO 6. EXENCIÓNS

Quedan exentos do pago desta taxa:

- a) Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...
- b) En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...
- c) Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:
 - Podas en plantacións forestais
 - Rozas e limpeza de fincas
 - Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
 - Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
 - Cortas para usos domésticos.
 - Actividades agrícolas e gandeiras

ARTIGO 7. PAGAMENTO

A taxa pagarase segundo a natureza do seu feito impositivo, cando se conceda a licenza por parte da administración local.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se beneficien polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes conforme o seguinte procedemento:

8.1.- Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal e acompañar a documentación sinalada no artigo 5 da ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

8.2.- Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, de Medio Ambiente Forestal, do Código de circulación, e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación, o posuidor dunha licenza para a actividade descrita, virá obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos viais, ou nas interestruturas anexas, así como a retirada total dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

8.3.- Unha vez recibida a solicitude e con carácter previo á utilización dos camiños, os servizos técnicos municipais procederán a realizar un informe sobre o estado das vías a utilizar, soamente no caso de que o solicitante declare que as pistas municipais están en mal estado.

8.4.- A utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, non impedirá a utilización adecuada e sen dificultades destes polos restantes usuarios do mesmo, estando obrigados os responsables das operacións de saca de madeira a reparar os danos causados por estas operacións para o seu adecuado uso polos restantes usuarios.

8.5.- Terminada a utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, o concesionario da licenza, comunicará ao Concello a finalización dos traballos.

Por parte dos Servizos Técnicos municipais emitirase informe sobre os danos que, no seu caso, producíronse nos camiños afectados polas operacións de saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga. O dito informe técnico emitirase soamente no caso de que se producisen danos nos camiños públicos, e que foran apreciados por operarios municipais aos que se lles encomende tal función.

Á vista do informe técnico, poñeranse en coñecemento do titular da licenza as reparacións que, no seu caso, deberán efectuarse no prazo máximo de 1 mes. Transcorrido o citado prazo sen que efectuasen as reparacións requiridas, o Concello procederá á súa execución subsidiaria á conta do obrigado, repercutindo contra este o importe da reparación dos danos causados.

8.6.- O aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga dentro do Concello de Meira, sen a preceptiva licenza municipal será obxecto dun expediente sancionador.

8.7.- A validez da licenza quedará condicionada ao pago da taxa.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en adiante.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 6 de agosto do 2020, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir do momento no que se publique o seu texto íntegro permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.”

Meira, 26 de decembro de 2020.- O Alcalde, Antonio De Dios Álvarez.

R. 3366

Anuncio

ANUNCIO DA APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAS E POLAS CANTEIRAS.

O Pleno do Concello de Meira na súa sesión celebrada o 23 de decembro do 2020 resolveu as alegacións presentadas contra o Acordo de aprobación provisional da Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras de data 6 de agosto do 2020, tal e como se establece no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, procedendo á súa aprobación definitiva.

Contra a aprobación definitiva da citada Ordenanza poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAS E POLAS CANTEIRAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sostenibilidade económica dos veciños/as.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráficos en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráficos referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 75.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, anque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediacións das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sen do certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación das cortas nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva exige inxentes gastos a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan.

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009. Fundamento de dereito cuarto "...toda conservación implica intrinsecamente la regulación del uso de aquello que se pretende conservar, mediante actos de tutela y defensa...las autoridades competentes para la conservación, lo son asimismo, para la vigilancia y regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, por lo que hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales".

Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto "...con carácter general en principio, no son iguales, nin sirven por ello slos términos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros (no suposto enxuciado vehículos de uso mineiro). No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los transitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte"

As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.

En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e

así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A existencia de licenza municipal para o uso especial regulado; licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:

“1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general”.

- A existencia dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento.

1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1 985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de Meira establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Uso especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras existentes no término municipal.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Artigo 2.- Actividades excluídas.

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

1. Podas en plantacións forestais.
2. Rozas e limpeza de fincas.
3. Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.
4. Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais.
5. Cortas para uso doméstico.

Artigo 3.- Definicións. - Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

• Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

d) Actividade mineira: aquela que ten por obxecto a explotación dos recursos mineiros, calquera que sexa a sección das reguladas pola lexislación mineira.

e) Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

f) Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

g) Empresa mineira: persoa física ou xurídica que realice os labores propias da explotacións de canteiras de áridos, pizarra, etc.

Artigo 4.- Ámbito de aplicación.- O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Meira. sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO.

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira e das canteiras. Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira, áridos ou pizarras.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira ou da canteira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telematicamente, ou en calquera outro dos Rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas, de preservación do patrimonio arqueolóxico ou de minas.

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

1. Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
2. Especie de madeira obxecto da corta
3. Volume de madeira que se prevé extraer
4. Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s
5. Datas previstas de inicio e remate dos traballos
6. Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
7. Identificación de la vía municipal a utilizar: Nombre y plano con la traza del mismo
8. Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
9. No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.
10. Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.
11. Declaración responsable segundo anexo II.

O Concello de Meira terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello requirirá á empresa madeireira/mineira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude de licenza, cando comprobe que a empresa madeireira/mineira non cumpriu coa súa obriga de presentala nas oficinas municipais, sen prexuízo da corresponde sanción derivada do incumprimento desta obriga.

Artigo 7.- Responsables.- A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, e no seu caso, da explotación de canteiras, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

Artigo 8.- Obrigas.- A empresa madeireira/mineira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira/mineira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira como dos áridos, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo. A mesma obriga atinxe ás canteiras no relativo a vertido de áridos e restos da explotación mineira.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. As mesmas prohibicións en relación co viario municipal e os seus elementos funcionais, atinxen ao vertidos e restos de áridos.

Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira/mineira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais. No suposto de áridos e/ou pizarra enténdese como depósito irregular aquel que exceda de vinte días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 1 mes a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

Artigo 9.- Requerimentos.- Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder de un mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

TÍTULO II: INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Art. 10.- Infraccións.- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen perxuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

A infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira/ ou de produtos mineiros unha vez fose requirido polo Concello.

Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.

Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.

Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

Constitúen infraccións graves:

Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.

Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo o informe municipal emitido para o caso.

Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.

Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais

Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

Art. 11.- Sancións.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: multa de ata 300,00€

Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.

Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€.

A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais comezados a partir da súa entrada en vigor.

No suposto de actividades mineiras será de aplicación ao primeiro plan de labores anuais aprobado con posterioridade á entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS:

Primeira.- A Alcaldía queda facultada para e ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Segunda.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a ordenanza de municipal de corta e saca de madeira aprobada polo Pleno do Concello de Meira en data 15 de decembro do 2011 (BOP núm. 294 do 26 de decembro do 2011).

ANEXO I**SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira		
Denominación		
N.I.F.		
Enderezo		
Teléfono		
Nome da persoa encargada		
Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume total da madeira a extraer (m³)		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia		
Identificacións catastrais	Polígono	Parcela
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal/áridos		
Datas previstas de inicio e remate		
Lugar onde se depositará a madeira		
Viario municipal a empregar para o transporte da madeira cortada		

En aplicación da **Ordenanza Reguladora do uso común especial do viario municipal con motivo do depósito e/ou transporte de madeira**

SOLICITA:

Licenza para o uso especial comezo de actividades forestais/mineiras nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega:

- a) Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta.
- h) Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar.
- i) Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil.
- j) Declaración responsable do bo estado das vías, ou no seu caso fotografías.

Meira, a de20....

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO BO ESTADO DAS VÍAS MUNICIPAIS E DE REPOSICIÓN DE DANOS EN BENS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL CONCELLO DE MEIRA.**

D. _____, con DNI núm. _____ e domicilio a efectos de notificación en _____, en representación da empresa _____ con CIF _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que a actividade que vai ser desenvolvida non ten impacto no patrimonio histórico-artístico.

Que as actuacións a desenvolver contan co permiso, autorización, comunicación ou notificación de que se trate (Consellería competente na materia). Achego copia.

Que se compromete á reposición dos danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.

Que se compromete a manter o cumprimento da normativa mencionada durante o desenvolvemento da actividade así como a adaptarse ás modificacións legais que durante o seu desenvolvemento puidieran producirse.

Que declaro entender ou achegar o seguinte (marcar o que proceda:

Que as vías municipais a utilizar atópanse en bo estado.

Que achego reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar someténdome a súa comprobación polos servizos municipais, e, trala súa utilización achegará, así mesmo, una reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.

Que se cumpre coa normativa sectorial dos medios materiais, de seguridade e saúde no traballo e de recursos humanos a empregar no desenvolvemento da actividade.

Meira, de de 20

Asdo:

Meira, 26 de decembro de 2020.- O Alcalde, Antonio De Dios Álvarez.

R. 3367

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA DECEMBRO 2020

Por Xunta de Goberno Local do día 21.12.2020 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de decembro de 2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 18.01.2021 ata o 18.03.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 23 de decembro de 2020.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3368

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA NOVEMBRO DE 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 14.12.2020 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de novembro de 2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 21.12.2020 ata o 22.02.2021..

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2020.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3369

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas NOVEMBRO 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 21.12.2020 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de novembro de 2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 28.12.2020 ata o 1.03.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 28 de decembro de 2020.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3381

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga NOVEMBRO-DECEMBRO 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 21.12.2020 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do sexto bimestre 2020 (NOVEMBRO- DECEMBRO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 31.12.2020 ata o 1.03.2021.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 23 de decembro de 2020.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3382

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA 2021

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 30 de novembro de 2020, o Orzamento Xeral do Concello de Monforte para o exercicio económico 2021, integrado polo do propio Concello e o do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, transcorrido o período de exposición pública, o Pleno en sesión celebrada o 28 de decembro de 2020 resolveu as alegacións presentadas, procedendo á súa probación definitiva, polo que de conformidade co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os art 127 o Texto Refundido aprobado polo RD Lex 781/1986 e concordantes, publícase o resumo por capítulos de cada un dos dos orzamentos que o integran así como a plantilla de persoal.

ORZAMENTO RESUMIDO POR CAPÍTULOS

GASTOS				
2021	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.466.716,73	276.075,69		4.742.792,42
CAPITULO II	7.725.600,34	22.600,00		7.748.200,34
CAPITULO III	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IV	1.029.423,27		298.675,69	730.747,58
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	13.227.740,34	298.675,69	298.675,69	13.227.740,34
CAPITULO VI	1.505.100,00			1.505.100,00
CAPITULO VII	153.524,63			153.524,63
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	1.664.624,63	0,00	0,00	1.664.624,63
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	298.675,69	298.675,69	14.892.364,97

INGRESOS				
2021	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.700.765,36			5.700.765,36
CAPITULO II	100.000,00			100.000,00
CAPITULO III	2.211.048,96			2.211.048,96

CAPITULO IV	5.812.750,65	298.675,69	298.675,69	5.812.750,65
CAPITULO V	61.800,00			61.800,00
TOTAL	13.886.364,97	298.675,69	298.675,69	13.886.364,97
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	1.000.000,00			1.000.000,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	1.006.000,00	0,00	0,00	1.006.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	298.675,69	298.675,69	14.892.364,97

PLANTILLA DE PERSOAL 2021:

CONCELLO						
FUNCIONARIOS DE CARREIRA						
Denominación Praza	Nª Praza/s	Grupo	Subescala	Categoría	Situación	C. Específico
1.- Funcionarios de Habilitación Nacional						
Secretario/a	1	A1	Secretaría	1ª	Vacante	30.500,00 €
Tesoureiro/a	1	A1	Int- Tes.	1ª	Propiedade	30.184,70 €
Interventor/a	1	A1	Int- Tes.	1ª	Vacante	30.500,00 €
2.-Administración Xeral.						
Técnico/a	3	A1	Admón. Xeral	Técnica	Propiedade	13.577,06 €
Técnico/a	1	A2	Admón. Xeral	Técnica	Propiedade	12.558,42 €
Administrativo/a	3	C1	Admón. Xeral	Admtva.	Propiedade	10.646,30 €
Auxiliar	12	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	Propiedade	9.009,14 €
3.- Administración Especial						
Bibliotecaria/a	1	A1	Admón. Esp.	Técnica	Propiedade	16.630,60 €
Arquitecto	1	A1	Admón. Esp.	Arquitecto	vacante	13.577,06 €
Técnico/a	1	A2	Admón. Esp.	Enx. Industrial	Vacante	14.767,06 €
Inspector/a de Policía L.	1	A2	Admón. Esp.	Inspector	Vacante	27.247,50 €
Inspector/a de Policía L.	1	A2	Admón. Esp.	Inspector	Vacante	27.247,50 €
Oficial Policía	1	C1	Admón. Esp.	Oficial	Propiedade	18.761,82 €
Policía Local	3	C1	Admón. Esp.	Axente	Vacante	14.506,66 €
Policía Local	13	C1	Admón. Esp.	Axente	Propiedade	14.506,66 €
Xefe/a de Equipo C.Espec.	1	C2	Admón. Esp.	Xefe de Equipo	Propiedade	25.482,38 €
Axente C. Esp.	6	C2	Admón. Esp.	Axente CE	Propiedade	15.293,88 €
Oficial	1	C2	Admón. Esp.	Oficial	Propiedade	7.567,00 €
Operario/a	1	E	Admón. Esp.	Operario	Propiedade	8.318,94 €

PERSOAL LABORAL FIXO				
Denominación Praza		Nº	Grupo	Situación
Técnico/a de Grao Superior Serv. Sociais		1	A1	Vacante
As. Xrco./a - Coordinador/a CIM		1	A1	Fixo
Técnico/a de Promoción Económica		1	A2	Vacante
Traballador/a Social - Coordinador		1	A2	Fixo
Traballador/a Social		2	A2	Fixo
Técnico/a C.I.M.		1	A2	Fixo
Profesor/a Conservatorio Clarinete		1	A2	Fixo
Profesor/a Conservatorio Piano		4	A2	Fixo

Profesor/a Conservatorio Violín		1	A2	Vacante
Profesor/a Conservatorio Viento- Trombón		1	A2	Vacante
Profesor/a Conservatorio Guitarra		1	A2	Fixo
Profesor/a Conservatorio Saxo		1	A2	Vacante
Profesor/a Conservatorio Percusión		1	A2	Vacante
Técnico/a de Medio Ambiente		1	A2	Fixo
Animador/a Cultural		1	C1	Fixo
Profesor/a de Danza Escolas de Música		1	C2	Fixo
Capataz Urbanismo (Obras)		1	C2	Fixo
Capataz Servizos		2	C2	Fixo
Oficial de Urbanismo (Obras)		3	C2	Fixo
Oficial de Urbanismo (Cemiterio)		1	C2	Fixo
Oficial de servizos (Cultura)		1	C2	Fixo
Aux. Administrativo O.M.I.C.X.		1	C2	Fixo
Op. De Activ. E servizos culturais		1	E	Fixo
Peón de Urbanismo		1	E	Fixo
Peón de Urbanismo		1	E	Vacante
Peón de Parques e xardíns		3	E	Fixo
Peón de Parques e xardíns		2	E	Vacante
Peón de cemiterio		1	E	Fixo
Aux. de Electricista		1	E	Vacante
Limpadora-Conserxe		1	E	Fixo
Subalterno/a		1	E	Vacante

PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación Praza			Nº	
Técnico/a de Grao Superior Serv. Sociais			1	
Técnico/a Deportes			1	
Profesor/a Conservatorio Viento- Trombón			1	
Profesor/a Conservatorio Violín			1	
Profesor/a Conservatorio Saxo			1	
Profesor/a Conservatorio Percusión			1	
Educador/a de Familia			1	
Capataz GRUMIR			3	
Profesor/a Escolas de Música			2	

Denominación da Praza			Nº	
Asesor/a Gabinete			1	

ADICACIÓNS EXCLUSIVAS			ADICACIÓN	BRUTO (14 PAGAS)
NIVEL 1			EXCLUSIVA	46.841,24 €
NIVEL 2			EXCLUSIVA	47.885,13 €
NIVEL 2			EXCLUSIVA	47.885,13 €

I.M. DE DROGODEPENDENCIA				
PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación da Praza			Nº	
Directora Psiquitra			1	
Psicólogo/a			1	
Educador/a Social			1	
Traballador/a Social			1	
Enfermeira/o			1	

Auxiliar Administrativo			1	
Monitor de tempo Libre			1	

Monforte de Lemos, 29 de decembro de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3386

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 26.10.2020 aprobou provisionalmente o expediente de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2021. Durante o prazo de exposición pública do expediente, presentouse unha alegación.

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 28.12.2020 resolveu a alegación e aprobou definitivamente a modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2021, publicándose a continuación o mencionado acordo:

“PRIMEIRO.- DESESTIMAR a reclamación formulada.

SEGUNDO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE o expediente de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2021, quedando os preceptos modificados e actualizados coa mesma redacción que a aprobada inicialmente por acordo Plenario do día 26.10.2020.

TERCEIRO.- Proceder á publicación íntegra do texto de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2021, mediante anuncio que inserirá no Boletín Oficial da Provincia:

ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

A) Modificación do artigo 13 “Calendario Fiscal”

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	15/04/2021	15/06/2021
b. Imposto de Bens Inmóbles	Anual	05/08/2021	06/10/2021
c. Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	17/08/2021	18/10/2020
d. Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2020	26/02/2021	26/04/2021
	1º bimestre 2021	27/04/2021	29/06/2021
	2º bimestre 2021	25/06/2021	25/08/2021
	3º bimestre 2021	26/08/2021	26/10/2021
	4º bimestre 2021	27/10/2021	27/12/2021
	5º bimestre 2021	28/12/2021	28/02/2022
e. Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	6º bimestre 2021	28/02/2022	29/04/2022
	2ª fracción curso 2020/2021	05/03/2021	05/05/2021
f. Taxa de auga rede e sumidoiros	1ª fracción curso 2021/2022	22/10/2021	22/12/2021
	6º bimestre 2020	31/12/2020	01/03/2021
	1º bimestre 2021	03/03/2021	03/05/2021
	2º bimestre 2021	30/04/2021	30/06/2021
	3º bimestre 2021	01/07/2021	01/09/2021
	4º bimestre 2021	02/09/2021	02/11/2021
	5º bimestre 2021	02/11/2021	03/11/2021
	6º bimestre 2021	31/12/2021	28/02/2021

g. Resto de taxas

21/09/2021 22/11/2021

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

B) Modificación do parágrafo sexto do artigo 14 “Domiciliacións”

Quedando o devandito parágrafo redactado do seguinte xeito:

A domiciliación do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5 de agosto de 2021 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 7 de decembro polo importe do restante 40% do recibo.

C) Modificación do apartado quinto do artigo 19 “Débedas tributarias aprazables”

Quedando o devandito parágrafo redactado do seguinte xeito:

5. As débedas poderán aprazarse ou fraccionarse nos seguintes termos:

- As débedas de importe comprendido entre 100 e 200€ nun período máximo de 12 meses
- As débedas de importe comprendido entre 200,01€ e 300€ nun período máximo de 18 meses
- As débedas de importe superior a 300€ nun período máximo de 24 meses.

d) Modificación do apartado dous do artigo 21 “ Trámite e resolución”

Quedando redactado o devandito apartado dous do artigo 21 do seguinte xeito:

2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegarase as seguintes solicitudes:

- a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.
- b) As presentadas por contribuíntes que incumpriran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías.
- c) As inferiores a 100,00 €.

d) As de vencemento periódico e notificación colectiva, cando se atopen en período voluntario de cobro

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A) Modificación do artigo 4 “Exencións”.

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -4- EXENCIÓNS

1. Ademais dos bens inmobles do artigo 62.1) e 2) do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:

- a. Inmobles urbanos nos que a cota líquida non supere o importe de 6€.
- b. Inmobles rústicos nos que as cotas agrupadas relativas a un mesmo suxeito pasivo non superen o importe de 3€.

2. Gozarán de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para que a exención teña efectos no padrón do exercicio da solicitude esta deberá realizarse antes do 30 de xuño de cada exercicio, data anterior á do peche do devandito padrón.

Na solicitude incluírase a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención.

Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos os bens inmobles de que sexan titulares, nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais, as entidades sen fins lucrativos as que se refire a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, conforme ao establecido polo Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

A súa aplicación estará condicionada que as entidades sen fins lucrativos comuniquen ao Concello que se acollen ao réxime especial establecido por tales entidades e ao cumprimento dos requisitos e supostos de feito

relativos ao mesmo, debendo achegar coa solicitude certificado que os inmobles para os cales se solicita a exención non se atopan afectos a explotacións económicas non exentas do Imposto sobre Sociedades.

B) Modificación do apartado 4 do artigo 5 “Bonificacións”

Quedando o apartado catro do artigo 5 redactado do seguinte xeito:

4. Os suxeitos pasivos titulares de familias numerosas, segundo o establecido no artigo 2 da Lei de Protección de Familias Numerosas, do 18 de novembro de 2003, sempre que o suxeito pasivo e os demais membros da unidade familiar non sexan titulares dalgún dos dereitos constitutivos do feito impositivo deste imposto noutra vivenda terán dereito as seguintes bonificacións na cota do inmovible que constitúa a súa vivenda habitual:

a) Bonificación o 50% na cota íntegra do imposto sempre que a renda neta da unidade familiar non supere a cantidade resultante de multiplicar o salario mínimo interprofesional polo número de membros da unidade familiar.

b) Bonificación do 10% na cota íntegra do imposto se a renda neta da unidade familiar supera o límite establecido na letra a) anterior.

Entenderase por vivenda habitual a efectos desta bonificación, aquela que figura como domicilio do suxeito pasivo no Padrón de habitantes.

Entenderase por membros da unidade familiar tódolos membros que figuren inscritos no Padrón de habitantes así como os que convivan cos contribuíntes no IRPF

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

A bonificación terá duración exclusivamente anual, polo que debe ser solicitada para cada exercicio no que se pretenda a súa aplicación antes do 30 de xuño de cada exercicio, data anterior á do peche do devandito padrón.

A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

Na solicitude de concesión da bonificación deberá aportarse a seguinte documentación:

- DNI do solicitante.
- Título de familia numerosa que acredite a condición de familia numerosa a 1 de xaneiro.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
- Declaración de IRPF dos integrantes da familia. No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formularan declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e acreditarase mediante certificado expedido ao efecto pola AEAT.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

A) Modificación do artigo 7 “Bonificacións”. Modifícase antepenúltimo parágrafo.

Quedando o devandito parágrafo redactado do seguinte xeito:

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do imposto deberán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalación e obras.

B) Modificación do parágrafo primeiro artigo 8 “Xestión”.

Quedando o devandito parágrafo redactado do seguinte xeito:

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non solicitándose, concedido ou denegado, se inicie a construción, instalación ou obra, o Concello practicará unha liquidación provisional a conta, agás no caso que se teña tramitada unha solicitude de bonificación, cuxo recoñecemento corresponda ao pleno. Neste suposto practicarase a liquidación unha vez adoptado polo Pleno o correspondente acordo.

No suposto de presentación de declaración responsable ou comunicación previa establécese o réxime de autoliquidación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES

A) Modificación do artigo 3 “Suxeito pasivo”.

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas seguintes:

1. No suposto de servizos funerarios, o solicitante ou contratante, e no seu defecto, os herdeiros o legatarios do difunto.

2. No suposto de concesións administrativas no cemiterio municipal, os seus titulares ou solicitantes segundo se trate primeira adquisición ou posteriores transmisións de actos de dereito sucesorio ou da prestación de servizos.

3. Terán tamén a consideración de suxeitos pasivos, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición en razón da titularidade dos dereitos ou da prestación dos servizos.

4. Terán a consideración de substitutos do contribuínte aquelas empresas e profesionais (tales como funerarias, empresas de obras e servizos, etc..) que, tendo recibido a consignación do suxeito pasivo para o abono da taxa realicen en base a súa actuación profesional ou empresarial os trámites administrativos relacionados coa devandita actividade fronte ao Servizo Municipal.

A) Modificación do artigo 7 “Normas de Xestión” mediante a introdución dun parágrafo relativo a “xestión de concesións sobre nichos, cabidas e sepultura”

Quedando o artigo 7 redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 7º.- NORMAS DE XESTIÓN.

XESTION DAS CONCESIÓNS SOBRE NICHOS, CABIDAS E SEPULTURAS.

1. As concesións administrativas de nichos, cabidas e sepulturas realizaranse, de xeito ordinario, pola enumeración correlativas das mesmas.

Non obstante, de xeito excepcional, poderán facerse concesións para nichos, cabidas e sepulturas concretas cando o solicitante fose concesionario doutro nicho ou sepultura colindante ou cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente motivadas, que aconsellen empregar outro criterio.

2. As licencias concedidas dende a construción de calquera tipo de edificación no Cemiterio Municipal terán unha validez de tres anos dende a data de comunicación ó interesado do acordo correspondente; transcorrido dito prazo sen terse comezada ou finalizada dita construción, os interesados terán que solicitar unha nova licenza.

3. O Concello, no plano xeral do Cemiterio, establecerá a parte de terreo destinado á construción de dúas ou tres alturas. As construcións destas características, de dúas ou tres alturas, non se poderán alterar ou modificar no futuro.

4. A solicitude do permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizadas polo Arquitecto Técnico Municipal.

5. Para os efectos de aplicación das tarifas contidas nesta ordenanza se determina a continuación as características de cada unha das alíneas da mesma:

Sepultura: Espazo de terra destinado para ser depositado o féretro en terra

Cripta: Obra de fábrica construída sobre unha ou máis sepulturas para depositar un ou máis féretros.

Panteón: Obra de fábrica singular sobre dúas ou máis sepulturas, con espazo no interior e ocos para depósito de féretros nos laterais e no fondo.

Panteón con capela: Obra de fábrica coas características do panteón e que, ademais, contén un oratorio no interior.

Nicho: Obra de fábrica construída sobre unha ou máis sepulturas para depositar un ou máis féretros.

Monforte de Lemos, 28 de decembro de 2020.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3387

MURAS

Anuncio

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN-CONDUCTOR CAMIÓN PARA O PROGRAMA DENOMINADO FOMENTO DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE LUGO CON CARGO AO PLAN UNICO 2020

1º.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da convocatoria, a selección de persoal para contratación laboral por obras e servizos, en base os criterios de publicidade de convocatoria, mérito e capacidade dos candidatos de conformidade co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 781/1986, texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

En canto a regulación das condicións do contrato estarase ó disposto no Real decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

2º.-Características do contrato.

A finalidade da contratación deste persoal é a realización de PEÓN-CONDUCTOR CAMIÓN, no Concello de Muras.

A duración do contrato será ata o 30 setembro de 2021.

Prazas convocadas: 1 peón- conductor a xornada completa, con permiso de conducir clase C.

A modalidade de contrato será de traballo temporal tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención.

O tipo de contrato será por obra ou servizo determinado e as retribucións a percibir son as seguintes: 1.220,00€/brutos/mes incluído rateo de pagas extra.

3ª.- Sistema de provisión.

Concurso-oposición

4º.-Requisitos dos solicitantes.

Para ser admitido e tomar parte na convocatoria os aspirantes deben reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co concello de Muras.
- c) Non ser despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos.
- d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- g) Estar como demandante de emprego non ocupado/a no Servizo Público de Emprego de Galicia
- h) Estar en posesión do título de galego no nivel Celga 1 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

O cumprimento das referidas condicións entenderase referido á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os requisitos dos apartados a) e d) acreditaranse mediante a presentación do documento nacional de identidade, os apartados b) e c) mediante declaración xurada, o apartado e) mediante certificado médico oficial (só as persoas que resulten seleccionadas) e o apartado f) e h) mediante copia do título ou certificado correspondente.

5ª.- Solicitudes.

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán formularse en instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras, segundo modelo que se facilitará nas oficinas municipais en horario de apertura ó público no rexistro xeral do Concello de Muras ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

O horario de presentación no rexistro do Concello é de luns a venres de 8:00 a 14:00 horas.

Nas solicitudes farase constar:

- Manifestación de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira.
- Comprometerse, para o caso de resultar contratado, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.
- Currículum de méritos que se posúan e documentación xustificativa dos mesmos, co obxecto de valora-la súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será copia do orixinal e aportarse de tal xeito que poida ser valorada convenientemente polo Tribunal Cualificador

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación de dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de enmenda de defectos, o Alcalde-Presidente declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do mesmo. Na dita resolución fixarase o lugar, data e realización das probas e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

6º.- Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vogais e un secretario que serán designados polo Alcalde-Presidente. O secretario deberá ser funcionario de carreira.

Tódolos membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior ao esixido para o posto convocado, a súa composición tenderá a ser paritaria ente homes e mulleres.

Os membros do Tribunals deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así mesmo, poderán ser recusados polos aspirantes cando concorran causas previstas no artigo 24 da dita Lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de mais da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario, na súa ausencia o Presidente será substituído polo vocal de maior idade e o Secretario polo vocal de menor idade.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que o estimen necesario. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas.

O Tribunal terá a categoría correspondente ó establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, percibindo os seus membros e asesores pola asistencia ás sesións as contías establecidas en dito Real Decreto.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros asistentes, as dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do procedemento de selección, así como adoptar as medidas necesarias ao efecto.

7º.- Selección de aspirantes.

A hora e lugar de inicio das probas será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Muras, os anuncios relativos ao desenvolvemento de probas, data, hora e resultados posteriores publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Tendo en conta a urxencia na contratación do persoal, poderase realizar no mesmo día máis dunha proba da fase de oposición.

A selección de aspirantes realizarase nas seguintes fases:

7.1 Primeira fase, valoración de méritos:

Para a valoración dos méritos deberán acreditarse cos certificados do órgano que corresponda ou copias cotexadas dos correspondentes documentos ou informes sociais. No caso de experiencia laboral xunto co certificado sobre as funcións desenvolvidas achegarase a vida laboral e os contratos de traballo.

a) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia, 2 puntos.

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinteseis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: entre 1 e 3 puntos.

Un fillo a cargo-1 punto

Dous fillos a cargo- 2 puntos

Tres ou máis fillos-3 puntos

c) Persoas desempregadas sen ningún tipo de prestacións económicas, 2 puntos.

d) Formación relacionada co posto solicitado, entre 0 e 1 punto.

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades dependentes ou homologados. 0,2 puntos x cada curso de máis de 20 horas.

e) Posesión CAP. 3 puntos.

f) Persoas en risco de exclusión social ou de vulnerabilidade familiar coas que se estea intervindo dende o departamento de Servizos Sociais, 1 punto.

g) Menores de 30 anos e maiores de 45 anos: Máximo 2 puntos

menores de 30 anos: 1 punto

menores de 30 anos, inscritos no plan de garantía xuvenil: 1 puntos

maiores de 45 anos: 2 puntos

Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

Terminada a valoración desta fase publicarase o resultado no taboleiro de anuncios da Casa do Concello por orde de puntuación e sinalarase a data e hora das probas da segunda fase.

Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

7.2 Segunda fase: oposición.

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e bolígrafo de cor azul. O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercicios:

a) Contestación escrita a un test proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo da convocatoria. O tempo máximo de realización será de unha hora e a puntuación máxima será de 20 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos. O Total de preguntas a formular, con tres respostas alternativas, das que unha delas será a correcta, será de 20. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

b) Realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, que constara de un ou varios exercicios prácticos nos que se avaliará o coñecemento e experiencia no desempeño do posto de traballo, entre 0 e 10 puntos.

7.3 Exercicio común e obrigatorio par tódolos candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 1 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal. Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, o tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

7.4 Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. O Tribunal propondrá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación.

Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elabórase aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa ou renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web. O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, dilucidarase o mesmo do seguinte xeito:

1º- maior puntuación na fase de oposición.

2ª- maior puntuación na fase de concurso.

3ª de persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

8º.- Presentación de documentos e formalización de contrato.

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán xustificar adecuadamente no prazo máximo de tres días naturais contados a partir da publicación da resolución da convocatoria, que

reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

Fotocopia compulsada do D.N.I.

Copia auténtica ou fotocopia compulsada da titulación esixida.

Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.

Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.

Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo que se convoca, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista final establecida polo Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

9º.- Bolsa de traballo

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

10º.- Abstención e recusación.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

11º.- Recursos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

ANEXO

TEMARIO.

I parte. Xeral

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2. Persoal ao servizo da Entidade Local. Dereitos e deberes do persoal laboral ao servizo dos entes locais.

Tema 3. Xeneralidades dos órganos de goberno do Concello. O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno Local.

Tema 4. Servizos e dependencias municipais do Concello de Muras. Localización e funcións que nelas se desenvolven.

Tema 5. Xeografía de Muras. Situación. División por parroquias. Poboación.

II Parte . Específica

Tema 6. A Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais: Obxecto e ámbito de aplicación. Nocións básicas de Seguridade e Hixiene no traballo.

Tema 7 Concello de Muras: encadre territorial, poboación, parroquias, e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 8. Mantemento marxes fluviais: materiais e ferramentas a empregar.

Tema 9.- Reparación de camiños e baches en pistas: materiais e ferramentas a empregar.

ANEXO : Modelo de declaración xurada.

D./Dona con DNI, e
endereço en r/ , Municipio Código postal

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a de de 2020.

(Asinado polo/a interesado/a)

Solicitud de admisión ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal peón forestal con cargo ao programa de FOMENTO DE EMPREGO do Plan Único da Deputación de Lugo 2020 no Concello de Muras.

D./Dona con DNI, con domicilio a efectos de notificación en e teléfono nº

EXPÓN:

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para a contratación laboral temporal do posto de traballo de, acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.

2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.

3. Que se compromete, para ó caso de resultar contratado/a, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
- Relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos para valoracións na fase de concurso.
- Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega segundo o establecido na base terceira (de selo caso).

Por todo exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a de de 2020

(Asinado polo/a interesado/a)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras

Muras, 23 de decembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Requeijo Amejo.

R. 3370

Anuncio

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 EDUCADOR SOCIAL PARA O PROGRAMA DENOMINADO FOMENTO DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE LUGO CON CARGO AO PLAN UNICO 2020

1º.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da convocatoria, a selección de persoal para contratación laboral por obras e servizos, en base os criterios de publicidade de convocatoria, mérito e capacidade dos candidatos de conformidade co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 781/1986, texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

En canto a regulación das condicións do contrato estarase ó disposto no Real decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

2º.- CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

A finalidade da contratación deste persoal é a educación familiar dentro do programa de Fomento de Emprego da Excm. Deputación de Lugo con cargo ao Plan Único 2020.

As características da praza son as seguintes:

Grupo: A, Subgrupo 2

Escala: Administración Especial

Subescala: Técnica media

Número de prazas: unha

Titulación: Titulación Universitaria de Diplomado ou Grado en Educación Social.

A duración do contrato será ata o 30 setembro de 2021.

O tipo de contrato será por obra ou servizo determinado e as retribucións a percibir son as seguintes: 1.310,04 euros/brutos/mensuais.

3ª.- SISTEMA DE PROVISIÓN.

Concurso-oposición

4º.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de ter unha discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación expedida polo órgano competente.

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Os nacionais dos demais estados membro da Unión Europea ou os daqueles que teñan subscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno

non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

g) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 3 ou a súa validación. No caso de non atoparse este requisito, deberán realizar unha proba de coñecemento do idioma.

h) Estar en posesión da Titulación Universitaria de Diplomado o Grado en Educación Social ou estar en condicións de obtelo, expedido conforme á lexislación vixente. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro, se deberá estar en posesión das credenciais que acrediten súa homologación.

i) Será requisito indispensable que os aspirantes proveñan da situación de desemprego ou de mellora de emprego.

O cumprimento das referidas condicións entenderase referido a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

5ª.- SOLICITUDES.

✓ **Forma de presentación.** Os/as interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello de Muras e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 8:00 a 14:00 horas(de luns a venres) ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán remitir por fax ao Concello copia selada da mesma dentro do prazo de presentación de instancias (nº de fax:982 50.00.63). O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://muras.sedelectronica.gal>).

✓ **Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de cinco (5)días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

Xunto coa solicitude deberá aportar inescusablemente a seguinte documentación:

- b) Fotocopia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- c) Fotocopia do Título Académico.
- d) Fotocopia do Celga III ou certificado expedido polos Centros educativos correspondentes.
- e) Fotocopia de todos os documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- f) Xustificante de estar anotado na Oficina de emprego como demandante de emprego ou en mellora de emprego.
- g) Certificado de discapacidade , de ser o caso.

Nas solicitudes, tamén farase constar:

- Manifestación de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base cuarta.
- Comprometerse, para o caso de resultar contratado, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.
- Currículo de méritos que se posúan e documentación xustificativa dos mesmos, co obxecto de valorar-la súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 8. A documentación a presentar será orixinal ou compulsada e aportarase de tal xeito que poida ser valorada convenientemente polo Tribunal Cualificador.

6ª.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente ditará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación de dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde-Presidente declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do mesmo. Na dita resolución fixarase o lugar, data e realización das probas e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

7º.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES.

A hora e lugar de inicio das probas será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Muras, os anuncios relativos ao desenvolvemento de probas, data, hora e resultados posteriores publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Tendo en conta a urxencia na contratación do persoal, poderase realizar no mesmo día máis dunha proba da fase de oposición.

8º. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

1ª FASE: OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e bolígrafo de cor azul. O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercicios:

Contestación escrita a un test proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo da convocatoria. O tempo máximo de realización será de dúas horas e a puntuación máxima será de 60 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 30 puntos. O total de preguntas a formular, con tres respostas alternativas, das que unha delas será a correcta, será de 60. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

SEGUNDO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, que constara de un ou varios exercicios prácticos nos que se avaliará o coñecemento e experiencia no desempeño do posto de traballo, entre 0 e 10 puntos.

Exercicio común e obrigatorio para tódolos candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal. Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, o tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

2ª FASE.CONCURSO

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen a fase de oposición. Non terá carácter eliminatorio

Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data. Acreditaranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos convocantes. Para a xustificación da experiencia laboral, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; deberá achegarse en todo caso informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en 10 puntos e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

A. Experiencia laboral en postos semellantes ao solicitado: máximo 5 puntos.

a. 1.- Servicios prestados en entidades locais, administracións públicas, entidades, organismos públicos ou empresas dependentes, no sector privado ou como autónomo en funcións ou tarefas propias do posto que se convoca: 0,30 puntos por cada mes traballado.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

B. Cursos de formación relacionada con posto de traballo solicitado: máximo de 5 puntos.

Cursos de formación, recibidos e acreditados, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria.

Valoración dos cursos:

Por cada curso de 50 a 99 horas: 0,25 puntos.

Por cada curso de 100 a 199 horas: 0,50 puntos.

Por cada curso de 200 a 299 horas: 1 puntos.

Por cada curso de 300 a 399 horas: 1,5 puntos.

Por cada curso de 400 ou mais horas : 2 puntos.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetira a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración. Así mesmo non se valorarán, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares. A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas .

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias. O Tribunal, en ningún caso, poderá valora o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

9º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vogais e un secretario que serán designados polo Alcalde-Presidente. O secretario deberá ser funcionario de carreira.

Tódolos membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior ao esixido para o posto convocado, a súa composición tenderá a ser paritaria ente homes e mulleres.

Os membros do Tribunales deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así mesmo, poderán ser recusados polos aspirantes cando concorran causas previstas no artigo 24 da dita Lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de mais da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario, na súa ausencia o Presidente será substituído polo vocal de maior idade e o Secretario polo vocal de menor idade.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que o estimen necesario. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas.

O Tribunal terá a categoría correspondente ó establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, percibindo os seus membros e asesores pola asistencia ás sesións as contías establecidas en dito Real Decreto.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros asistentes, as dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do procedemento de selección, así como adoptar as medidas necesarias ao efecto.

10º. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. O Tribunal propondrá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación.

Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elabórase aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa o renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web. O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, dilucidarase o mesmo do seguinte xeito:

1º- maior puntuación na fase de oposición.

2ª- maior puntuación na fase de concurso.

3ª de persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

11º.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán xustificar adecuadamente no prazo máximo de tres días naturais contados a partir da publicación da resolución da convocatoria, que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

a) Fotocopia compulsada do D.N.I.

b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada da titulación esixida.

c) Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.

d) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo que se convoca, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista final establecida polo Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

12º.- BOLSA DE TRABAJO.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

13º.- ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

14º.- RECURSOS.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

TEMARIO.

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. A reforma constitucional. Dereitos e deberes fundamentais.

2. O réxime local español. A administración local na Constitución. O principio da autonomía local. A Provincia e outras Entidades Locais: Referencia á Lei de

Administración Local de Galicia con respecto a ditas entidades locais.

3. O procedemento administrativo: A iniciación do procedemento. A terminación do procedemento. A terminación convencional. A falta de resolución expresa. O réxime do silencio administrativo. O desestímulo e a renuncia. A caducidade.

4. O acto administrativo. Requisitos e eficacia dos actos administrativos. A validez do acto administrativos. Supostos de nulidade e anulabilidade.
5. Os recursos administrativos. Clases de recursos: Recurso de alzada, recurso de reposición e recurso extraordinario de revisión.
6. A potestade sancionadora: Principios da potestade sancionadora e o procedemento sancionador.
7. Organización municipal nos concellos de réxime común: Órganos necesarios. O Alcalde: competencias. Delegacións de atribucións. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local.
8. Organización municipal nos concellos de réxime común: O Pleno do Concello: Composición e funcións. Órganos complementarios: Comisións informativas e outros órganos.
9. A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e ordenanzas e bandos. Procedementos de elaboración e aprobación.
10. Persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Os instrumentos de organización persoal. Dereitos e deberes. Situacións administrativas Incompatibilidades. Réxime disciplinario.
11. O Rexistro de documentos: concepto e informatización. O rexistro de entrada e saída: o seu funcionamento nas Corporación Locais. Presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. Comunicacións, notificacións e publicación.
12. A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e bo goberno.
13. A Lei de protección de datos de carácter persoal: principios de protección de datos e dereitos das persoas.
14. O Concello de Muras. Organización municipal.
15. A Lei 13/2008, de decembro, de Servizos Sociais de Galiza.
16. A inclusión social en Galicia: regulación legal. A renda de inclusión social de Galicia (RISGA). As axudas de inclusión social. Os recursos e medidas vinculados aos itinerarios sociais e laborais da RISGA. Competencias dos concellos. Axudas de inclusión social (AIS).
17. Marco normativo na protección integral contra a violencia de xénero e para a igualdade de mulleres e homes. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.
18. Competencias e funcións do/a educador/a familiar.
19. Técnicas e instrumentos na educación familiar. Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Técnicas de entrevista en intervención familiar.
20. A atención temperá, obxectivos, modelos de intervención. Proxectos socio-educativos.
21. Avaliación dun programa de actividades. Eficacia e Eficiencia. Os indicadores.
22. Acoso escolar. Concepto. Causas. Perfil do agresor e da vítima. Malos tratos á infancia.
23. A violencia de xénero. Tipos de violencia. Efectos da violencia no ámbito familiar. Indicadores.
24. A calidade de vida das persoas maiores. A intervención socio-educativa con persoas maiores: a atención centrada na persoa. Programas, proxectos e servizos.
25. Intervención en familias que sofren violencia doméstica.
25. Intervención con familias desfavorecidas e/ou en situación de risco social. Obxectivos, áreas de intervención. Funcións do Educador nestes programas.
26. Elaboración de protocolos de actuación fronte ao COVI-19 de carácter socio-culturais: infancia e mocidade.
27. Medidas de volta a una progresiva normalidade no ámbito rural.
28. Seguimento familias-alumnado: apoio escolar, elaboración, seguimento e actividades virtuais.
29. Deseño e implantación de formación on line: novos retos no rural e no medio ambiente

ANEXO : Modelo de declaración xurada.

D./Dona con DNI, e enderezo en r/
....., Municipio Código postal

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a de de 2020.

(Asinado polo/a interesado/a)

Solicitud de admisión ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal de Educador/a Social no Concello de Muras.

D./Dona con DNI, con domicilio a efectos de notificación en e teléfono nº,

EXPÓN:

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para a contratación laboral temporal do posto de traballo de, acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.
2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.
3. Que se compromete, para ó caso de resultar contratado/a, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.
4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:
 - Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
 - Certificado de discapacidade, de ser o caso.
 - Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
 - Relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos para valoracións na fase de concurso.
 - Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega segundo o establecido na base terceira (de selo caso).

.....
.....
Por todo exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a de de 2020

(Asinado polo/a interesado/a

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras

Muras, 23 de decembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3371

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria levada a cabo o 30 de decembro de 2020 o orzamento xeral para o exercicio económico de 2021, e o cadro de persoal coa relación de postos de traballo para dito exercicio, no cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados poidan proceder o seu exame e formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o orzamento para o exercicio 2021 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Muras, 30 de decembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3388

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno desta Corporación, de data 21 de decembro de 2020, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Negueira de Muñiz, 29 de decembro de 2020.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3398

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 29/12/2020, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2020, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fixase o período de cobro en voluntaria os días 30/12/2020 e 28/02/2021, ambos inclusive. Indícase que, de conformidade co Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, os prazos para presentación de recursos correspondentes están suspendidos. Unha vez perda vixencia dita suspensión, iniciarase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa

ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 30 de decembro de 2020.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3399

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

De conformidade có disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuiz de Paz.

O nomeamento do Xuiz de Paz terá una vixencia de catro anos.

En tanto o período de vixencia do nomeamento realizado anteriormente xa finalizou, procede iniciar novamente o procedemento tendente á selección de Xuiz de Paz Sustituto.

A tal fin, ábrese o prazo de quince días naturais, a contar dende o día seguinte da finalización do estado de alarma, durante os cales calquer persoa interesada poderá presentar perante o Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura ao posto de Xuiz de Paz Sustituto, acompañada dun currículo vitae expresivo da súa traxectoria profesional e académica.

Os candidatos deberán ter a nacionalidade española, seren maiores de idade, non acadar a idade legal e xubilación forzosa e non atoparse incursos nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece a Lei.

A proposta de elección realizarase polo Alcalde e estará xustificada nos méritos académicos e profesionais alegados, e será elevada ao Pleno da Corporación para a súa aprobación por maioría absoluta.

En Outeiro de Rei, a 28 de decembro de 2020.- O ALCALDE, JOSÉ PARDO LOMBAO.

R. 3402

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución de Alcaldía de data 28 de Decembro de 2020, o Padrón que a continuación se relaciona, se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

-Taxa Padrón polo servizo de recollida domiciliaria do lixo terceiro trimestre 2020.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do Padrón se poderá interpor no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte ó do termino do período de exposición ó público do Padrón, ante a Alcaldía do Concello de O Páramo.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do Padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación daliquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

O Páramo 28 de Decembro de 2020.- O ALCALDE, José Luis López López.

R. 3389

POL

Anuncio

Aprobado definitivamente polo Pleno en sesión extraordinaria de data 17 de decembro de 2020 o texto da Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, procédese á súa publicación:

**“ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO
PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E
POLAS CANTEIRAS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sostenibilidade económica dos veciños/as.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráficos en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao que ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráficos referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 75.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, anque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediatezas das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sendo certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación das corta nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre a que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva exige inxentes gastos a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan.

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos dos mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009. Fundamento de dereito cuarto “...*toda conservación implica intrinsecamente la regulación del uso de aquello que se pretende conservar, mediante actos de tutela y defensa...las autoridades competentes para la conservación, lo son asimismo, para la vigilancia y regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, poorloque hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales*”.

Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto “...*con carácter general en principio, no son iguales, nin sirven por ello slos términos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que*

denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros (no suposto enxuciado vehículos de uso mineiro). No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los transitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte”

As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.

En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A existencia de licenza municipal para para o uso especial regulado; *licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:*

“1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general”.

- A existencia dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo1.- Obxecto e fundamento.

1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1 985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de Pol establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Uso especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras existentes no término municipal.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Artigo 2.-Actividades excluídas.

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

Podas en plantacións forestais.

Rozas e limpeza de fincas.

Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.

Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais.

Cortas para uso doméstico.

Artigo.3.- Definicións.- Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

1. Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

2. Actividade mineira: aquela que ten por obxecto a explotación dos recursos mineiros, calquera que sexa a sección das reguladas pola lexislación mineira.
3. Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).
4. Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.
5. Empresa mineira: persoa física ou xurídica que realice os labores propias da explotacións de canteiras de áridos, pizarra ,etc.

Artigo 4.- Ámbito de aplicación.- O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Pol sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira e das canteiras.- Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira, áridos ou pizarras.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira ou da canteira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telemáticamente, ou en calquera outro dos Rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas, de preservación do patrimonio arqueolóxico ou de minas.

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

- Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
- Especie de madeira obxecto da corta
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación da vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo
- Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.

Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.

- Declaración responsable segundo anexo II.

O Concello de Pol terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello requirirá á empresa madeireira/mineira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude de licenza, cando comprobe que a empresa madeireira/mineira non cumpriu coa súa obriga de presentala nas oficinas municipais, sen prexuízo da corresponde sanción derivada do incumprimento desta obriga.

Artigo 7.- Responsables.- A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, e no seu caso, da explotación de canteiras, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

Artigo 8.- Obrigas.- A empresa madeireira/mineira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira/mineira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira como dos áridos, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo. A mesma obriga atinxe ás canteiras no relativo a vertido de áridos e restos da explotación mineira.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. As mesmas prohibicións en relación co viario municipal e os seus elementos funcionais, atinxen ao vertidos e restos de áridos.

Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira/mineira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais. No suposto de áridos e/ou pizarra enténdese como depósito irregular aquel que exceda de vinte días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 1 mes a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

Artigo 9.- Requerimentos. Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder de un mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

TÍTULO II INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Art. 10.- Infraccións.- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen perxuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

A infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira/ ou de produtos mineiros unha vez fose requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.

- Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

Constitúen infraccións graves:

- Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

Art. 11.- Sancións. - As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00€
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€

A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais comezados a partir da súa entrada en vigor.

No suposto de actividades mineiras será de aplicación ao primeiro plan de labores anuais aprobado con posterioridade á entrada en vigor

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.- A Alcaldía queda facultada para e ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Segunda.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada calquera outra ordenanza anterior que poida afectar a esta materia.

ANEXO I**SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira		
Denominación		
N.I.F.		
Enderezo		
Teléfono		
Nome da persoa encargada		
Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume total da madeira a extraer (m³)		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia		
Identificacións catastrais	Polígono	Parcela
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal/áridos		
Datas previstas de inicio e remate		
Lugar onde se depositará a madeira		
Viario municipal a empregar para o transporte da madeira cortada		

En aplicación da **Ordenanza Reguladora do uso común especial do viario municipal con motivo do depósito e/ou transporte de madeira**

SOLICITA:

Licenza para o uso especial comezo de actividades forestais/mineiras nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega:

Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta.

Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar.

Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil.

Declaración responsable do bo estado das vías, ou no seu caso fotografías.

.....a ... de 202...

Anexo II**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO BO ESTADO DAS VÍAS MUNICIPAIS E DE REPOSICIÓN DE DANOS EN BENS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL****CONCELLO DE POL**

D. _____, con DNI núm. _____ e domicilio a efectos de notificación en _____, en representación da empresa _____ con CIF _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que a actividade que vai ser desenvolvida non ten impacto no patrimonio histórico-artístico.
2. Que as actuacións a desenvolver contan co permiso, autorización, comunicación ou notificación de que se trate (Consellería competente na materia). Achego copia.
3. Que se compromete á reposición dos danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobranse que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.
4. Que se compromete a manter o cumprimento da normativa mencionada durante o desenvolvemento da actividade así como a adaptarse ás modificacións legais que durante o seu desenvolvemento puideran producirse.
5. Que declaro entender ou achegar o seguinte (marcar o que proceda):
 - ☐ Que as vías municipais a utilizar atópanse en bo estado.
 - ☐ Que achego reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar someténdome a súa comprobación polos servizos municipais, e, trala súa utilización achegará, así mesmo, una reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.
6. Que se cumpre coa normativa sectorial dos medios materiais, de seguridade e saúde no traballo e de recursos humanos a empregar no desenvolvemento da actividade.
 - Pol, _____ de _____ de 20__

Asdo: _____ ”

Pol, 22 de decembro de 2020.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega,

R. 3349

Anuncio

Aprobado definitivamente polo Pleno en sesión extraordinaria de data 17 de decembro de 2020 o texto da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, procédese á súa publicación:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

3. 0,6 euros por tonelada de madeira en cada solicitude de licenza.

4. Para as canteiras(cuota anual) :

-3,6 euros metro lineal de aglomerado

-2,10 euros metro lineal de asfaltado

-1,20 euros metro lineal de zahorra

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

ARTIGO 6. EXENCIONS

Quedan exentos do pago desta taxa:

- k) Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...
- l) En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...
- m) Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:
 - Podas en plantacións forestais
 - Rozas e limpeza de fincas
 - Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
 - Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
 - Cortas para usos domésticos.
 - Actividades agrícolas e gandeiras

ARTIGO 7. DEVENO

A taxa devengarase segundo a natureza do seu feito imponible, cando se conceda a licenza por parte da administración local.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se benefician polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes conforme o seguinte procedemento:

8.1.- Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal e acompañar a documentación sinalada no artigo 5 da ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

8.2.- Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, de Medio Ambiente Forestal, do Código de circulación, e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación, o posuidor dunha licenza para a actividade descrita, virá obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos viais, ou nas interestructuras anexas, así como a retirada total dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

8.3.- Unha vez recibida a solicitude e con carácter previo á utilización dos camiños, os servizos técnicos municipais procederán a realizar un informe sobre o estado das vías a utilizar, soamente no caso de que o solicitante declare que as pistas municipais están en mal estado.

8.4.- A utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, non impedirá a utilización adecuada e sen dificultades destes polos restantes usuarios do mesmo, estando obrigados os responsables das operacións de saca de madeira a reparar os danos causados por estas operacións para o seu adecuado uso polos restantes usuarios.

8.5.- Terminada a utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, o concesionario da licenza, comunicará ao Concello a finalización dos traballos. Por parte dos Servizos Técnicos municipais emitirase informe sobre os danos que, no seu caso, producíronse nos camiños afectados polas operacións de saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga. O dito informe técnico emitirase soamente no caso de que se producisen danos nos camiños públicos, e que foran apreciados por operarios municipais aos que se lles encomende tal función.

Á vista do informe técnico, poñeranse en coñecemento do titular da licenza as reparacións que, no seu caso, deberán efectuarse no prazo máximo de 1 mes. Transcorrido o citado prazo sen que efectuasen as reparacións requiridas, o Concello procederá á súa execución subsidiaria á conta do obrigado, repercutindo contra este o importe da reparación dos danos causados.

8.6.- O aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga dentro do Concello de Pol, sen a preceptiva licenza municipal será obxecto dun expediente sancionador.

8.7.- A validez da licenza quedará condicionada ao pago da taxa.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral

Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en adiante.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 17 de decembro de 2020, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir de 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.”

Pol a 22 de decembro de 2020.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3350

PORTOMARÍN

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da “ORDENANZA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR, SINALIZACIÓN E ROTULACIÓN NO CONCELLO DE PORTOMARIN”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 29 de outubro de 2020 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 255 do 06 de novembro de 2020, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

“ORDENANZA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR, SINALIZACIÓN E ROTULACIÓN NO CONCELLO DE PORTOMARIN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS.

CAPÍTULO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN, DEFINICIÓNS E PROHIBICIÓNS.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

Artigo 2.- Instalación publicitaria.

Artigo 3.- Espazo da instalación.

Artigo 4.- Planta baixa.

Artigo 5.- Medios de expresión publicitaria non autorizados.

CAPÍTULO 2. TITULARIDADE.

Artigo 7.- Titulares.

Artigo 8.- Responsabilidades.

TÍTULO PRIMEIRO. MODALIDADES DAS INSTALACIÓNS PUBLICITARIAS E OS SEUS EMPRAZAMENTOS.

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 9.- Normas xerais.

Artigo 10.- Publicidade en áreas ou inmobles protexidos.

CAPÍTULO 2. CATEGORÍAS E MODALIDADES DOS ELEMENTOS PUBLICITARIOS.

Artigo 11.- Categorías.

CAPÍTULO 3. EMPRAZAMENTO.

Artigo 12.-Emprazamentos.

TÍTULO SEGUNDO. CARACTERÍSTICAS DOS ELEMENTOS PUBLICITARIOS.**CAPÍTULO 1. COLGADURAS EVENTUAIS E OUTROS SOPORTES NON RÍXIDOS.**

Artigo 13.-Definición.

Artigo 14.-Localización.

Artigo 15.-Características materiais.

CAPÍTULO 2. RÓTULOS DE NEGOCIOS INMOBILIARIOS E OBRAS EN CONSTRUCCIÓN.

Artigo 16.- Definición.

Artigo 17.- Características de rótulos de negocios inmobiliarios.

Artigo 18.-Rótulos de obra.

Artigo 19.- Lonas sobre andamiaxes en edificios en obras.

CAPÍTULO 3. CARTEIS EN MOBILIARIO URBANO. ANUNCIOS PUBLICITARIOS.

Artigo 20.-Definición.

Artigo 21.-Condicións xerais.

CAPÍTULO 4. RÓTULOS EN BANDEIROLA RÍXIDOS OU FLEXIBLES.

Artigo 22.-Definición.

Artigo 23.-Localización.

Artigo 24.-Características materiais dos rótulos en bandeirola ríxidos na contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

Artigo 25.- Características materiais dos rótulos en bandeirola ríxidos fora da contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

Artigo 26.- Características materiais dos rótulos en bandeirola flexibles.

Artigo 27.-Publicidade de marcas comerciais.

CAPÍTULO 5. RÓTULOS DE ESTABLECEMENTOS ARRIMADOS Á FACHADA.

Artigo 28.-Definición.

Artigo 29.- Localización de rótulos no ámbito da contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

CAPÍTULO 6. RÓTULOS EN TOLDOS

Artigo 30.-Definición.

Artigo 31.-Características xerais dos toldos.

Artigo 32.-Localización da mensaxe publicitaria.

CAPÍTULO 7. PLACAS DE IDENTIFICACIÓN

Artigo 33.-Definición.

Artigo 34.-Localización e disposición.

Artigo 35.-Características xerais.

Artigo 36.-Características materiais.

CAPÍTULO 8. MONÓLITOS INSTITUCIONAIS, FITOS COMERCIAIS E POSTES DE PUBLICIDADE.

Artigo 37.- Características xerais dos monólitos institucionais e fitos comerciais.

Artigo 38.- Postes de publicidade.

CAPÍTULO 9. RÓTULOS DE PUBLICIDADE EN COROACIÓN DE EDIFICIOS.

Artigo 39.- Ámbito de aplicación.

TÍTULO III. TITULO HABILITANTE MUNICIPAL**CAPÍTULO 1. RÉXIME XURÍDICO**

Artigo 40.- Réxime xurídico.

Artigo 41.- Actos suxeitos a comunicación previa.

CAPÍTULO 2. PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DA COMUNICACIÓN.

Artigo 42.-Tramitación.

CAPÍTULO 3. VIXENCIA DAS COMUNICACIÓN.

Artigo 43.- Contido do título.

Artigo 44.- Prazo.

Artigo 45.-Prazo de execución.

Artigo 46.-Retirada da instalación.

CAPÍTULO 4. TRANSMISIBILIDADE DAS COMUNICACIÓNS

Artigo 47.- Transmisibilidade das comunicacións.

TÍTULO IV. MEDIDAS DISCIPLINARIAS**CAPÍTULO 1. INFRACCIÓN**

Artigo 48.-Definición.

Artigo 49.-Responsables.

Artigo 50.-Sancións.

Artigo 51.-Tipo de infraccións.

Artigo 52.- Atenuantes da responsabilidade.

Artigo 53.- Agravantes da responsabilidade.

Artigo 54.-Prescripción das infraccións.

CAPÍTULO 2. REGLAS PARA DETERMINAR A CONTÍA DAS SANCIÓN.

Artigo 55. – Contía das sancións.

Artigo 56. – Sancións a varios responsables.

Artigo 57. – Existencia de beneficio económico.

Artigo 58.-Prescripción das sancións.

Artigo 59.- Recoñecemento de responsabilidade polo infractor.

CAPÍTULO 3. PERDA DE EFICACIA, REVOGACIÓN E NULIDADE DO TITULO HABILITANTE MUNICIPAL.

Artigo 60. – Revogación ou anulación do título habilitante.

CAPÍTULO 4. PROTECCIÓN DA LEGALIDADE.

Artigo 61. – Instalacións executadas sen titulo habilitante ou sen axustarse ao mesmo.

Artigo 62. – Ordes de retirada.

CAPÍTULO 5. ACCIÓN SUSTITUTORIA.

Artigo 63.-Execución.

Artigo 64.- Elementos retirados.

Artigo 65. – Instalacións sen licenza sobre solo público.

Artigo 66. – Gastos da acción sustitutoria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA**DISPOSICIÓN FINAL****ANEXO I: Modelo de comunicación previa e autoliquidación de taxas****ANEXO II: Modelo de cartel de obras****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

O obxecto da presente ordenanza é a regulación do lexítimo exercicio da actividade publicitaria visible desde os espazos públicos de modo que esta se desenvolva dentro do respecto e mellora dos valores da paisaxe urbana, do medioambiente, do patrimonio histórico-artístico e natural, en suma, da imaxe do Concello de Portomarin.

A vila de Portomarin é un núcleo teoricamente moderno (50 anos de antigüidade aproximadamente) pero ambientada o máis posible na tradición e reforma de vivir da rexión, no cal o proxecto executado por D. Pons Sorolla a parte das edificacións trasladadas distinguía tan só 8 tipos de vivendas compostas de baixo máis dúas plantas e numerosos parques, xardíns e zonas verdes por algo lle chaman a "VILAXARDÍN, sendo polo tanto un deseño de pobo dentro do que cabe moi sinxelo, na nova implantación da vila a vinculación co río Miño sigue moi presente establecéndose un contacto visual directo co mesmo. O trazado do novo poboado presentará unha trama uniforme tanto en planta como en alzado, correspondendo cun tipo de asentamento reticular centrípeto. Trazado tendo en conta os monumentos trasladados, dun modo individual como peza clave dos espazo, e como elemento dun conxunto de vila. A composición centrarase nun núcleo neuráxico, a Praza Maior, con disposición Central nela emprazaranse os elementos trasladados de maior importancia. A Igrexa de San Xoán presidirá o conxunto e en función dela disporase os restantes inmobles, dende a Praza, ao Sur da fortaleza, trázase un eixo cuxa perspectiva dirixese ao conxunto urbana composto pola Igrexa de San Pedro, o Pazo de Berbetoros (edificacións tamén trasladadas) e o parque de Antonio Sanz Valdés (unha das numerosas zonas verdes do noso pobo). Un elemento importante na arquitectura da vila como elemento de homoxeneización do conxunto é o soportal, onde as fachadas das rúas principais péchanse con edificacións con soportais adintelados ou de trazado curvo, que albergan a entrada aos comercios mais destacados do lugar, as vivendas máis acomodadas e os edificios de transcendencia civil.

A propia evolución da vila, da concepción social da actividade publicitaria e dos costumes dos cidadáns esixe á administración municipal unha actitude receptiva coas tendencias actuais e a adopción de medidas protectoras para unhas zonas vangardistas e innovadoras noutras.

Esta Ordenanza ocúpase non só de regular as instalacións publicitarias visibles desde a vía pública senón de establecer ademais, como obxectivo prioritario, a compatibilización desta actividade coa protección e mellora dos valores da paisaxe urbana e a imaxe dos núcleos rurais do concello, da vila de Portomarin e sobre todo do Camiño de Santiago protexendo, conservando e fomentando os valores artísticos, históricos, arqueolóxicos e culturais do patrimonio arquitectónico dos pobos e da vila e os seus elementos naturais ou urbanos de interese.

A Ordenanza establece limitacións para evitar a proliferación indiscriminada de instalacións publicitarias, controlando o seu número e unificando criterios mediante normalización e clasificación tipolóxica.

En definitiva, a presente Ordenanza pretende regular a actividade publicitaria visible desde a vía pública, de forma coherente e actualizada e o mesmo tempo non desvirtuar o deseño de pobo realizado por Pons Sorolla mantendo a sobriedade e trazas sinxelas no deseño da actividade publicitaria, coa necesaria seguridade xurídica e preservando a imaxe da vila de Portomarin os seus núcleos e a traza do camiño de Santiago.

A Ordenanza estrutúrase en cinco títulos, con sesenta e seis artigos, unha disposición transitoria e unha disposición final. O título preliminar dedícase a disposicións xerais e nel régúlese o ámbito de aplicación da ordenanza e os titulares do título habilitante municipal; o título primeiro refírese ás modalidades de instalacións publicitarias e os seus emprazamentos; o título segundo regula as características dos elementos publicitarios; o título terceiro refírese ao réxime do título habilitante municipal e, finalmente, o título cuarto regula o réxime disciplinario.

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS.**CAPÍTULO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN, DEFINICIÓNS E PROHIBICIÓNS.****Artigo 1.- Ámbito de aplicación.**

1. A presente Ordenanza ten por obxecto regular as condicións ás que haberán de someterse as instalacións e actividades de publicidade exterior co fin primordial de compatibilizar esta actividade coa protección, o mantemento e a mellora dos valores da paisaxe urbana.

2. Queda sometida ás normas desta Ordenanza toda rotulación ou actividade publicitaria que utilice como vehículo transmisor da mensaxe os medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención de cantas persoas atópense en espazos abertos, transiten pola vía pública, permanezan ou discorran en lugares ou ámbitos de utilización común.

3. Non están suxeitos a esta Ordenanza as actividades que carezan de natureza publicitaria de conformidade co disposto no artigo 2 da lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade, cando se efectúen en vía pública por entidades sen ánimo de lucro, partidos políticos e outras entidades veciñais e asociativas para informar, difundir e promover os seus actos propios de carácter social, político, cultural, de participación cidadá, de fomento de valores cívicos e condutas humanitarias, de concienciación e sensibilización social e similares.

Queda igualmente fora do ámbito da ordenanza a repartición de prensa gratuíta. As actividades realizadas durante as campañas electorais axustaranse ás disposicións previstas en materia electoral.

A sinalización de edificios e dotacións, na vía pública, realizada por empresas concesionarias en cumprimento das súas obrigacións, non é obxecto de regulación por esta Ordenanza.

Quedan fóra do ámbito de aplicación desta ordenanza as instalacións de carácter efémero como consecuencia de festas, actuacións ou eventos deportivos.

Artigo 2.- Instalación publicitaria.

Considérase «instalación publicitaria» a efecto desta Ordenanza, á portadora das mensaxes ou comunicacións e que está constituída polo conxunto de todos os elementos de sustentación, de soporte da mensaxe, da propia mensaxe, decorativos, de iluminación e calquera outro que forme parte da mesma.

Artigo 3.- Espazo da instalación.

Considérase «espazo da instalación» a efecto desta Ordenanza, ao chan, edificio, caixón de obra, estada, cerramento, toldo ou calquera outro elemento permanente ou non no tempo, con destino ou función propia, que ademais serve de base á instalación publicitaria; debendo estes contar coa pertinente autorización administrativa.

Artigo 4.- Planta baixa.

Considérase «planta baixa» a efecto desta Ordenanza, a parte de superficie da fachada que teña esta denominación, de acordo coas Normas Urbanísticas existentes. As fachadas das plantas soterradas que a causa do desnivel das vías públicas ou do terreo, poidan quedar ao descuberto, ou as fachadas semisoterradas construídas, someteranse nesta materia ás mesmas disposicións que as da planta baixa.

Artigo 5.- Medios de expresión publicitaria non autorizados.

1.- Prohíbese expresamente:

a) A fixación de publicidade ou propaganda mediante carteis, adhesivos, etiquetas e outros procedementos similares e a realización de inscricións e debuxos con motivos publicitarios sobre paramentos de edificios e instalacións, pavimentos, muros, monumentos, obras públicas, elementos de mobiliario urbano, iluminación, rexistros de instalacións ou calquera outro servizo público.

b) A colocación de carteis indicativos ou de sinalización direccional con mención de marcas, distintivos, logotipos, nomes comerciais ou de establecementos, produtos, promocións, etc. en vía pública e a utilización dos sinais de circulación, dos báculos e columnas de iluminación pública e dos rótulos viarios con esta finalidade así como en paramentos de edificios e instalacións, pavimentos, muros, monumentos, obras públicas, elementos de mobiliario urbano, iluminación, rexistros de instalacións ou calquera outro servizo público.

c) A colocación de carteis indicativos ou de sinalización direccional con mención de marcas, distintivos, logotipos, nomes comerciais ou de establecementos, produtos, promocións, etc. en terreos de propiedade privada.

d) A publicidade situada en máquinas expendedoras que non poidan quedar ocultas ao peche do local.

e) A publicidade en antucas, parasoles ou mobiliario de terrazas salvo o nome do establecemento.

2.- **Prohíbese a publicidade en calquera tipo de vehículo ou remolque**, en circulación ou estacionado, excepto a que se realice nos vehículos destinados ao transporte público de viaxeiros. Naqueles vehículos que pertencen a actividades económicas poderá figurar un elemento de identificación, nome e/ou logotipo da razón social da empresa ou do seu titular ou da marca comercial do produto, sen mención de promocións de produtos e servizos. A instalación de publicidade en vehículos auto-taxis regularase pola súa normativa municipal específica.

3.- A utilización de medios publicitarios sonoros está **expresamente prohibida** dentro do ámbito xeral desta Ordenanza, rexéndose o seu réxime disciplinario e sancionador pola normativa específica de protección do medio ambiente urbano fronte á contaminación acústica.

4.- Poderase dispoñer a retirada inmediata de forma cautelar da publicidade que vulnere os principios establecidos no artigo 3 da lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade modificado pola Lei 29/2009, de 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, con independencia dos procedementos sancionadores e restantes actuacións que tramiten os órganos competentes en materia de publicidade.

CAPÍTULO 2. TITULARIDADE.

Artigo 7.- Titulares.

Serán titulares do título municipal habilitante correspondente:

a) As persoas físicas ou xurídicas que realicen directamente as actividades comerciais, industriais ou de servizo a que se refiran os elementos publicitarios.

- b) Aquelas persoas físicas ou xurídicas que de forma habitual e profesional dedíquense á actividade publicitaria.
- c) Aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarios ou posuidores do espazo ou elemento en que se atopan situadas as instalacións publicitarias.

Artigo 8.- Responsabilidades.

A titularidade do título municipal habilitante comporta:

- a) A imputación das responsabilidades de todo orde que se deriven das instalacións publicitarias correspondentes.
- b) A obrigaón do pago dos impostos, prezos públicos e calquera outras cargas fiscais que graven as instalacións publicitarias.
- c) O deber de conservar e manter as instalacións publicitarias en perfectas condicións de ornato e seguridade.
- d) Na execución e montaxe das instalacións adoptaranse cantas medidas de precaución foren necesarias ao obxecto de evitar riscos, de acordo co establecido nas normas de hixiene e seguridade no traballo que foren de aplicación.

TÍTULO PRIMEIRO. MODALIDADES DAS INSTALACIÓNS PUBLICITARIAS E OS SEUS EMPRAZAMENTOS.

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 9.- Normas xerais.

As instalacións publicitarias e os seus emprazamentos deberán cumprir, en función da súa modalidade, as determinacións que a continuación se regulan.

Declararase a ineficacia de calquera comunicación no que as actuacións propostas produzan distorsións prexudiciais para o edificio soporte, a paisaxe urbana ou natural, excepción feita das provisionais que utilicen lonas ou calquera outro elemento que haxan de ser colocados con motivo das operacións de restauración de fachadas, as cales se axustarán ás condicións establecidas nesta Ordenanza. En calquera comunicación previa suxeita a esta Ordenanza poderase impoñer o uso de materiais, técnicas ou deseños específicos se se considera necesario para lograr a debida integración no ambiente urbano.

Igualmente, declararase a ineficacia da correspondente comunicación cando coa instalación proposta se dane ou comprometa o paso peonil, a visibilidade do tráfico rodado ou dos viandantes.

Artigo 10.- Publicidade en áreas ou inmobles protexidos.

Toda actuación que afecte a elementos catalogados ou áreas declaradas de interese histórico, artístico, deberá poñer especial énfase para a súa integración no ambiente urbano, a súa correcta harmonización coa contorna e a ausencia de interferencias na contemplación do ben protexido, tendo en conta o exposto no artigo 19 da Lei de Patrimonio Histórico Español.

Terase especial atención no respecto aos valores paisaxísticos, así como o mantemento das liñas compositivas dos edificios sen que poida chegar a ocultar os seus elementos decorativos e ornamentais.

De maneira xeral, prohibese a publicidade nos monumentos declarados de Interese Cultural e as súas contornas de protección, nos que só se permitirá a rotulación considerada non publicitaria.

Coa finalidade de garantir a conservación dos valores culturais dos bens e as manifestacións do patrimonio cultural, as intervencións en bens protexidos polo seu valor cultural, así como as intervencións no seu contorno de protección, son sometidas, en xeral, á súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural previa a obtención do título municipal. Ese requisito é independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previa á execución das intervencións.

CAPÍTULO 2. CATEGORÍAS E MODALIDADES DOS ELEMENTOS PUBLICITARIOS.

Artigo 11.-Categorías.

Establécense as seguintes categorías:

Instalacións provisionais: Son aquelas que se refiren a acontecementos que suceden nun espazo delimitado de tempo. Así mesmo, os rótulos que se colocan en obras en curso de execución co fin de mostrar a obra, os seus executores, importe, e no seu caso características principais. Tamén se incluírán neste apartado os carteis anunciadores a acontecementos importantes que leven a cabo na vila.

Instalacións estables: Son aquelas que teñen carácter de permanencia, en sentido de manterse sen perigo de cambiar, caer ou desaparecer.

b.1) Instalacións publicitarias: Corresponde cos carteis ou rótulos anunciadores de actividades con finalidade publicitaria. Neste nivel existen múltiples tipos e corresponden cos que se sitúan nos distintos elementos de mobiliario urbano, distinguindo entre:

- Os de carácter público.

–Os de carácter privado.

b.2) Instalacións non publicitarias: Correspondente aos rótulos que sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou o exercicio da actividade mercantil, industrial, profesional, e que non teñan finalidade estritamente publicitaria.

Rótulos móbiles: Por último convén apuntar as instalacións publicitarias que aparecen en soportes móbiles durante o horario comercial, e que se colocan habitualmente en espazos públicos, prazas e beirarrúas, retirándose nas horas de descanso, en actividades relacionadas co turismo, e que poden supoñer unha grande agresión e/ou impacto visual negativo.

CAPÍTULO 3. EMPRAZAMENTO.

Artigo 12.–Emprazamentos.

As diferentes modalidades de instalacións publicitarias referidas con anterioridade, estarán permitidas de acordo ao seu lugar de localización segundo o seguinte criterio:

- **Provisionais:** En todo o ámbito de aplicación da Ordenanza.
- **Estables publicitarios:** Prohíbese a publicidade nos monumentos declarados de interese cultural e as súas contornas de protección, ámbitos nos que só se permitirá a rotulación considerada non publicitaria.
- **Estables non publicitarios:** En todo o ámbito de aplicación da ordenanza, e de acordo coas condicións expresada na Lei do Patrimonio referidas aos Bens de Interese Cultural e contornas de protección.
- **Móbiles:** Prohíbese a súa instalación en espazos públicos en todo o ámbito de aplicación.

TÍTULO SEGUNDO. CARACTERÍSTICAS DOS ELEMENTOS PUBLICITARIOS.

CAPÍTULO 1. COLGADURAS EVENTUAIS E OUTROS SOPORTES NON RÍXIDOS.

Artigo 13.–Definición.

Son instalacións publicitarias referidas exclusivamente a eventos ou actos importantes que se desenvolven na vila.

Artigo 14.–Localización.

Estes elementos só poderán instalarse nos seguintes lugares e coas condicións que se especifican:

Só serán autorizables incluídas nos ocos arquitectónicos das fachadas ou sobre as superficies planas cegas de fachadas que non tapen elementos ornamentais de edificios públicos tales como museos, bibliotecas ou análogos, con independencia do seu nivel de catalogación, que poderán publicitar as súas exhibicións ou actividades temporais mediante a instalación de soportes non ríxidos, como bandeirolas, paralelas a fachada, executadas en tea ou materiais análogos. Para a concesión dos mesmos esixirase documentación gráfica específica adaptada ao edificio e á súa contorna.

Situaranse dentro do límite material da fachada do edificio, non poderán ocupar máis da décima parte da fachada e cunha superficie máxima de 3,00 metros cadrados, respectando a composición e imaxe da mesma e debendo recuarse un metro das leiras lindeiras. Non se permitirán instalacións perpendiculares a fachada. Non se permite saínte ou voo desde o plano de fachada.

Poderase variar esta dimensión para proxectos de carácter singular e previa presentación de proxecto técnico correspondente.

Artigo 15.–Características materiais.

Realizaranse en instalacións de carácter efémero, sobre teas, lonas ou similares, mesmo sobre plásticos non ríxidos, sempre que sexan con textura mate (non brillante).

A forma deberá ser rectangular, adaptándose ao linguaxe arquitectónico do edificio, sen tapar elementos ornamentais como cornixas ou impostas.

Queda prohibida a utilización desta modalidade de instalacións coa finalidade principal de exhibición de publicidade comercial.

Os patrocinadores dos actos publicitados, terán reservado unha área máxima do 25 por 100 da superficie total da colgadura, que se dispoñerá na franxa inferior da mesma.

CAPÍTULO 2. RÓTULOS DE NEGOCIOS INMOBILIARIOS E OBRAS EN CONSTRUCCIÓN.

Artigo 16.– Definición.

Son instalacións publicitarias cuxa finalidade é indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas que teñan título legal suficiente sobre as mesmas ou dar a coñecer a clase de obra de que se trata, os seus executores, etc.

Non poderán sobresaír do plano do valo ou andamiaxe autorizado na licenza e rexeranse polas especificacións da ficha técnica correspondente.

Artigo 17.- Características de rótulos de negocios inmobiliarios.

A publicidade de promoción inmobiliaria e de venda de edificios poderase realizar mediante un único cartel de dimensión máxima de 100 por 100 centímetros máximo.

Realizarase en materiais non ríxidos, como lonas, teas, fibras ou plásticos mate. A mensaxe só poderá consistir na información relativa ao logotipo da axencia, o teléfono de contacto e o obxecto do anuncio.

Situaranse nos ocos arquitectónicos do local ou edificio en cuestión.

Os sistemas de fixación de carteis con adhesivos permitirán a fácil retirada, sen deixar restos adheridos á fachada nin deteriorala, evitándose a imprimación de colas directamente sobre o paramento.

Artigo 18.-Rótulos de obra.

En toda obra de construción, edificación ou urbanización, será preceptiva a colocación dun rótulo con dimensións e características descritas nas fichas anexas, será visible desde a vía pública e no mesmo incluírase o número e a data da licenza urbanística, orde de execución ou título habilitante municipal (excepto obras públicas), do acordo de aprobación do correspondente proxecto, así como os datos referentes ao promotor, técnicos, contrata e subcontrata se as houbese, en obras públicas poderase incluír o importe do investimento.

Serán instalacións publicitarias ríxidas e duradeiras, non deteriorables durante o prazo de execución das obras.

En caso de apoiarse á fachada, a forma deberá ser rectangular, adaptándose á linguaxe arquitectónica do edificio, sen tapar elementos ornamentais como cornixas ou impostas.

As súas dimensións serán as indicadas no anexo I.

Non se poderán dispoñer de forma perpendicular á fachada.

En casos de derribo de fachada, ou de realización de obras en soares ou espazos urbanos, tales como rúas, prazas, parques e xardíns, permitirase a instalación de soportes exentos a fachada.

En caso de situarse diante da fachada ou solar a forma deberá ser rectangular, fixada sobre dous soportes, sendo as dimensións máximas autorizables de 150 centímetros.

Situaranse de maneira que non se entorpeza o paso de peóns nin de vehículos, e non obstaculicen vistas.

Retiraranse inmediatamente finalizada a obra, é dicir á firma do acta de recepción de obra ou ao outorgar o final de obra.

Artigo 19.- Lonas sobre andamiaxes en edificios en obras.

As lonas que cobren os andamiaxes de edificios en construción ou reforma poderán contar con publicidade. Neste caso deberán solicitar previamente o título habilitante municipal e abonar as pertinentes taxas.

No ámbito da contorna de protección do Camiño de Santiago e/ou monumentos catalogados esta publicidade deberá contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

CAPÍTULO 3. CARTEIS EN MOBILIARIO URBANO. ANUNCIOS PUBLICITARIOS.

Artigo 20.-Definición.

É a instalación publicitaria na que a mensaxe se desenvolve mediante sistemas de reprodución gráfica sobre papel ou outros materiais de escasa consistencia e curta duración, e que require para a súa exhibición un elemento de apoio material.

Esta modalidade publicitaria só se autorizará no mobiliario urbano que admita superficie destinada a esta finalidade, tales como: marquesiñas de protección das paradas de autobuses, cabinas telefónicas, paneis de información e calquera outro elemento similar aos anteriores ou naqueles elementos especialmente deseñados para iso.

As pantallas de publicidade fixa ou as de publicidade variable, que son as instalacións publicitarias nas cales a mensaxe variable realízase por medios mecánicos ou electrónicos, poderanse instalar nos espazos públicos fixados polo Concello.

Artigo 21.-Condicións xerais.

1.- A instalación de carteis publicitarios no mobiliario urbano de servizo público, como marquesiñas de autobuses, cabinas telefónicas ou báculos de iluminación pública, autorizarase mediante o preceptivo título habilitante municipal.

2.- A actividade publicitaria nas pantallas de publicidade fixa ou variable situadas na vía pública só se poderá autorizar mediante concesión administrativa suxeita aos pregos de condicións, excepto no mobiliario urbano de servizo público, como marquesiñas de autobuses, cabinas telefónicas ou báculos de iluminación pública, que se poderá autorizar mediante título habilitante municipal.

3.- Os pregos de condicións determinarán, ademais do deseño, dimensións, características, lugares de instalación e outras condicións que en cada caso procedan, as porcentaxes de reserva de espazo ou de tempo que terán que quedar a disposición do Concello para os avisos ou anuncios de publicidade institucional que considere convenientes.

CAPÍTULO 4. RÓTULOS EN BANDEIROLA RÍXIDOS OU FLEXIBLES.


Artigo 22.-Definición.

Enténdese por bandeirola os anuncios do establecemento perpendiculares ao plano de fachada.


Poderán ser autorizados polo Concello previa solicitude acompañada de deseño que indique dimensión, forma, cor, material e sistema de ancoraxe.

Artigo 23.-Localización.

Só poderán colocarse a unha altura mínima sobre rasante oficial de 2,70 metros, cun saínte máximo de 80 cms. e a súa dimensión vertical máxima será de 100 cms. (Gráfico nº1)



No interior dos soportais queda **totalmente prohibido** a instalación de rótulos en bandeirola.



En rúas de ancho menor de 5 metros, ou en ausencia de beirarrúas **prohibiranse en absoluto**, salvo que devandito viario teña carácter peonil.

Poderán situarse en plantas altas ou na cuberta de edificios de propiedade única ou destinados a un único uso (hoteis, naves, edificios comerciais, etc....).

Artigo 24.-Características materiais dos rótulos en bandeirola rixidos na contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

En caso de incluír unha placa para a colocación do rótulo ou outro elemento gráfico, esta poderá ser metálica, de metacrilato esmaltado ou lacado en cor negro forxa sendo as letras, logotipo ou outra inscrición autorizable en cor branco. (Gráfico nº1)

Prohíbense expresamente os rótulos en bandeirola de plástico e os luminosos.

Os rótulos en bandeirola tampouco poderán ser iluminados con focos exteriores.

Os rótulos en bandeirola neste ámbito terán un deseño e cores coidados, buscándose a súa integración na contorna e a súa calidade, a cal contará coa correspondente autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Artigo 25.- Características materiais dos rótulos en bandeirola rixidos fora da contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

Poderán ser fabricados nos materiais citados no artigo anterior, podendo contar con iluminación interna ou con focos exteriores. (Gráfico nº1)

A iluminación nestes casos poderá contar con efectos de luz, movemento ou intermitencias.

Artigo 26.- Características materiais dos rótulos en bandeirola flexibles.

Poderanse instalar rótulos en bandeirola realizados en lonas e materiais téxtiles que se axusten ás características do artigo 23 e suxeitados á fachada do establecemento tanto pola súa banda superior como pola súa banda inferior.

O deseño e cores desta clase de rótulos en bandeirola flexible no ámbito da contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados buscarán a calidade e a súa integración a contorna, o cal contará coa correspondente autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

No ámbito da contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados os soportes metálicos destes rótulos serán en bronce, latón ou ferro. Fóra destes ámbitos estes rótulos poderán ser tamén de teas plastificadas e os seus soportes poderán ser doutros materiais.

Artigo 27.-Publicidade de marcas comerciais.

Queda prohibida a utilización desta modalidade de instalacións como soportes publicitarios exclusivos das marcas comerciais, é dicir, cando a superficie ocupada polo logotipo ou marca comercial pase o 25 por 100 da superficie dispoñible total do rótulo en bandeirola.

CAPÍTULO 5. RÓTULOS DE ESTABLECEMENTOS ARRIMADOS Á FACHADA.

Artigo 28.-Definición.


É aquela instalación non publicitaria alusiva á actividade e denominación do establecemento alí situado, razón social así como delegación ou servizo oficial que represente e que se sitúa arrimado ou paralelo á fachada do establecemento.


Artigo 29.- Localización de rótulos no ámbito da contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

a) Rótulos na rúa Compostela.

Autorízanse:


- Rótulos de locais comerciais en planta baixa arrimados a machón cego perpendicular a fachada do establecemento ocupando unha superficie máxima do 75 % da total, segundo se mostra no exemplo nº 2 e 3.






- Rótulos en espazos cegos entre ocos en planta baixa e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas laterais libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,10 metros e a liña horizontal coincidente co arrinque do lintel superior dos vanos, e 1,50 metros a beirarrúa, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm. Exemplo nº4.
 - Rótulos localizados en planta baixa sobre ou baixo o lintel do oco da porta ou fiestras do establecemento e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas superior e inferior libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,20 metros, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm. Exemplo nº4.
- Cando nun mesmo edificio se atopen localizados varios locais comerciais interiores, os seus rótulos respectivos deberán instalarse de maneira conxunta, en un só soporte no espazo cego entre ocos en planta

baixa e/ou machón cego perpendicular a fachada, debendo cumprir as normas e proporcións especificadas anteriormente. A tipoloxía das letras e logotipo poderán ser diferentes para cada local, inda que deberá procurarse que sexan de proporcións e materiais compatibles entre si.




Non se autorizan:

- Rótulos localizados en planta diferente a planta baixa do establecemento. Exemplo nº5.



- Rótulos de locais comerciais en planta baixa arrimados/colgados do teito dos soportais perpendicular a fachada do establecemento, segundo se mostra no exemplo nº6.



Materiais permitidos.- Os rótulos comerciais poderán ser dos seguintes materiais: metálico esmaltado ou lacado en cor negra forxa, de metacrilato esmaltado ou lacado en cor negra forxa sendo as letras, logotipo ou outra inscrición autorizable en cor branca, tamén poderán ser letras soltas pintadas sobre a fachada, letras soltas de platina de ferro forxado colocadas sobre vidro ou sobre a fachada, ou outras solucións acordes coa contorna, sempre e cando coa correspondente autorización da dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tanto o material como o deseño será acorde co edificio e a contorna inmediata, prohibíndose explicitamente outros materiais plásticos, o aceiro inoxidable, o aluminio ou acabados metalizados brillantes.

Non poderán ter iluminación externa ou con focos exteriores. Os escaparates tampouco poderán ter lámpadas fluorescentes de cor.

b) Rótulos na praza do Camiño.

Autorízanse:

- Rótulos localizados en planta baixa sobre ou baixo o lintel do oco da porta ou fiestras do establecemento e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas superior e inferior libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,20 metros, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm. Exemplo nº4.

- Rótulos en espazos cegos entre ocos en planta baixa e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas laterais libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,10 metros e a liña horizontal coincidente co arrinque do lintel superior dos vanos, e 1,50 metros a beirarrúa, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm, mostrase un exemplo no Exemplo nº4.

Cando nun mesmo edificio se atopen localizados varios locais comerciais interiores, os seus rótulos respectivos deberán instalarse de maneira conxunta, en un só soporte no espazo cego entre ocos en planta baixa e/ou machón cego perpendicular a fachada, debendo cumprir as normas e proporcións especificadas anteriormente. A tipoloxía das letras e logotipo poderán ser diferentes para cada local, inda que deberá procurarse que sexan de proporcións e materiais compatíbeis entre si.

Non se autorizan:

- Rótulos localizados en planta diferente a planta baixa do establecemento. Exemplo nº5.
- Rótulos de locais comerciais en planta baixa arrimados/colgados do teito dos soportais perpendicular a fachada do establecemento, segundo se mostra no exemplo nº6.

Materiais permitidos.- Os rótulos comerciais poderán ser dos seguintes materiais: metálico esmaltado ou lacado en cor negro forxa, de metacrilato esmaltado ou lacado en cor negro forxa sendo as letras, logotipo ou outra inscrición autorizable en cor branco, tamén poderán ser letras soltas pintadas sobre a fachada, letras soltas de platina de ferro forxado colocadas sobre vidro ou sobre a fachada, ou outras solucións acordes coa contorna, sempre e cando coa correspondente autorización da dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tanto o material como o deseño será acorde co edificio e a contorna inmediata, prohibíndose explicitamente outros materiais plásticos, o aceiro inoxidable, o aluminio ou acabados metalizados brillantes.

Non poderán ter iluminación externa ou con focos exteriores. Os escaparates tampouco poderán ter lámpadas fluorescentes de cor.

c) Rótulos na Rúa Fraga Iribarne (zona de soportais).

Autorízanse:

- Rótulos de locais comerciais en planta baixa arrimados a machón cego perpendicular a fachada do establecemento ocupando unha superficie máxima do 75 % da total, segundo se mostra no exemplo nº 2 e 3.

- Rótulos en espazos cegos entre ocos en planta baixa e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas laterais libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,10 metros e a liña horizontal coincidente co arrinque do lintel superior dos vanos, e 1,50 metros a beirarrúa, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm. Exemplo nº4.

- Rótulos localizados en planta baixa sobre ou baixo o lintel do oco da porta ou fiestras do establecemento e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas superior e inferior libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,20 metros, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm. Exemplo nº4.

Cando nun mesmo edificio se atopen localizados varios locais comerciais interiores, os seus rótulos respectivos deberán instalarse de maneira conxunta, en un só soporte no espazo cego entre ocos en planta baixa e/ou machón cego perpendicular a fachada, debendo cumprir as normas e proporcións especificadas anteriormente. A tipoloxía das letras e logotipo poderán ser diferentes para cada local, inda que deberá procurarse que sexan de proporcións e materiais compatibles entre si.

Non se autorizan:

- Rótulos localizados en planta diferente a planta baixa do establecemento. Exemplo nº5.

- Rótulos de locais comerciais en planta baixa arrimados/colgados do teito dos soportais perpendicular a fachada do establecemento, segundo se mostra no exemplo nº6.

Materiais permitidos.- Os rótulos comerciais poderán ser dos seguintes materiais: metálico esmaltado ou lacado en cor negro forxa, de metacrilato esmaltado ou lacado en cor negro forxa sendo as letras, logotipo ou outra inscrición autorizable en cor branco, tamén poderán ser letras soltas pintadas sobre a fachada, letras soltas de platina de ferro forxado colocadas sobre vidro ou sobre a fachada, ou outras solucións acordes coa contorna, sempre e cando coa correspondente autorización da dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tanto o material como o deseño será acorde co edificio e a contorna inmediata, prohibíndose explicitamente outros materiais plásticos, o aceiro inoxidable, o aluminio ou acabados metalizados brillantes.

Non poderán ter iluminación externa ou con focos exteriores. Os escaparates tampouco poderán ter lámpadas fluorescentes de cor.

e) Rótulos na Rúa de Lugo (zona de soportais).

Autorízanse:

- Rótulos de locais comerciais en planta baixa arrimados a machón cego perpendicular a fachada do establecemento ocupando unha superficie máxima do 75 % da total, segundo se mostra no exemplo nº 2 e 3.

- Rótulos en espazos cegos entre ocos en planta baixa e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas laterais libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,10 metros e a liña horizontal coincidente co arrinque do lintel superior dos vanos, e 1,50 metros a beirarrúa, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm. Exemplo nº4.

- Rótulos localizados en planta baixa sobre ou baixo o lintel do oco da porta ou fiestras do establecemento e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas superior e inferior libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,20 metros, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm. Exemplo nº4.

Cando nun mesmo edificio se atopen localizados varios locais comerciais interiores, os seus rótulos respectivos deberán instalarse de maneira conxunta, en un só soporte no espazo cego entre ocos en planta baixa e/ou machón cego perpendicular a fachada, debendo cumprir as normas e proporcións especificadas anteriormente. A tipoloxía das letras e logotipo poderán ser diferentes para cada local, inda que deberá procurarse que sexan de proporcións e materiais compatibles entre si.

Non se autorizan:

- Rótulos localizados en planta diferente a planta baixa do establecemento. Exemplo nº5.

- Rótulos de locais comerciais en planta baixa arrimados/colgados do teito dos soportais perpendicular a fachada do establecemento, segundo se mostra no exemplo nº6.

Materiais permitidos.- Os rótulos comerciais poderán ser dos seguintes materiais: metálico esmaltado ou lacado en cor negro forxa, de metacrilato esmaltado ou lacado en cor negro forxa sendo as letras, logotipo ou outra inscrición autorizable en cor branco, tamén poderán ser letras soltas pintadas sobre a fachada, letras soltas de platina de ferro forxado colocadas sobre vidro ou sobre a fachada, ou outras solucións acordes coa contorna, sempre e cando coa correspondente autorización da dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tanto o material como o deseño será acorde co edificio e a contorna inmediata, prohibíndose explicitamente outros materiais plásticos, o aceiro inoxidable, o aluminio ou acabados metalizados brillantes.

Non poderán ter iluminación externa ou con focos exteriores. Os escaparates tampouco poderán ter lámpadas fluorescentes de cor.

f) Rótulos no resto das rúas da vila e núcleos rurais incluídos na contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

Autorízanse:

- Rótulos en espazos cegos entre ocos en planta baixa e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas laterais libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,10 metros e a liña horizontal coincidente co arrinque do lintel superior dos vanos, e 1,50 metros a beirarrúa, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm.

- Rótulos localizados en planta baixa sobre ou baixo o lintel do oco da porta ou fiestras do establecemento e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas superior e inferior libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,20 metros, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm.

Cando nun mesmo edificio se atopen localizados varios locais comerciais interiores, os seus rótulos respectivos deberán instalarse de maneira conxunta, en un só soporte no espazo cego entre ocos en planta baixa e/ou machón cego perpendicular a fachada, debendo cumprir as normas e proporcións especificadas anteriormente. A tipoloxía das letras e logotipo poderán ser diferentes para cada local, inda que deberá procurarse que sexan de proporcións e materiais compatibles entre si.

Non se autorizan:

- Rótulos localizados en planta diferente a planta baixa do establecemento.

Materiais permitidos.- Os rótulos comerciais poderán ser dos seguintes materiais: metálico esmaltado ou lacado en cor negro forxa, de metacrilato esmaltado ou lacado en cor negro forxa sendo as letras, logotipo ou outra inscrición autorizable en cor branco, tamén poderán ser letras soltas pintadas sobre a fachada, letras soltas de platina de ferro forxado colocadas sobre vidro ou sobre a fachada, ou outras solucións acordes coa contorna, sempre e cando coa correspondente autorización da dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tanto o material como o deseño será acorde co edificio e a contorna inmediata, prohibíndose explicitamente outros materiais plásticos, o aceiro inoxidable, o aluminio ou acabados metalizados brillantes.

Non poderán ter iluminación externa ou con focos exteriores. Os escaparates tampouco poderán ter lámpadas fluorescentes de cor.

g) Rótulos no resto das rúas da vila e núcleos rurais non incluídos na contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados.

Autorízanse:

- Rótulos en espazos cegos entre ocos en planta baixa e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas laterais libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,10 metros e a liña horizontal coincidente co arrinque do lintel superior dos vanos, e 1,50 metros a beirarrúa, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm.

- Rótulos localizados en planta baixa sobre ou baixo o lintel do oco da porta ou fiestras do establecemento e comprendidos dentro da superficie imaxinaria resultante de deixar franxas superior e inferior libres de, como mínimo, 1/5 do ancho do macizo de fábrica, que en ningún caso poderá ser menor de 0,20 metros, sen ocultar ou alterar os elementos decorativos da edificación, en caso de que existan. Non poderán sobresaír do paño de fachada salvo un espesor máximo de 5 cm.

Cando nun mesmo edificio se atopen localizados varios locais comerciais interiores, os seus rótulos respectivos deberán instalarse de maneira conxunta, en un só soporte no espazo cego entre ocos en planta baixa e/ou machón cego perpendicular a fachada, debendo cumprir as normas e proporcións especificadas anteriormente. A tipoloxía das letras e logotipo poderán ser diferentes para cada local, inda que deberá procurarse que sexan de proporcións e materiais compatibles entre si.

Non se autorizan:

- Rótulos localizados en planta diferente a planta baixa do establecemento.

Materiais permitidos.- Os rótulos comerciais poderán ser dos seguintes materiais: metálico esmaltado ou lacado en cor negro forxa, de metacrilato esmaltado ou lacado en cor negro forxa sendo as letras, logotipo ou outra inscrición autorizable en cor branco, tamén poderán ser letras soltas pintadas sobre a fachada, letras soltas de platina de ferro forxado colocadas sobre vidro ou sobre a fachada, ou outras solucións acordes coa contorna.

Tanto o material como o deseño será acorde co edificio e a contorna inmediata, prohibíndose explicitamente outros materiais plásticos, o aceiro inoxidable, o aluminio ou acabados metalizados brillantes.

Poderán ter iluminación externa ou con focos exteriores.

En calquera caso terán que ser informados favorablemente por os técnicos municipais previa concesión do título habilitante correspondente.

h) Rótulos no Polígono Industrial e Comercial de Portomarin.

Autorízanse:

Por tratarse dunha zona industrial os materiais, dimensións e cores e demais características dos rótulos a instalar poderán ser os indicados por o titular na memoria técnica presentada informada favorablemente por os técnicos municipais previa concesión do título habilitante correspondente.

CAPÍTULO 6. RÓTULOS EN TOLDOS

Artigo 30.-Definición.

Recibe esta denominación a instalación non publicitaria constituída por unha mensaxe sobre un toldo.

Defínese por toldo, aquel elemento saínte respecto do plano de fachada e ancorado a ela, colocado exclusivamente en terrazas e/ou en ocos para protección do sol ou da choiva, constituído por unha estrutura plegable, en ningún caso fixa ou ríxida, revestida de lona ou tecidos similares.

Artigo 31.-Características xerais dos toldos.

Os toldos móbiles estarán situados a unha altura mínima sobre a rasante da beirarrúa de 225 cms. en todos os seus puntos, incluso os de estrutura.

O seu saínte respecto da aliñación exterior non poderá ser superior os dous metros, e respectando en todo caso o arborado e mobiliario urbano existente.

Dentro das zonas incluídas na contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados non se permitira a instalación de toldos fixos e no resto de zonas estarase o disposto na normativa urbanística vixente de aplicación e os informes técnicos municipais que procedan.

Artigo 32.-Localización da mensaxe publicitaria.

En xeral non se permite a publicidade nos toldos e só figurará nel o nome do establecemento.

CAPÍTULO 7. PLACAS DE IDENTIFICACIÓN

Artigo 33.-Definición.

Son aquelas instalacións constituídas por un soporte ríxido, xeralmente rectangular, plano e sen relevo, realizado en materiais nobres e apoiado á edificación, con carácter informativo das actividades que se desenvolven na mesma.

Artigo 34.-Localización e disposición.

Só serán autorizables na planta baixa da edificación e coas condicións que a continuación se expresan:

Situaranse xunto á porta principal da edificación.

En caso de existir varias placas deberanse colocar en vertical, formando un conxunto harmónico.

Non se poderán fixar sobre portas, portóns e en xeral carpinterías protexidas ou con valor intrínseco.

Non se situarán por encima da altura do lintel do oco arquitectónico de acceso ao edificio ou local, nin por baixo de 1,2 metros medido desde o nivel de chan do citado acceso.

Dentro das zonas incluídas na contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados deberán contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio.

Artigo 35.–Características xerais.

Non se aceptarán máis dunha placa por oficina ou establecemento, nin a repetición de mensaxes.

Non poderán utilizarse como propaganda de produtos e marcas comerciais, salvo os logotipos identificativos da actividade.

Non se autorizarán placas luminosas, iluminadas ou reflectoras.

Artigo 36.–Características materiais.

As placas de identificación deberán estar fabricadas nun único material metálico, preferentemente ferro forxado, e tamén se poderán autorizar en madeira, pedra ou en metacrilato.

Os directorios, que se permitirán, serán de tal forma que permitan a integración modular das placas.

CAPÍTULO 8. MONÓLITOS INSTITUCIONAIS, FITOS COMERCIAIS E POSTES DE PUBLICIDADE.

Artigo 37.– Características xerais dos monólitos institucionais e fitos comerciais.

En edificios de uso exclusivo non residencial poderanse instalar fitos comerciais ou monólitos institucionais identificativos no espazo libre de parcela, dentro da aliñación oficial.

A súa altura será 1/2 da altura do edificio, cun máximo de doce metros (12 ms.).

O seu deseño e composición deberán integrarse no proxecto de edificación sen que a súa instalación poida supoñer, en ningún caso, un perigo para as instalacións e edificios existentes na propia parcela, para as edificacións lindeiras e vías de circulación de vehículos.

Dentro das zonas incluídas na contorna de protección do Camiño de Santiago e de edificios catalogados deberán contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio.

Artigo 38 .– Postes de publicidade.

Poderanse instalar postes de publicidade en chans de titularidade municipal mediante concesión administrativa suxeita aos pregos de condicións.

Os pregos de condicións determinarán o deseño, dimensións, características, lugares de instalación e outras condicións que en cada caso procedan.

CAPÍTULO 9. RÓTULOS DE PUBLICIDADE EN COROACIÓN DE EDIFICIOS.

Artigo 39. – Ámbito de aplicación.

Non se admite a colocación de rótulos de publicidade en coroación de edificios.

TÍTULO III. TÍTULO HABILITANTE MUNICIPAL

CAPÍTULO 1. RÉXIME XURÍDICO

Artigo 40.– Réxime xurídico.

O réxime xurídico aplicable rexeráse polos principios que establece a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei do Solo e o seu Regulamento, Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, normativa urbanística, a lexislación especial e demais disposicións normativas que sexan de aplicación.

Artigo 41.– Actos suxeitos a comunicación previa.

Estarán suxeitas a comunicación previa municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes obter con arranxo a outras lexislacións específicas sectoriais aplicables e de acordo ao procedemento ordinario, toda actividade ou instalación publicitaria perceptible desde a vía pública dos elementos descritos no título primeiro.

As instalacións desta natureza que se comuniquen quedarán suxeitas durante toda a súa vixencia a unha relación permanente coa administración municipal, a cal poderá esixir en cada momento a adopción das medidas pertinentes en defensa do interese público ou a imposición de modificacións que resulten das novas determinacións que se aproben.

Os propietarios ou titulares das instalacións publicitarias deberán mantelas en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, podendo ordenarse polo concello a execución das medidas necesarias para conservar as condicións mencionadas.

CAPÍTULO 2. PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DA COMUNICACIÓN.

Artigo 42.-Tramitación.

1.- Para a tramitación da comunicación previa a que se refire esta Ordenanza será preceptivo a presentación en Rexistro da seguinte documentación:

Comunicación previa segundo modelo (anexo II), debidamente cumprimentada achegándose á mesma os documentos requiridos segundo a modalidade de instalación, que poderán ser os seguintes:

Licenza de apertura ou informe certificado, en caso de locais con declaración responsable ou comunicación previa, do establecemento que se anuncia ou a matrícula do imposto sobre actividades económicas para calquera outra instalación publicitaria non ligada a un establecemento.

b) Licenza do elemento ou espazo da instalación.

c) As solicitudes para instalacións publicitarias en bens de titularidade pública, sexa municipal ou de calquera outra Administración, deberán estar acompañadas da autorización da Administración titular para a ocupación con instalacións publicitarias. Así mesmo, no caso de que o chan sexa de titularidade municipal a comunicación será coa mesma vixencia temporal que a comunicación correspondente, sen superar o límite máximo que para cada modalidade establécese.

d) Documentación específica en cada caso: Se unha instalación publicitaria constase de máis dunha modalidade, presentarase unha única comunicación do conxunto, englobando e unificando todos os documentos que se precisen polas súas distintas modalidades.

e) Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus extremos coa lexislación vixente de aplicación.

f) Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais previos cando foran legalmente esixibles ao solicitante.

g) Xustificante de pago dos tributos municipais.

2.- Placas:

A maiores do esixido no punto 1 deste artigo presentarase o seguinte:

a) Fotografías actuais a cor da fachada do edificio e do local, de fronte e de perfil.

b) Plano de situación a escala 1:5000.

c) Plano de alzado da fachada do edificio e do local incluíndo a instalación publicitaria, a escala e acoutado.

3.- Colgadas e soportes publicitarios non ríxidos:

A maiores do esixido no punto 1 deste artigo presentarase o seguinte:

a) Fotografías actuais a cor da fachada do edificio e do local, de fronte e de perfil.

b) Plano de situación a escala 1:5000.

c) Plano de alzado da fachada do edificio e do local incluíndo a instalación publicitaria, a escala e acoutado.

d) Plano de sección da fachada incluíndo a instalación publicitaria, a beirarrúa e a anchura da rúa, a escala e acoutado.

e) En colgadas en edificios en construción ou reforma deberá presentarse a licenza de obras.

4.- Rótulos de establecementos, rótulos ríxidos de obra, carteis en mobiliario urbano, publicidade en lonas sobre andamiaxes e resto de rótulos e/ou publicidade:

A maiores do esixido no punto 1 deste artigo presentarase o seguinte:

Fotografías actuais a cor da fachada do edificio e do local, de fronte e de perfil.

Plano de situación a escala 1:5000.

Descrición técnica das características do elemento do que se trata ou, no seu caso, proxecto técnico integrado por memoria, planos e orzamento e asinado por técnico competente.

Dentro dos quince días hábiles seguintes a comunicación, no concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a subsanación das deficiencias que presentase a documentación, adoptando neste caso, motivadamente, as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación vixente de aplicación, comunicándollas a persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Unha vez declarada por o concello, no seu caso, completa a documentación presentada, o exercicio das facultades municipais de inspección e control sobre os actos obxecto da comunicación previa presentada

limitarase a comprobación do cumprimento dos requisitos materiais aos que estará sometida por a lexislación de aplicación.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos proxectados suxeitos a mesma, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control ou inspección por parte do concello.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias ás que se refire o apartado anterior, tolerará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar o deber da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

CAPÍTULO 3. VIXENCIA DAS COMUNICACIÓN.

Artigo 43.- Contido do título.

O documento de comunicación indicará a modalidade publicitaria, titular, número de elementos, as súas características (dimensións, texto do anuncio, materiais, etc...), condicións do outorgamento, período de vixencia do título, data de finalización da vixencia, para aquelas que estean suxeitas a prazo e, no seu caso, o contido do articulado referido ás infraccións.

Artigo 44.- Prazo.

As comunicacións suxeitas a esta Ordenanza que teñan carácter provisional terán o prazo de vixencia que se marque no seu outorgamento, prorrogable en supostos de ampliación da actividade á que serven.

As comunicacións suxeitas a esta Ordenanza que teñan carácter estable terán vixencia mentres subsista a actividade á que sirvan.

Artigo 45.-Prazo de execución.

A instalación do anuncio deberá executarse no prazo de tres meses dende a comunicación previa e como máximo un ano.

Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada comunica antes de transcorrer o referido prazo.

Transcorridos os prazos máximos indicados na comunicación previa para iniciar ou finalizar a instalación, incluídas as súas prórrogas respectivas, sen que fosen iniciadas ou finalizadas, a persoa interesada queda inhabilitada para empezalas ou continualas, segundo corresponda.

As comunicacións previas e as súas prórrogas quedarán sen efecto cando non se executasen as actuacións nos prazos referidos, previa audiencia ao interesado, sen prexuízo de que este poida presentar unha nova comunicación previa que, en todo caso, axustarase á normativa vixente no momento da súa presentación

Artigo 46.-Retirada da instalación.

Transcorrido o período de vixencia da licenza, a contar desde a data do acordo de outorgamento, sen que medie a prórroga da mesma, quedará sen efecto, debendo o titular retirar a instalación á súa costa.

En caso de non facelo o Concello poderá retiralo.

CAPÍTULO 4. TRANSMISIBILIDADE DAS COMUNICACIÓNS

Artigo 47.- Transmisibilidade das comunicacións.

As comunicacións serán transmisibles a terceiros sempre que dita transmisión fora declarada completa pola Administración, salvo que no seu outorgamento se dispoña a non transmisibilidade.

O antigo e o novo titular deberán comunicalo por escrito ao Concello achegando a documentación correspondente, sen o cal quedarán ambos suxeitos ás responsabilidades derivadas da actuación amparada pola comunicación.

TÍTULO IV. MEDIDAS DISCIPLINARIAS

CAPÍTULO 1. INFRACCIÓNS

Artigo 48.–Definición.

Constituirán infraccións da presente Ordenanza as accións ou omisións que vulneren as prescricións contidas nas mesmas e as contidas na Normativa que sexa de aplicación.

Artigo 49.–Responsables.

Das infraccións desta Ordenanza serán responsables:

1. A empresa publicitaria titular da instalación.
2. O beneficiario da mensaxe.
3. O titular ou no seu caso o ocupante do espazo ou elemento en que se efectuou a instalación.

Artigo 50.–Sancións.

Toda infracción desta Ordenanza levará consigo a imposición de sancións aos responsables así como a obrigação de reparación de danos e indemnización dos prexuízos a cargo dos mesmos, todo iso con independencia das medidas previstas no capítulo IV do presente título.

Artigo 51.–Tipo de infraccións.

Clasifícanse segundo a gravidade en: **Leves e graves.**

1. Tipifícanse como **infraccións leves**, aquelas nas que no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido aos intereses xerais e aquelas que non teñan o carácter de grave.
2. Tipifícanse como infraccións **graves**:
 - a) Efectuar as instalacións carecendo do correspondente título habilitante municipal.
 - b) Non axustarse o título habilitante municipal nin á normativa reguladora.
 - c) O non mantemento da instalación publicitaria nas debidas condicións de seguridade.
 - d) O non mantemento da instalación publicitaria nas debidas condicións de ornato, incidindo negativamente dunha forma manifesta na contorna.

Artigo 52.- Atenuantes da responsabilidade.

Considerarase circunstancia atenuante da responsabilidade dos autores dunha infracción o proceder o responsable á legalización, rectificación correspondente e/ou no seu caso á retirada da instalación publicitaria antes da iniciación da actuación sancionadora.

Artigo 53.- Agravantes da responsabilidade.

Consideraranse circunstancias agravantes da responsabilidade dos autores dunha infracción:

1. O alterar os supostos de feito que presuntamente lexitimasen a actuación ou mediante falsificación dos documentos en que se acreditase o fundamento legal para a obtención do título habilitante municipal.
2. A reiteración e a reincidencia.
3. Se como consecuencia da instalación resultasen danos ou prexuízos a outros particulares ou ao patrimonio histórico.

Artigo 54.–Prescrición das infraccións.

1. As infraccións nas que se incorra por incumprimento da presente Ordenanza consideraranse derivadas dunha actividade continuada e o seu prazo de prescrición comezará desde a finalización da actividade ou desde o último acto co que a infracción se consuma, que a estes efectos será cando sexa retirada a instalación publicitaria.
2. As infraccións leves prescribirán ao ano, e as graves prescribirán aos catro anos.

CAPÍTULO 2. REGLAS PARA DETERMINAR A CONTÍA DAS SANCIÓN.

Artigo 55. – Contía das sancións.

A comisión das infraccións dará lugar a imposición das seguintes sancións:

1. As infraccións derivadas do incumprimento da normativa reguladora do patrimonio das administracións públicas e do patrimonio histórico sancionaranse de conformidade co disposto nas mesmas.
2. As infraccións derivadas do incumprimento da normativa urbanística sancionaranse en aplicación do disposto na Lei 2/2016, do solo de Galicia e o Decreto que a desenvolve así como por a normativa urbanística municipal.

3. O resto das infraccións derivadas do incumprimento da presente ordenanza sancionaranse de acordo co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coas seguintes multas:

a) Infraccións graves: De 750,01 euros hasta 1.500,00 euros.

b) Infraccións leves: Hasta 750,00 euros.

Para a gradación da contía das sancións, atenderase ao importe dos danos causados; a natureza da infracción; a intensidade na perturbación ocasionada no paisaxe urbano e/ou na utilización do espazo público; a localización segundo a cualificación tipolóxica do sol; a reiteración e o grado de intencionalidade; a reincidencia por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose.

A contía da sanción reducirase ou aumentará en función das atenuantes ou agravantes que sexan de aplicación.

O responsable da infracción terá dereito a unha redución do 90 % da multa que deba impoñerse en caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

Artigo 56. – Sancións a varios responsables.

As sancións que se impoñan aos distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

Artigo 57. – Existencia de beneficio económico.

En ningún caso a infracción pode supoñer un beneficio económico para o infractor. Cando a suma da sanción imposta e do custo das actuacións de restitución dos bens ao seu primitivo estado, arroxease unha cifra inferior ao devandito beneficio, incrementarase a contía da sanción ata alcanzar o montante do mesmo.

Artigo 58.–Prescrición das sancións.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

As sancións impostas por faltas graves prescribirán aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

Artigo 59.– Recoñecemento de responsabilidade polo infractor.

Iniciado un procedemento se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o mesmo coa imposición da sanción que proceda.

O pago voluntario polo imputado, en calquera momento anterior á resolución poñerá fin ao procedemento, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos procedentes.

CAPÍTULO 3. PERDA DE EFICACIA, REVOGACIÓN E NULIDADE DO TÍTULO HABILITANTE MUNICIPAL.

Artigo 60. – Revogación ou anulación do título habilitante.

1. O título habilitante municipal quedará sen efecto se se incumpriren as condicións a que estiveren subordinadas ou transcorrese a vixencia da licenza.

2. Procederá a revogación do título habilitante:

a) Cando desaparecesen as circunstancias que motivaron o seu outorgamento.

b) Cando sobreviñesen outras que, de existir naquel momento, xustificarian a denegación.

c) Cando se adoptaren novos criterios de apreciación.

3. Poderán ser anulados os títulos habilitante cando resultaren outorgadas erroneamente.

Nos supostos 2c) e 3) procederá a petición de indemnización á vista do réxime previsto no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

CAPÍTULO 4. PROTECCIÓN DA LEGALIDADE.

Artigo 61. – Instalacións executadas sen título habilitante ou sen axustarse ao mesmo.

1. Cando algunhas das instalacións publicitarias descritas na presente Ordenanza se instalarán sen o correspondente título habilitante municipal ou en contra das súas determinacións e fosen legalizables conforme á presente Ordenanza, o interesado deberá proceder a realizar a correspondente comunicación ou axustar a instalación á xa concedida no prazo de dous meses, unha vez requirido para o efecto por esta Administración. En defecto do título habilitante ou cando esta non poida concederse por desconformidade coa ordenación vixente, procederase a impedir definitivamente dita actividade, ordenando a retirada das instalacións conforme á normativa vixente.

2. Cando as instalacións publicitarias sexan non legalizables conforme á presente Ordenanza, procederase igualmente a impedir con carácter definitivo dita actividade, previa audiencia aos interesados, conforme á normativa de procedemento vixente.

Artigo 62. – Ordes de retirada.

As ordes de retirada de calquera instalación publicitaria terán que ser cumpridas polos responsables no prazo fixado na resolución adoptada.

CAPÍTULO 5. ACCIÓN SUSTITUTORIA.**Artigo 63.–Execución.**

Ordenada a retirada das instalacións, en caso de incumprimento polo seu responsable no prazo indicado, a Administración poderá executar a retirada subsidiaria das instalacións publicitarias afectadas. Na retirada realizarase dilixencia facendo constar nome e apelidos do propietario ou titular, D.N.I. e/ou razón social se se trata dunha empresa, domicilio deste/a, rúa e número onde se practicou a retirada e tipo de elemento retirado, facilitando unha copia ao interesado sempre que este estea presente na execución subsidiaria.

Artigo 64.– Elementos retirados.

Realizada a execución ou reposición subsidiaria, concederase aos titulares dos elementos un prazo de dez días para que presenten escrito no que manifesten a súa vontade expresa de facerse cargo dos elementos retirados, mediante a súa recollida dos almacéns municipais no día e hora que se fixe. Apercibiráselles de que se transcorre o prazo referido e non se manifesta dita vontade de forma expresa, entenderase que polo interesado renúnciase á recuperación dos devanditos elementos, facultando a esta Administración para dispoñer dos mesmos para o seu traslado a vertedoiro autorizado ou para a súa reciclaxe.

Artigo 65. – Instalacións sen licenza sobre solo público.

As instalacións publicitarias sen título habilitante sobre solo público, de carácter demanial ou patrimonial, non necesitarán requirimento previo e serán retiradas polos servizos municipais, con repercusión dos gastos ao interesado.

Artigo 66. – Gastos da acción substitutoria.

A acción substitutoria por parte da Administración, levará a repercusión dos gastos por execución e almacenaxe ao responsable das instalacións.

Os elementos trasladados aos almacéns municipais devengarán unha taxa de almacenaxe de 3,61 euros por metro cadrado ou fracción de ocupación por día, cun custo mínimo de 36,06 euros/día.

Estes prezos serán renovados anualmente por acordo do Excmo. Concello pleno.

Os gastos que ocasione a recollida dos elementos polo seu titular serán por conta deste.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1.- Toda rotulación, actividade publicitaria, e publicidade exterior e os seus elementos complementarios existente e que se atope dentro do ámbito de aplicación deste normativa, disporán **dun prazo máximo de dous anos**, dende a entrada en vigor da ordenanza, para adaptarse aos preceptos da mesma.

2.- Transcorrido este período aplicarase na súa integridade o réxime disciplinario que a Ordenanza establece.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor transcorrido un mes desde a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

O que se publica para xeral coñecemento, indicando que contra o presente acordo pode interpoñerse –con carácter potestativo– recurso de reposición fronte ao órgano que o adoptou no prazo dun mes, contado desde a publicación conforme ao disposto nos artigos 112 e 123 da Lei 39 de 2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas; ou ben, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo poderá interpoñer calquera outro que considere procedente en Dereito.

ANEXO I

	CONCELLO DE PORTOMARIN Praza Condes de Fenosa s/n- 27170-Portomarin Tel.: 982545070 Fax: 982545104 www.concellodeportomarin.es	
COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE INSTALACION DE PUBLICIDADE EXTERIOR, SINALIZACION E ROTULACION		
DATOS DO/A INTERESADO/A		
APELIDOS E NOME:		
DOMICILIO:		
DNI:	Tfno. de contacto:	
MEDIO E ENDEREZO físico que se sinala para as notificacións:		
MEDIO E ENDEREZO electrónico que se sinala para as notificacións:		
En caso de actuar en representación de alguén, APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL do/da representado/a:		
Documento que acredita a representación:		
EXPOÑO		
que desexo instalar a publicidade que se describe na documentación adxunta na parcela con referencia catastral Polígono Parcela e vinculada a actividade de		
cun orzamento ____ €		
De acordo co anterior, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto e, en todo caso, que son certos todos os datos recollidos neste impreso e que achego a documentación preceptiva segundo a clase de obra que quero realizar e que as obras descritas cumpren en todos os seus extremos coa lexislación de aplicación. <i>ADVIRTESE QUE consonte co disposto no artigo 362 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro que aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen perjuizo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.</i> <i>A resolución administrativa que constata as circunstancias á que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.</i> <i>PROTECCIÓN DE DATOS: No presente documento, salvo manifestación en contra, presto o meu consentimento para que os datos facilitados sexan incorporados os ficheiros titularidade do CONCELLO DE PORTOMARIN. O uso de ditos datos limitárase á xestión municipal, podendo utilizalos en posteriores procedementos municipais, así como cedense a outras Administracións Públicas, e solicitar o Concello datos a estas coas limitacións establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Os interesados poderán exercer en calquera momento os dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición, coas limitacións establecidas legalmente no Rexistro Xeral do Concello, na dirección PRAZA CONDES DE FENOSA S/N.- 27170.- PORTOMARIN.- LUGO.</i>		

Portomarin, ____ de ____ de 201__
 Sinatura do/a interesado/a

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARIN

	<u>Concello de PORTOMARIN</u>
	<u>Provincia de LUGO</u>
MODELO AUTOLIQUIDACION	

SUXEITO PASIVO	N.I.F.	Suxeito		
	Domicilio	Cód Postal	Municipio	
	Teléfono	Correo electrónico		

REPRESENTANTE	N.I.F.	Nome e apelidos		
	Domicilio	Cód Postal	Municipio	
	Teléfono	Correo electrónico		

AUTOLIQUIDACION	C O N C E P T O	PRESUPUESTO	%	EUROS
	ICIO	????????	2	#VALUE!
	TASA EPIGRAFE 6.B			6,00
	TOTAL (A)			#VALUE!
	TOTAL A INGRESAR (A) (€)			?????

OBSERVACIONES	
---------------	--

ESPACIO RESERVADO PARA A VALIDACIÓN DE COBRO	
Este documento non libera do pago sen a validación da entidade financeira ou selo e sinatura do funcionario municipal responsable	Selo da entidade bancaria
Ingreso en Abanca nº de conta: ES23 2080 0172 0431 1000 0011	

En Portomarin, a ____ de ____ de 2.01__ Sinatura do declarante,

Asdo:

Sr. Alcalde do Excmo Concello de PORTOMARIN

AVISO LEGAL

Os datos persoais contidos na presente instancia son recoillidos baixo o consentimento do interesado e serán obxecto de tratamento automatizado e incorporados aos ficheiros de Información do Concello de Portomarin que se atopan inscritos no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos. O seu uso restrinxirase exclusivamente á xestión municipal, podendo cederse ou comunicarse a outras administracións públicas ou a terceiros nos supostos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os interesados poderán exercer ante o Rexistro Xeral do Concello de Portomarin, os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, nos termos establecidos pola lei indicada, acreditando a súa identidade no Concello de Portomarin, praza Condes de Fenosa, Portomarin.

ANEXO II

LICENZA DE OBRA DE: (Título da obra) Data da licenza: X.G.L. de data XX-XX-20XX Número de expediente: XX/20XX Promotor: XXXX Constructor: XXXX Director/a de obra: XXXX Director/a Técnico/a de execución da obra: XXXX	594 mm
 CONCELLO DE PORTOMARIN	
841 mm	

COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE OBRAS MENORES Registro de entrada: 20XX-E-RC-XXXXX Número de expediente: XX/20XX Promotor: XXXX Constructor: XXXX Referencia catastral: XXXX Data de comezo da obra: XXXX Data de remate da obra: XXXX	297 mm
 CONCELLO DE PORTOMARIN	
210 mm	

Portomarín, 28 de decembro de 2020.- O ALCALDE, Juan Carlos Serrano López.

R. 3390

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da "ORDENANZA REGULAMENTO REGULADOR DO USO DAS INSTALACIONES SOCIO-CULTURAIS E GASTRONOMICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN PORTOMARIN". A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 29 de outubro de 2020 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 255 do 06 de novembro de 2020, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Concello de Portomarin conta con instalacións socio-culturais e gastronómicas de titularidade municipal sitos nas parroquias de Bagude, Castro de Soengas, Caborrecelle, soengas, Recelle, Portomarin e Vedro.

Aínda que devanditos locais se atopan ao dispor de todos/as os/as veciños, residentes e empadroados no municipio de Portomarin, estes gozan de certas particularidades que, en razón da súa localización, creación, orixe, etc..., téñense en conta na presente normativa reguladora.

Este Regulamento estrutúrase en trece artigos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e unha disposición final.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

O Concello de Portomarin, en uso das potestades de auto organización, recoñecidas no Art.4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e das competencias recoñecidas ao Concello, establece o servizo cultural consistente na utilización dos locais habilitados para o efecto como centro socio-cultural e gastronómico na casa das escolas das parroquias de Bagude, Castro de Soengas, Caborrecelle, Soengas, Recelle e Vedro e no gastroobradorio de Portomarin.

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación da autorización de uso eventual, para unha ou varias actuacións concretas, dos locais citados e o uso que dos mesmos haxan de facer os autorizados.

Os interesados na utilización de locais municipais deben obter autorización do Concello con carácter previo.

Artigo 2.- Solicitudes.

1. Enténdese como solicitante, a persoa física que solicita o local en nome dun grupo de persoas (en diante usuarios/as), que son os que gozarán segundo a solicitude realizada polo solicitante.
2. O/a solicitante deberá ser obrigatoriamente un/ha de os/as usuarios/as que gozará do servizo.
3. Os/as solicitantes poderán ser:
 - a. Maiores de idade.
 - b. Asociacións sen ánimo de lucro.

Artigo 3.- Limitacións dos/as solicitantes.

1. Todos/as os/as solicitantes terán 18 anos cumpridos á hora de realizar a solicitude.
2. Todos/as os/as solicitantes estarán sometidos/as ao dereito preferente do Concello, que motivado por algunha razón organizativa, de prestación de servizos ou calquera outra invalide calquera solicitude de uso. Se se dese este caso, o Concello poderá conceder segundo o seu criterio, dereito especial de uso.
3. As asociacións definidas no artigo 3, virán representadas polos seus representantes legais ou por aqueles que delegasen esta función.
4. Todos/as os/as solicitantes, así como o grupo que conforman os/as usuarios/as ao que se refire a petición, só poderán pedir un só local por día, no horario establecido, sen que nunca poida chegarse ao fraccionamento (fraccións por hora, medio día, etc.).
5. Todos/as os/as solicitantes, así como os/as usuarios/as, deberán cumprir as limitacións que se establecen na presente normativa e someteranse á mesma no momento de realizar a solicitude.
6. As autorizacións concedidas teñen o carácter de persoais e intransferibles, polo que en ningún caso poden ser obxecto de transmisión entre os/as solicitantes e os/as usuarios/as, polo que se terá obrigatoriamente que realizar unha nova solicitude ou acreditar a imposibilidade de que o/a solicitante acudise á mesma.
7. O/a solicitante perderá a condición da mesma se incorrese nalgún dos casos que se especifican no artigo 12.

8. O uso do local pola persoa ou asociación solicitante, limitárese a unha a semana.

Artigo 4.- Solicitudes.

1. Para realizar a solicitude, o solicitante terá que mandar un email a infoportomarin@concellodeportomarin.es ou a obras@concellodeportomarin.es ou comparecer fisicamente no Rexistro do Concello durante o seu horario de apertura ao público e encher o impreso de solicitude polo menos con 48 horas de antelación o día no que se queira facer uso del.

2. Poderase solicitar pasado o prazo, pero quedará condicionado a que haxa reserva algunha e o Concello poida contratar todos os servizos necesarios.

3. Na folla de solicitude deberanse cumprimentar os seguintes datos:

1.1 Nome e dous apelidos.

1.2 DNI.

1.3 Domicilio.

1.4 Teléfono de contacto.

1.5 Local Solicitado.

1.6 Data de nacemento.

1.7 Data de celebración.

1.8 Número de usuarios/ as.

1.9 Motivo da solicitude.

1.10 Nome e CIF da representación nos casos de asociacións.

De acordo co impreso estándar recollido no manual de trámites.

Artigo 5.- Concesión de autorizacións, confirmación de reserva e anulación.

1. Formulada a solicitude e enmendados, no seu caso, os defectos observados, o Concello outorgará o dereito ao uso ou a denegación do local por decreto de Alcaldía. No caso de que nun mes non se resolva, entenderase desestimada por silencio administrativo.

2. Para resolver o outorgamento de dereito de uso do local o Concello atenderá aos criterios e preferencias establecidos nos artigos 2 e 3.

3. No caso de concorrencia de peticións para un mesmo día este resolverase coa seguinte orde de preferencia:

1.- O/a solicitante que enviou a primeira solicitude (segundo hora de recepción do correo ou rexistro de entrada).

2.- O/a solicitante empadroado no Concello de Portomarin terá preferencia sobre calquer outro solicitante.

3.- O/a solicitante que menos veces disfrutará do uso do local.

4.- En caso de seguir co empate celebrárase un sorteo.

4. O Concello, motivadamente, poderá denegar a solicitude ou restrinxir o seu contido.

5. Así mesmo, as autorizacións poderán ser revogadas, sen dereito a indemnización, cando circunstancias sobrevindas debidamente xustificadas, ou o interese público, así o aconsellen.

6. Se a solicitude contén un número de asistentes maior que o aforo permitido para o local ou estivesen sancionados por algún dos supostos do artigo 12, será causa de denegación da autorización.

Artigo 6.- Aforo.

1. O número de usuarios/as, incluído o solicitante, non poderá superar o aforo establecido para o local en cuestión:

Local de O Cruceiro: 24 persoas

Local de Soengas: 50 persoas

Local de Bagude: 50 persoas

Local de Recelle: 55 persoas

Local de Castrolazaro: 60 persoas

Local de Caborrecelle: 20 persoas

Local de Portomarin: 55 persoas

Artigo 7.- Horario de uso.

Só se poderá autorizar unha solicitude por local e día.

Con carácter xeral establécese o seguinte horario de uso:

- Apertura: 10:30 h.
- Peche: De luns a xoves e domingos as 0:30 horas do día seguinte.

Venres, Sábados e vésperas de festivos as 01:30 horas do seguinte.

A partir das 22:00 horas, quen permanecer dentro dos locais deberá comportarse con discreción, evitando producir ruídos, conversacións en voz alta, cancións, etc. que poidan causar molestias ou transcender ao exterior.

Ao abandonar o local, a partir das 22:00 horas, non se deberá permanecer xunto á porta ou as inmediacións, evitando os berros e tumultos que poidan resultar molestos á veciñanza.

Artigo 8.- Taxas e fianzas.

1. As taxas estarán reguladas pola ordenanza fiscal correspondente. O abono das taxas correspondente realizarase conforme ás seguintes normas:

a) A obrigación do pago recaerá no/a solicitante das instalacións.

b) O abono deberá realizarse antes de realizar a solicitude, achegando con esta o xustificante do ingreso bancario segundo o impreso de autoliquidación, en caso de non ser autorizado o uso do local devolverase por parte do concello a cantidade ingresada ao número de conta que fixo a transferencia ou número de conta indicado por o/a solicitante.

2. As fianzas responden da correcta utilización do local e de calquera dano nas instalacións.

a) Establécese unha fianza de 150 €/día por solicitude para o Gastrobradoiro de Portomarin.

a) Establécese unha fianza de 50 €/día por solicitude para o resto dos locais municipais obxecto desta ordenanza.

Farase entrega do importe da fianza aos responsables do local mediante transferencia bancaria o día seguinte do uso do local e da entrega das chaves nas dependencias municipais unha vez comprobado por os servizos municipais o correto estado do local e mobiliario.

A fianza será recuperable se non aparecesen danos no local nin nos seus compoñentes.

Calquera dano inferior a fianza acometerase coa fianza depositada. Se o dano é superior a fianza depositada, a diferenza ata a totalidade será de responsabilidade do solicitante da reserva.

3. As anulacións de reservas con dereito a devolución das taxas satisfeitas, unicamente serán admitidas por causas debidamente xustificadas.

Artigo 9.- Prohibicións para solicitantes e usuario/as.

Tanto o/a solicitante así como os/as demais usuarios/as dos locais quedan suxeitos ás seguintes prohibicións:

1. Sacar mesas, cadeiras, ou calquera obxecto que estea dentro do inmovble.
2. Facer lume no exterior como grellas, barbacoas ou calquera obxecto que supoña un foco de calor.
3. Utilizar o local para un fin diferente ao expresado na solicitude.
4. Unha vez utilizado o local, deixar comida, bebidas, lixos ou calquera material que non se achase previamente no inmovble.
5. Instalar aparellos de música ou similares no exterior, sen autorización expresa do Concello.
6. Acender ou poñer en marcha aparellos de música ou similares no interior a un volume superior a 65 decibeis.
7. Ceder o seu uso a unha terceira persoa, por parte do/da solicitante.
8. Como local de titularidade pública e en cumprimento da lexislación reguladora do consumo de tabaco, queda terminantemente prohibido fumar no recinto do local. Queda terminantemente prohibido a práctica dentro do local de xogos de envite con diñeiro.

Artigo 10.- Obrigas dos/as solicitantes.

A persoa que asinou a solicitude ou, no seu caso, a Entidade á que representa, e que estea a utilizar o local, responsabilízase da actividade que se realiza no mesmo e comprométese a cumprir o Regulamento Interno.

Os/as usuarios/as do local deberán mantelo en perfecto estado de conservación e limpeza, evitando que ocorran altercados ou, en xeral, accións que poidan prexudicar ao inmovble ou ao equipamento.

Así mesmo, deberán respectar as indicacións dos/as responsables municipais ou encargados/as, gozando do espazo e materiais dispoñibles conforme co fin que lles é propio, e respondendo dos danos que puidesen causar a bens e persoas.

Tanto o/a solicitante, como os/as demais usuarios/as dos locais deberán cumprir as seguintes obrigacións que lles correspondan:

1. Cumprimentar a solicitude e abonar as taxas e respectar as prohibicións e o horario, e calquera indicación que por parte do Concello sexa transmitida ao beneficiario (incluso a petición dun seguro de responsabilidade civil).
2. Proceder á devolución das chaves.
3. Declarar calquera dano realizado utilizando a folla de suxerencias e danos.
4. Velar pola integridade do inmovible ou calquera que fosen os elementos que o integren, así como a obrigaón de comunicar as incidencias habidas.
5. Unha vez utilizado, apagar as luces, pechar a chave do gas, apagar os aparellos eléctricos (salvo aqueles que non o requiren), asegurarse de que as portas e xanelas quedan pechadas, recoller o utilizado e sacar o lixo xerado polo uso do local separada en función do sometemento a reciclaxe de cada unha.
6. Cumprir o presente regulamento e calquera das indicacións que o concello transmita ao solicitante tácitamente, de palabra ou por escrito.
7. Facilitar o control da actividade solicitada no local por parte do persoal do concello e da corporación.
8. Manter unha orde, limpeza e decoro dos materiais e servizos que se presten dentro do local, así como das indicacións que se mostren.

Artigo 11.- Actos públicos.

De conformidade co establecido nos art. 139 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en materia de uso dos locais municipais, establécense os tipos das infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nesta normativa.

Quen utilice o local deberán respectar as indicacións dos/as responsables municipais ou encargados/as, gozando do espazo e materiais dispoñibles conforme co fin que lles é propio, e respondendo dos danos que puidese causar a bens e persoas.

Polo persoal do Concello efectuaranse as inspeccións oportunas comprobando o cumprimento da presente normativa polos/as usuarios/as, co fin de establecer actuacións e omisións constitutivas de infraccións administrativas.

1. As infraccións das normas contidas nesta normativa clasifícanse en leves, graves e moi graves.
 - 1.1 Son infraccións moi graves:
 - 1.1.1. Facer uso do local sen dispoñer da correspondente autorización e sen abonar os importes da taxa ou a fianza establecida.
 - 1.1.2. Impedir o uso do local á persoa ou grupo que dispoña da correspondente autorización.
 - 1.1.3. Facilitar o acceso ao local a menores de idade sen a asistencia ou presenza dos seus pais ou titores.
 - 1.1.4. Producir de forma voluntaria danos, tanto nas instalacións e materiais dispoñibles para o seu uso, como na construción, que impiden o uso continuado do mesmo.
 - 1.1.5. Superar o horario de peche en máis dunha hora ao límite establecido.
 - 1.1.6. Ceder o uso a unha terceira persoa distinta do autorizado.
 - 1.1.7. Ser sancionado durante o ano inmediatamente anterior á apertura do expediente sancionador, como autor de dúas infraccións leves ou unha infracción grave.
 - 1.1.8. Facer un uso indebido das instalacións, dos servizos e dos materiais que se poñen ao dispor dos/as usuarios/as do local, causando danos aos mesmos ou producindo riscos inxustificables.
 - 1.1.9. Non proceder ao peche de portas e xanelas, así como das chaves do gas e aparellos eléctricos.
 - 1.1.10. Non respectar o carácter de “espazo sen tabaco”.
 - 1.2. Son infraccións graves:
 - 1.2.1. Falsidade nalgún dos datos contidos na solicitude e que sexan determinantes para a concesión da autorización, sen prexuízo do acceso á vía xurisdiccional competente.
 - 1.2.2. Producir mediante aparellos de música, megafonía, etc, ruídos excesivos que superen que os 65 decibeis.
 - 1.2.3. Utilizar o local para un fin diferente ao establece na presente normativa.

1.2.4. Facer lume no exterior, ben con grella, barbacoas, etc, ben con calquera outro foco de calor que poida causar perigo á edificación e instalación ou alarma na poboación.

1.2.5. Sacar mesas, cadeiras ou calquera outro material do local, sen causa xustificativa algunha.

1.2.6. Ser sancionado durante ao ano anterior á apertura do expediente sancionar, como autor dunha infracción leve.

1.2.7. Non devolver ao Concello as chaves de acceso ao local no prazo de 48 horas desde a finalización do uso.

1.3. Son infraccións leves:

1.3.1. O incumprimento de calquera das obrigacións contempladas no artigo 7 da presente normativa.

1.3.2. Introducir alimentos ou outros obxectos para uso propio sen retiralos ao finalizar o período autorizado para o uso do local.

1.3.3. Causar danos no enxoval dispoñible ou nas instalacións existentes por non seguir a normativa establecida para o seu uso ou facer un uso inadecuado da mesma.

1.3.4 Calquera outro tipo de infracción do contido da presente normativa ou das instrucións que para a súa execución ditásense pola Alcaldía.

2. As infraccións contempladas nos apartados anteriores serán obxecto das seguintes sancións:

2.1 Infraccións moi graves: serán sancionadas con multa de entre 1.500 a 3.000 euros e a imposibilidade de acceder durante un período de cinco anos, ao local tanto o/a solicitante como os/ as usuarios/ as.

2.2 Infraccións graves: serán sancionadas con multa entre 751 e 1.500 euros, e, no caso de que a/s persoa/s autora/s haxa/n sido sancionada/s con anterioridade con outra sanción cualificada como grave ou superior, a imposibilidade de acceder durante un período de cinco anos, ao local, tanto o/a solicitante como os/as usuarios/as.

2.3 Infraccións leves: serán sancionadas con multa entre 200 e 750 euros, e, no caso de que a/s persoa/s autoras haxa/n sido sancionada/s con anterioridade con outra sanción cualificada como grave ou superior, a imposibilidade de acceder durante un período dun ano, ao local, tanto o/a solicitante como os/ as usuarios/ as.

3. No caso de que a persoa autora da infracción cualificada como leve fose sancionado con anterioridade como autor/a de unha infracción cualificada como grave ou moi grave, impondérase a sanción accesoria da imposibilidade de acceder ao local polo período determinado para a infracción máis grave.

De igual modo de impondérase a sanción accesoria indicada no suposto da tramitación do expediente sancionador por infracción grave.

4. No caso de que a infracción vaia acompañada de manifestacións ou contidos de tipo xenófobo, racista ou sexista, a sanción impondérase no grao máximo.

5. Calquera infracción que non fose evidente poderase tomar como falta e non como infracción.

Artigo 12.- Tramitación do expediente sancionador.

1. O expediente tramitarse conforme ao previsto en Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa de desenvolvemento.

Designarase a persoa instrutora do procedemento de conformidade coa normativa anteriormente indicada.

O órgano competente para a resolución dos procedementos sancionadores será a Alcaldía.

2. O/a responsable de calquera das infraccións da presente normativa será o/a solicitante da autorización, sen prexuízo da apertura dos expedientes correspondentes aos/as autores/as das infraccións contidas na presente normativa, respondendo solidariamente da sanción imposta a todos os/as usuarios/as do local. Enténdese por usuario/a toda persoa que concorre ao local para a realización das actividades a que está destinado o mesmo e para a que se concedeu polo Concello a correspondente autorización en base á solicitude formulada.

3. As sancións producíranse por incumprimento, tácito ou expreso, das obrigacións e deberes da persoa usuaria, que veñan contempladas nesta normativa e serán resoltas despois de valorar a situación.

4. Cando se cometan tres chamadas de atención, non poderá solicitar nin ter acceso ao uso de ningún local municipal no prazo dun ano contando dende o terceiro incumprimento.

Artigo 13.- Obrigas do Concello.

1. O Concello queda obrigado a realizar o mantemento dos locais, incluíndo a limpeza, o abono da auga, gas, electricidade, reposición dos materiais inutilizados e reparación de todas as instalacións que resulten deterioradas como consecuencia do uso normal das instalacións.

2. Unha vez determinada a solicitude que será obxecto da concesión da autorización, o Concello fará as xestións oportunas para facilitar o acceso ao local ou para entregar as chaves de acceso ao mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor transcorrido un mes desde a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Portomarín, 28 de decembro de 2020.- O ALCALDE, Juan Carlos Serrano López.

R. 3391

QUIROGA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2021**

Aprobado inicialmente polo Pleno deste concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2020, o orzamento xeral para o exercicio 2021 así como o cadro de persoal e a súa documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na secretaría do Concello, por un prazo de quince (15) días hábiles, desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, a fin de que durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

Quiroga, 29 de decembro de 2021.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 3392

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE AUTOCARAVANAS NO CONCELLO DE QUIROGA**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2020, a Ordenanza municipal reguladora do estacionamento de autocaravanas no concello de Quiroga. O procedemento sometese ao trámite de información pública polo prazo de trinta días (30) hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De conformidade co artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, e procederase a publicación do texto íntegro do Regulamento no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Quiroga, 29 de decembro de 2020.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 3393

RÁBADE*Anuncio*

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 6º bimestre do exercicio 2020.

Por Decreto da Alcaldía de data 23 de decembro de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó sexto bimestre do exercicio 2020, cuxo importe total ascende á cantidade de “80.608,55” (oitenta mil seiscientos oito con cincuenta e cinco) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 28 de decembro do 2020 ó 2 de marzo do 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 23 de decembro do 2020.- O ALCALDE, Francisco Fernández Montes.

R. 3383

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

O pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 2 de decembro de 2020, aprobou inicialmente os Orzamentos, Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2021. Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resultan definitivamente aprobados os Orzamentos, Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2021. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que o dito orzamento ascende en gastos e ingresos a 1.154.187,52 euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	791.985,14
2	Gastos en bens correntes e servizos	219.445,25
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	32.200,00
	B) Operacións de capital	
6	Inversións reais	80.557,13
7	Transferencias de capital	30.000,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	1.154.187,52

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Impostos directos	149.500,00
2	Impostos indirectos	2.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	123.050,00
4	Transferencias correntes	824.340,74
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	B) Operacións de capital	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	55.296,78
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	1.154.187,52

CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O 2021

A.-Funcionarios de Carreira	Nº prazas	Grupo	Nivel	S.I.T
1. Secretario*				
2. Escala de Administración Xeral				
2.1. Subescala Administrativa				

2.1.a.	Administrativo	1	C1	22	V.D.
3.	Escala de Administración Especial				
3.1.	Subescala de Servizos Especiais				
3.1.a.	Operario Servizos Múltiples. Conductor	1	C2	18	O
3.1.b.	Alguacil Porteiro	1	A.P.	14	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

SIGLAS UTILIZADAS EN LA RELACIÓN DE LA PLANTILLA DE PERSONAL.

S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

B.- Persoal Laboral Fixo.- 1 Traballador/a social

C.- Persoal Eventual.- Ningún

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN	R.J	D.O.T	N.C.D	C.E.M	T.P	ADSCRIPCIÓN			TIT. ACADEM.	S.I.T
						Grupo	Escala	Subesc.		
Secretario *										
Administrativo.	F	1	22	829,39	NS	C1	A.G.	A.D.	1	V.D.
Operario Servizos Múltiples. Conductor. Encargado do parque de vehículos e apoio ás tarefas básicas en oficinas	F	1	18	505,77	NS	C2	A.E.	S.E.C.	2	O
Alguacil Porteiro.	F	1	14	354,41	NS	A.P.	A.E.	S.E.A.P.	3	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

SIGLAS EMPREGADAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

R.J= Réxime Xurídico(F= Funcionario); D.O.T=Dotación; N.C.D=Nivel Complemento Destino; C.E.M= Complemento Esp. Mensual; T.P.=Tipo de Posto (NS = No Singularizado); Escala (A.G.=Escala Administración Xeral, A.E=Escala Administración Especial); Subescala (A.D.=Administrativa, S.E.A.P.=Servizos Especiais Alguacil-porteiro, S.E.C.=Servizos Especiais Conductor); Titulación Académica (1= Titulación Específica Grupo C1, 2=Titulación Específica Grupo C2, 3= Titulación Específica Agrupacións Profesionais); S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2021

PERSONAL LABORAL CONTRATADO TEMPORALMENTE PARA OS DISTINTOS SERVICIOS, ASÍ COMO O CONTRATADO CONFORME ÁS SUBVENCIÓNS OU CONVENIOS CONCERTADOS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

PUESTO	Nº PUESTOS	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar axuda no fogar	8	Tempo Completo
Persoal programa Depuemprego	3	Tempo Completo
Persoal programa Aprod Rural	1	Tempo Completo
Técnico en orientación laboral	1	Tempo Completo
Oficial de 1ª Fontaneiro	1	Tempo Completo
Oficial de 1ª Electricista	1	Tempo Completo

Ribeira de Piquín, 29 de decembro de 2020.- Alcalde-presidente, Roberto Fernandez Rico.

R. 3394

Anuncio

Considerando que mediante acordo do Pleno do Concello de Ribeira de Piquín, en sesión extraordinaria celebrada con data 30 de decembro de 2020, resolvéronse as alegacións presentadas en tempo e forma e aprobouse con carácter definitivo a Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo contido así como o texto íntegro da dita ordenanza fanse públicos en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

“RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAS E POLAS CANTEIRAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN

Visto que polo Pleno deste concello, en sesión extraordinaria de data 10 de agosto de 2020, se aprobou inicialmente a Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín.

Visto que se procedeu á publicación de anuncio da aprobación inicial da dita Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 186, de data 14 de agosto de 2020, así como na páxina web municipal coa mesma data. Asimesmo publicouse o texto íntegro da Ordenanza na sede electrónica do concello con data 21/08/2020, reanudándose o prazo de presentación de alegacións.

Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma segundo consta en certificación de Secretaría de data 26 de outubro de 2020.

Á vista das alegacións presentadas desde este concello solicitouse informe xurídico ao Servizo de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos da Excm. Deputación Provincial, e tendo en conta o mesmo, emitense os seguintes pronunciamentos ao respecto das alegacións presentadas:

Sobre as alegacións presentadas por D. Elier Ojea Ureña, en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Galicia (FERMAGA).

[...]

Sobre as alegacións presentadas por D. Daniel Díaz Ramos, en representación da Asociación de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo.

[...]

Visto o devandito informe de data 26 de novembro de 2020, e visto o proxecto de Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín, e de conformidade co disposto nos artigos 22.2d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación Local adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas por D. Elier Ojea Ureña, en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Galicia (FERMAGA), á vista das consideracións expostas na parte dispositiva deste acordo.

SEGUNDO. Desestimar as alegacións presentadas por D. Daniel Díaz Ramos, en representación da Asociación de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo, á vista das consideracións expostas na parte dispositiva deste acordo.

TERCEIRO. Aprobar con carácter definitivo a Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo texto literal é o que segue:

“ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAS E POLAS CANTEIRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sustentabilidade económica dos veciños/as.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráficis en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráficis referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 74.3.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, anque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediacións das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sendo certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación das corta nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencia que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva exige inxentes gastos a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan..

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009. Fundamento de dereito cuarto "...toda conservación implica intrínsecamente la regulación del uso de aquello que se pretende conservar, mediante actos de tutela y defensa...las autoridades competentes para la conservación, lo son asimismo, para la vigilancia y regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, por lo que hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales".

Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto "...con carácter general en principio, no son iguales, nin sirven por ello los términos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros (no suposto enxuciado vehículos de uso mineiro). No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los transitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte"

As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.

En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A exigencia de licenza municipal para o uso especial regulado; licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:

“1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general”.

- A exigencia da prestación dunha garantía que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento.

1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de Ribeira de Piquín establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Uso especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras que poidan existir no término municipal.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Artigo 2.-Actividades excluídas.

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

- Podas en plantacións forestais
- Rozas e limpeza de fincas
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
- Cortas para usos domésticos
- Actividades agrícolas e gandeiras

Artigo 3.- Definicións. - Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

- *Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.*
- *Actividade mineira: aquela que ten por obxecto a explotación dos recursos mineiros, calquera que sexa a sección das reguladas pola lexislación mineira.*
- *Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).*
- *Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.*
- *Empresa mineira: persoa física ou xurídica que realice os labores propias da explotacións de canteiras de áridos, pizarra, etc.*

Artigo 4.- Ámbito de aplicación.- O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Ribeira de Piquín, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira e das canteiras.- Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira, áridos ou pizarras.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira ou da canteira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telematicamente, ou en calquera outro dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas, de preservación do patrimonio arqueolóxico ou de minas.

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

- Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).
- Especie de madeira obxecto da corta.
- Volume de madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación da vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo.
- Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.
- Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como de depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, no modelo establecido no anexo II da presente ordenanza.

O Concello de Ribeira de Piquín terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello requirirá á empresa madeireira/mineira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude, cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa, sen prexuízo da correspondente sanción derivada do incumprimento da obriga de presentación do mesma.

Artigo 6.- Responsables.- A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, e no seu caso, da explotación de canteiras, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para prever tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 7.- Obrigas.- A empresa madeireira/mineira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira/mineira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira como dos áridos, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo. A mesma obriga atinxe ás canteiras no relativo a vertido de áridos e restos da explotación mineira.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. As mesmas prohibicións en relación co viario municipal e os seus elementos funcionais, atinxen ao vertidos e restos de áridos.

Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados, Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira/mineira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais. No suposto de áridos e/ou pizarra enténdese como depósito irregular aquel que exceda de 20 días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

Artigo 8.- Requerimentos. Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria.- Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non podará exceder de un mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

Constatada a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, repercutindo contra o obrigado, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

O Concello elaborará un informe técnico sobre os danos e requiriráselle ao responsable para que abone as cantidades ocasionadas por estas, mediante a tramitación do oportuno expediente administrativo, de conformidade co previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

TÍTULO II INFRACCIÓN E SANCIÓN

Art. 9.- Infraccións.- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen prexuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

A infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira/ ou de produtos mineiros unha vez fose requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.

- *Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.*

Constitúen infraccións graves:

- *Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.*
- *Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo o informe municipal emitido para o caso.*
- *Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.*
- *Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais*
- *Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.*

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

Art. 10.- Sancións.- *As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:*

- *Infraccións leves: multa de ata 300,00€*
- *Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.*
- *Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€*

A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais comezados a partir da súa entrada en vigor.

No suposto de actividades mineiras será de aplicación ao primeiro plan de labores anuais aprobado con posterioridade á entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.- *A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.*

Segunda.- *A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

ANEXO I**SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa:
N.I.F. do representante/responsable:

Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira		
Especie de madeira obxecto da corta:		
Volume total da madeira (t) / áridos (metro lineal aglomerado/asfaltado/zahorra) a extraer:		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar e parroquia:		
Indentificacións catastrais	Polígono	Parcela

	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal/áridos		
<i>Datas previstas de inicio e remate:</i>		
<i>Lugar onde se depositará a madeira/áridos:</i>		
<i>Viario municipal a empregar para o transporte da madeira cortada/áridos:</i>		
<u>Documentación:</u> ☐ CIF da empresa solicitante e DNI do representante. ☐ Identificación do camiño ou vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo. ☐ Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma. ☐ No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate. ☐ Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións. ☐ Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de extracción de madeira/áridos (anexo II).		

Ribeira de Piquín, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN.

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ESTADO DOS CAMIÑOS ANTES DAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa:
N.I.F. do representante/responsable:

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que os camiños ou vías públicas municipais que se van empregar para o transporte da madeira cortada/áridos, e que se sinalan na solicitude da licenza (anexo I) están no seguinte estado de conservación:

- ☐ MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN
- ☐ BO ESTADO DE CONSERVACIÓN

Ribeira de Piquín, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN.

ANEXO III**COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa concesionaria da licenza
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa:
N.I.F. do representante/responsable:

COMUNICA:

Que os traballos obxecto da licenza municipal por actividades extractivas da madeira/canteiras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data _____, remataron en data _____ de _____ de _____.

Ribeira de Piquín, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN.”

CUARTO. Publicar este acordo xunto co texto íntegro da Ordenanza xeral reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. “

□
□
□

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribeira de Piquín, 30 de decembro de 2020. O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 3403

Anuncio

Considerando que mediante acordo do Pleno do Concello de Ribeira de Piquín, en sesión extraordinaria celebrada con data 30 de decembro de 2020, resolvéronse as alegacións presentadas en tempo e forma e aprobouse con carácter definitivo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo contido así como o texto íntegro da dita ordenanza fanse públicos en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

“RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIIS E POLAS CANTEIRAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN

Visto que polo Pleno deste concello, en sesión extraordinaria de data 10 de agosto de 2020, se aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín.

Visto que se procedeu á publicación de anuncio da aprobación inicial da dita Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 186, de data 14 de agosto de 2020, así como na páxina web municipal coa mesma data. Asimesmo publicouse o texto íntegro da Ordenanza na sede electrónica do concello con data 21/08/2020, reanudándose o prazo de presentación de alegacións.

Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma segundo consta en certificación de Secretaría de data 26 de outubro de 2020.

Á vista das alegacións presentadas desde este concello solicitouse informe xurídico ao Servizo de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos da Excm. Deputación Provincial, e tendo en conta o mesmo, emítese os seguintes pronunciamentos ao respecto das alegacións presentadas:

Sobre as alegacións presentadas por D. Elier Ojea Ureña, en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Galicia (FERMAGA).

[...]

Sobre as alegacións presentadas por D. Daniel Díaz Ramos, en representación da Asociación de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo.

[...]

Visto o devandito informe de data 1 de decembro de 2020, e visto o proxecto de Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín, e de conformidade co disposto nos artigos 22.2d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación Local adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas por D. Elier Ojea Ureña, en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Galicia (FERMAGA), á vista das consideracións expostas na parte dispositiva deste acordo.

SEGUNDO. Desestimar as alegacións presentadas por D. Daniel Díaz Ramos, en representación da Asociación de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo, á vista das consideracións expostas na parte dispositiva deste acordo.

TERCEIRO. Aprobar con carácter definitivo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo texto literal é o que segue:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

- 0,60 €/tonelada (t) de madeira.
- Canteiras (Cuota anual):
- 3,6 €/metro lineal de aglomerado
- 2,10 €/metro lineal de asfaltado
- 1,20 €/metro lineal de zahorra

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

ARTIGO 6. EXENCIÓNS

Quedan exentos do pago desta taxa:

- Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...

- En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...

- Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:

- Podas en plantacións forestais*
- Rozas e limpeza de fincas*
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos*
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais*
- Cortas para usos domésticos*
- Actividades agrícolas e gandeiras*

ARTIGO 7. DEVENO

A taxa devindicase segundo a natureza do seu feito imponible, cando se conceda a correspondente licenza ou autorización para a realización das actividades que constitúan o feito imponible da taxa, unha vez tramitado o correspondente expediente iniciado coa presentación da solicitude polo suxeito pasivo.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se benefician polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes conforme o seguinte procedemento:

8.1.- Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal, no modelo establecido no anexo I da presente ordenanza, facendo constar os seguintes extremos:

— Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).

— Especie de madeira obxecto da corta.

— Volume de madeira que se prevé extraer.

— Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.

— Datas previstas de inicio e remate dos traballos

— Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.

— Identificación da vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo.

— Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

— No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.

— Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira/mineira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da extracción de madeira/áridos, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.

— Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como de depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, no modelo establecido no anexo II da presente ordenanza. No caso de que na declaración responsable se manifeste o mal estado dos camiños ou vías municipais, aportaranse fotografías dos mesmos que o acrediten.

8.2.- Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, de Medio Ambiente Forestal, do Código de circulación, e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación, o posuidor dunha licenza para a actividade descrita, virá obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos

viais, ou nas infraestruturas anexas, así como a retirada total dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

8.3.- Unha vez recibida a solicitude, e para o caso de que a declaración responsable manifeste o mal estado dos camiños, con carácter previo á utilización dos mesmos, os servizos técnicos municipais procederán a realizar un informe sobre o estado das vías a utilizar.

8.4.- A utilización dos camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, non impedirá a utilización adecuada e sen dificultades destes polos restantes usuarios do mesmo, estando obrigados os responsables das operacións de saca de madeira a reparar os danos causados por estas operacións para o seu adecuado uso polos restantes usuarios.

8.5.- Terminada a utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, o concesionario da licenza, comunicará ao Concello a finalización dos traballos, no modelo establecido como anexo III. Por parte dos Servizos Técnicos municipais emitirase informe sobre os danos que, no seu caso, se produciron nos camiños afectados polas operacións de saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga. O dito informe técnico emitirase soamente no caso de que se producisen danos nos camiños públicos, e que foran apreciados por persoal municipal ao que se lle encomende tal función.

Á vista do informe técnico, poñeranse en coñecemento do titular da licenza as reparacións que, no seu caso, deberán efectuarse no prazo máximo de un (1) mes. Transcorrido o citado prazo sen que efectuasen as reparacións requiridas, o Concello procederá á súa execución subsidiaria á conta do obrigado, repercutindo contra este o importe da reparación dos danos. Se os danos causados fosen irreparables, o Concello será indemnizado nunha contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe da deterioración ocasionada. No caso de que sexan varios os que utilicen simultaneamente os mesmos camiños municipais, e existan danos, procederase a unha distribución proporcional das responsabilidades entre os diversos usuarios.

8.6.- O aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeira e outros materiais de natureza análoga dentro do Concello de Ribeira de Piquín, sen a preceptiva licenza municipal será obxecto dun expediente sancionador.

8.7.- A validez da licenza quedará condicionada ao pago da taxa.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras (artigos 11 e 12).

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en diante.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o ____ de _____ de 20__, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir de _____, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

— **CUARTO.** Publicar este acordo xunto co texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras do Concello de Ribeira de Piquín no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal.”

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribeira de Piquín, 30 de decembro de 2020. O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 3404

SOBER

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, o orzamento xeral para o exercicio económico de 2021 e o anexo de persoal para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste concello, polo prazo de quince días hábiles, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Sober, 30 de decembro de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3400

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVENBRO DE 2020

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2020-502 de data 21 de decembro de 2020, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de novembro de 2020 polo importe total de 5.226,75€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 28 de decembro de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R.3416

VILALBA

Anuncio

Ocupación do Dominio Público con finalidade lucrativa

De conformidade co ordenado, notificase a través deste anuncio que S. S^a a alcaldesa, mediante o decreto núm. 630 de data 23/12/2020, ditou a seguinte resolución:

“DECRETO DE ALCALDÍA

FEITOS E CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Como consecuencia da entrada en vigor do Estado de Alarma en todo o territorio nacional, en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo - o cal trae causa da emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 -, o Goberno do Estado, adoptou diversas medidas de contención do devandito virus que, polo que aquí interesa e con carácter xeral, determinou, nun primeiro momento e consonte o seu artigo 10, a suspensión de diversas actividades desenvoltas en moitos dos establecementos e locais comerciais abertos ao público, e, de forma específica, dentro do ámbito destes últimos, a suspensión das actividades recreativas e espectáculos públicos, nas que se inclúen as actividades de hostalería e restauración.

En virtude do anterior, o Concello de Vilalba, mediante Decreto da Alcaldía número 2020-0177 do 6 de Xuño de 2020, publicou unha instrución relativa á “*tramitación de licenzas para á ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, no marco da situación de*

emerxencia ocasionada polo covid-19” co fin de aclarar certos aspectos excepcionais coa ocupación do dominio público no marco da pandemia ocasionada pola COVID-19, cunha duración ata o 31 de Decembro de 2020.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Sen embargo, mediante o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e en concreto no Término municipal de Vilalba, a Xunta de Galicia, a través do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, modificado polo Decreto 187/2020, de 20 de novembro, no termo Municipal de Vilalba queda restrinxida a entrada e saída de persoas no ámbito territorial do Concello de Vilalba, tendo un impacto moi directo nos locais de hostelería e restauración.

Esta situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 obrigou a adoptar unha serie de medidas en canto á mobilidade de persoas e ao exercicio de actividades sociais e económicas para conter o avance da epidemia, protexer as persoas do risco de contaxio e garantir na medida do posible a continuidade da actividade económica e, conseguintemente, a protección do emprego.

Na actualidade, as medidas sanitarias adoptadas para facer fronte á pandemia da COVID-19, marcan dun xeito indubidable a actividade económica e social. Neste contexto, o sector hostaleiro, formado na súa maior parte por persoas autónomas e pequenas e medianas empresas, sufriu un forte impacto ao se lle aplicar unha serie de medidas necesarias para a prevención e contención da pandemia e que afectan de forma moi significativa a súa actividade.

Estas medidas de prevención adóptanse segundo a evolución epidemiolóxica, o que obriga a poñer en funcionamento medidas cun maior ou menor grao de restricións na hostalaría e restauración, limitando a capacidade dos seus establecementos e mesmo suspendendo ou permitindo só a súa actividade nas terrazas.

Neste contexto de incerteza imponse unha nova realidade que é o incremento do uso das terrazas, non só para crear espazos seguros senón tamén espazos atractivos, de calidade e confortables, integrados no contorno urbano e acordes e compatibles coas normas de prevención sanitaria, de tal forma que posibiliten na medida do posible a continuidade e o mantemento da actividade do sector hostaleiro. Todo iso con pleno respecto ás ordenanzas municipais, as normas de espectáculos públicos e actividades recreativas, así como, de ser o caso, a normativa de protección do patrimonio.

Visto que do Decreto da Alcaldía número 2020-0177 do 6 de Xuño de 2020, relativa á *“tramitación de licenzas para a ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, no marco da situación de emerxencia ocasionada polo covid-19”* contaba cunha duración determinada, -31 de Decembro de 2020-, e dadas as novas demandas provocadas pola situación de emerxencia ocasionada polo covid-19, enmarcadas nun estado de Alarma prorrogado ata o 9 de maio de 2021, e vista a necesidade de dar cobertura fronte á ocupación do dominio, en aras dos principios de proporcionalidade e efectividade administrativa, e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1.a),m) q) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Prorrogar o prazo de vixencia da instrución outorgada no Anexo I relativa á *“tramitación de licenzas para a ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, no marco da situación de emerxencia ocasionada polo covid-19”* do Decreto da Alcaldía número 2020-

0177 do 6 de Xuño de 2020, **ata a finalización da prórroga do estado de alarma** autorizada polo Congreso dos Diputados o 29 de outubro de 2020, **ata ó día 9 de maio de 2021**, sen perxuízo dunha posible prórroga.

SEGUNDO: Aclarar certos aspectos do apartado IV da instrucción do 6 de Xuño de 2020, para ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, debido a situación de alarma ocasionada polo COVID-19.

“IV. Excepcións ao réxime xeral de outorgamento de licenzas para facilitar a viabilidade de reapertura dos negocios de hostalaría e restauración.”

- En canto á estimación do número de mesas e o cálculo de aforo da terraza, deberán grafiarse cunha ocupación do 100%, na cal cada hostaleiro se deberá ir axustando ás medidas de distanciamento e aforo que as autoridades sanitarias dicten en todo momento.

-En canto á altura mínima dos separadores será de 1,30 metros, regulada en dita instrucción, establece unha altura máxima de 1,50 metros, perfectamente lastradas ó chan, non podendo estar en ningún fixadas ó chan con tornillería ou outro elemento que denote unha permanencia indefinida.

O material de acabado dos separadores será respetuoso co medio no que se ubique, prohibindo todo tipo de publicidade e cores non acordes co entorno, consonte ó artigo 91 da LSG.

-En canto ós toldos, parasóis, mesas e cadeiras, serán os regulados na ordenanza de aplicación, número 12.

TERCEIRO. Iniciar os trámites para a redacción dunha Ordenanza Reguladora sobre a Ocupación de Dominio Público, e a súa correspondente Ordenanza Fiscal.

CUARTO Comunicar ao persoal de todos os servizos municipais afectados a presente resolución, e publicala no portal de transparencia e páxina web do Concello para xeral coñecemento.”

O que se pon no coñecemento da cidadanía para os efectos oportunos, facendo saber que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos que se expresan a continuación:

De reposición potestativo, non prazo dun mes, a contar desde ou seguinte día hábil á recepción da súa notificación, ante ou mesmo órgano municipal que ditou ou acto impugnado, conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A interposición do recurso de reposición, excepto nos casos nos que unha disposición estableza ou contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, de acordo co disposto non art. 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Ou ben interpoñer directamente recurso contencioso administrativo, sen necesidade de interpoñer previamente ou recurso de reposición potestativo, perante ou xulgado do Contencioso Administrativo, non prazo de dous meses a contar desde ou seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

No caso de optar polo recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime convinte.

R. 3384

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza sobre a regulación do tráfico no Casco antigo do Concello de Viveiro, aprobada inicialmente polo pleno da Corporación, en data 1 de decembro de 2020, resultando aprobada definitivamente ao non terse presentado alegacións no prazo de exposición ao público:

ORDENANZA DOBLE A REGULACIÓN DO TRÁFICO

NO CASCO ANTIGO DO CONCELLO DE VIVEIRO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O casco Antigo de Viveiro considerase peonil na súa totalidade e actualmente está protexido polo Plan Especial de Protección Interior (PEPRI). Constitúe en sí un espazo donde se concentran os monumentos máis emblemáticos da cidade, no que están ubicados a maioría dos establecementos comerciais e de servizos, e en cuxa Praza Maior celébrase semanalmente o mercado. Tales circunstancias fan que a regulación do tráfico nesta zona sexa algo peculiar, e ata a data non conta este concello coa regulación precisa na materia.

Neste marco, se dicta a presente Ordenanza, cuxo obxectivo non é outro que elaborar unha norma que regule o tráfico no casco antigo do concello de Viveiro, á vez que proceder á regulación daqueles aspectos que ata esta data non foron obxecto de normativa algunha.

CAPÍTULO I: COMPETENCIA, OBXECTIVOS , ÁREA AFECTADA.

Art. 1 Competencias.-

De conformidade con establecido no artigo 25 da lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e do disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, é competencia do Concello de Viveiro, a ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas do seu termo municipal, así como a súa vixilancia por medio da Policía Local, a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e a sanción das mesmas cando non estean expresamente atribuídas a outra administración.

Art. 2.- Obxectivos.-

A presente ordenanza ten como obxectivo restrinxir totalmente o tráfico no Casco Antigo de Viveiro, coa salvedade de aqueles vehículos que esten permitidos ou autorizados.

Vehículos permitidos: Aqueles que non precisan autorización expresa. Son vehículos permitidos os vehículos das Forzas e Corpos de Seguridade, Ambulancias, Bombeiros e Protección Civil. Tamén terán a condición de vehículos permitidos os vehículos sanitarios, funerarios e vehículos particulares en supostos de urxencias médicas.

Os referidos vehículos accederán exclusivamente as vías afectadas pola restricción de acceso, por razón dos servizos que lle son propios.

No caso de vehículos particulares que accedan por urxencias médicas deberán contar con acreditación ao respecto, que poderá ser requirida en calquer momento pola policía local.

Asimesmo, terán a condición de vehículos permitidos os taxis, única e exclusivamente, para o transporte de persoas con mobilidade reducida.

En relación aos ciclos e vehículos de mobilidade persoal, non terán acceso ao Casco Antigo de Viveiro, a excepción de:

Ciclos: permitirase a circulación de éstos cando transporten un menos de ata sete anos en asento adicional que terá que estar homologado. Tamén se permitirá a circulación de ciclos a menores de 12 anos, sempre e cando vaian acompañados dun adulto.

Vehículos de mobilidade persoal: non se permitirá a circulación de adultos nestes vehículos, con excepción dos vehículos adaptados, ou non, para persoas con mobilidade reducida. En menores de 12 anos permitirase o seu uso, sempre a título privado, e baixo a supervisión dun adulto.

Vehículos autorizados: Aqueles que se lles permite a entrada no Casco Antigo mediante autorización expresa (tarxeta ou documento).

Art. 3.- Área afectada.-

A área que se encontra afectada pola regulación especial de tráfico denominada “Casco Antigo” e cuxo plano se adxunta á presente ordenanza como Anexo I, está comprendida no perímetro interior das seguintes rúas:

- 1.- Travesía da Mariña.
- 2.- Avenida de Galicia
- 3.- Avenida de Cervantes.
- 4.- Praza Juan Donapetry
- 5.- Rúa Nicolás Cora Montenegro
- 6.- Avenida García Dóriga
- 7.- Praza de Lugo.

CAPÍTULO II: VEHÍCULOS AUTORIZADOS, SINALIZACIÓN, E ACCESOS.

Art. 4.- Vehículos autorizados, as súas dimensións máximas e normas de circulación.-

Serán vehículos autorizables os seguintes:

- Vehículos a motor e ciclomotores, incluídos os conxuntos de vehículos que contén coas seguintes dimensións máximas, incluída a carga:
- MMA de 3,5 Toneladas.
- Lonxitude 7 metros.

- Altura 2,5 metros.
- anchura 2 metros.

Excepcionalmente poderase autorizar vehículos que sobrepasen ditas dimensións previa solicitude e xustificación pola persoa solicitante da autorización.

Art. 5.- Sinalización.-

Para a adaptación do tráfico rodado ao Casco Antigo faise necesario a adopción de medidas de sinalización vial, para que éstas podan ser interpretadas polos condutores en aras a unha eficaz circulación.

Con carácter xeral colocaranse en todas as rúas do Casco Antigo que teñen confluencia coas rúas do perímetro a sinal R-100, de "Circulación Prohibida".

Excepcionalmente, nas rúas de acceso, é dicir, Irmáns Vilar Ponte e Maruja Mallo, colocaranse a mesma sinal pero co texto seguinte: " EXCEPTO: VEHÍCULOS AUTORIZADOS".

As rúas Margarita Pardo de Cela e Pastor Díaz quedarán restrinxidas totalmente á circulación de vehículos a motor ou ciclomotores, con excepción de aqueles autorizados nos que o seu destino final se encontre nesas rúas. A este fin colocaranse sendas sinais verticais na confluencia coa Praza Maior , de R-100, co texto " EXCEPTO:AUTORIZADOS SAÍDA".

En canto a velocidade máxima permitida de vehículos e ciclos no Casco Antigo de Viveiro será de 10Km/h, sinalizárase mediante a sinal vertical, R-301. A ubicación de dita sinal deberá ser ao inicio das zonas de acceso ao Casco Antigo.

Art. 6.- Lugares de Acceso e Saída.-

O acceso ao Casco Antigo realizarase exclusivamente a través das seguintes rúas:

- a) como norma xeral o acceso de vehículos autorizados farase a través da rúa Maruja Mallo.
- b) excepcionalmente, se o vehículo que pretende acceder presentase dificultades na súa maniobrabilidade , o condutor accederá pola rúa Irmáns Vilar Ponte. Esta circunstancia farase constar por quen solicite a autorización.

A saída do Casco Antigo realizarase exclusivamente a través das seguintes rúas:

- a) como norma xeral a saída de vehículos autorizados realizarase a través da rúa Irmáns Vilar Ponte.
- b) excepcionalmente, si debido a imposibilidade de maniobrabilidade non pode sair pola rúa Irmáns Vilar Ponte, saíra pola rúa Maruja Mallo. Esta circunstancia farase constar por quen solicite a autorización.
- c) excepcionalmente, se o punto de destino do vehículo se atopase nas rúas Margarita Pardo de Cela ou Pastor Díaz, o vehículo saíra a través das mesmas. Esta circunstancia farase constar por quen solicite a autorización.

As normas de prioridade de paso entre vehículos nas rúas Irmáns Vilar Ponte e Maruja Mallo, estableceuse da seguinte maneira:

- Os vehículos que saian excepcionalmente a través da rúa Maruja Mallo non gozarán de prioridade sobre os que acceden, debendo esperar a ter a rúa libre para efectuar a saída.
- Os vehículos que entren excepcionalmente a través da rúa Irmáns Vilar Ponte non gozarán de prioridade de paso sobre os que pretenden sair, debendo esperar a ter a rúa libre para acceder.

Ditas normas de prioridade de paso reflectiranse na parte posterior das autorizacións.

En relación cos vehículos que acceden ao Casco Antigo para realizar labores de carga e descarga nos días de celebración de mercado, o farán tendo en conta o seguinte itinerario:

- a) Entrada pola rúa Maruja Mallo- Constanza de Castro- Plaza Mayor.
- b) Saída pola Plaza Mayor- Teodoro de Quirós- Irmáns Vilar Ponte.

Art. 7.- Acceso de vehículos ao Casco Antigo-

Para o acceso de vehículos ao Casco Antigo, é necesario que estos contén cun " DISTINTIVO DE ACCESO RESTRINXIDO", no que constará a matrícula do vehículo autorizado, e que individualiza o dereito ao acceso nas condicións determinadas na autorización administrativa concedida a cada titular.

É obrigatorio para o seu titular a notificación a este Concello do cambio do vehículo autorizado, así como a devolución da tarxeta no suposto de modificacións das condicións que no seu momento serviron de base para a súa autorización.

Ademáis deste réximen xeral, crearanse disposicións específicas que máis adelante se desenvolverán, e que completan a regulación da presente ordenanza.

CAPÍTULO III: AUTORIZACIÓN E EXPEDICIÓN DOS DISTINTIVOS DE ACCESO RESTRINXIDO E CONTROL

Art. 8.- Distintivos de acceso restrinxido.-

O acceso dos vehículos ao Casco Antigo non poderá realizarse sen o Distintivo de Acceso Restrxinxido.

Nos supostos establecidos na presente ordenanza, expedirase un Distintivo de Acceso Restrxinxido, mediante a cal se poderá identificar ao titular da mesma, ao vehículo autorizado e as restricións de uso que lle sexan asignadas.

No suposto de que se produza unha variación do vehículo autorizado deberá solicitarse ante o Concello a tramitación da modificación da autorización concedida.

A expedición dos Distintivos de Acceso Restrxinxido para os supostos regulados na presente ordenanza conlevará o aboamento da taxa que se establezca na Ordenanza Fiscal correspondente.

O Distintivo de Acceso Restrxinxido terá a vixencia que se determine na correspondente autorización.

Este Distintivo de Acceso Restrxinxido deberá exhibirse no parabrisas dianteiro do vehículo autorizado, de forma que se vexa dende o exterior.

Os Distintivos de Acceso Restrxinxido de entrada ao Casco Antigo do Concello de Viveiro deberán recoller:

a) No anverso:

- O Distintivo correspondente á autorización solicitada.
- Matrícula do vehículo.
- N.º de distintivo.
- Horario.
- Acceso.
- Destino.
- Saída.

b) No reverso:

- O plano do Casco Antigo de Viveiro, no que figuren as entradas e saídas permitidas, excepcións e normas de prioridade de paso, tal e como ven establecido no artigo 6 da presente ordenanza.

Art. 9.- Distintivos de control (discos).-

O cómputo do tempo de entrada ao Casco Antigo de Viveiro efectuarase mediante un disco de control, no que se indicará a data e a hora de entrada. O citado distintivo de control deberá colocarse na cara interior do parabrisas dianteiro do vehículo, de forma que sexa visible dende o exterior.

Están obrigados á súa colocación todos aqueles solicitantes que se atopen nos supostos ordinarios regulados na presente ordenanza.

SECCIÓN I: SUPOSTOS ORDINARIOS**Art.10- Usuarios de Garaxes (Distintivo G).-**

Concederanse ás persoas físicas, sexan ou non residentes, ou persoas xurídicas, que por calquera título utilizan un garaxe ubicado no Casco Antigo, sen limitación de días ou de horario.

O seu período de validez será anual, debendo acompañar neste caso á solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Fotocopia compulsada do Permiso de Circulación do vehículo para o que se solicita autorización.
- ITV e Seguro obrigatorio do vehículo en vigor.
- Copia do recibo actualizado do Imposto sobre Bens Inmóbles, da praza de garaxe.
- Documento acreditativo do dereito ao uso da praza de garaxe de que se trate, no suposto de que ésta non sexa titularidade do solicitante.

Art. 11.- Titulares de Establecementos Comerciais (Distintivo EC).-

Concederanse aos titulares de establecementos abertos ao público na área do casco antigo, para un único vehículo titularidade destes, xa sexa entidade mercantil, xa un dos socios partícipes da mesma, e permite o acceso a unha zona próxima ao seu establecemento para realizar pequenas operacións de carga e descarga, no horario previsto para dita actividade, de 9:00 a 12:00 da mañá de luns a venres, excepto festivos, por un tempo máximo de 30 minutos.

O seu período de vixencia será anual, debendo acompañar á solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI ou CIF do solicitante.

- Fotocopia compulsada do Permiso de Circulación do Vehículo para o que se solicita.
- ITV e Seguro obrigatorio do vehículo en vigor.
- Fotocopia do documento que acredita a súa alta na actividade económica da que se trate, así como o DNI do representante legal da mesma e acreditación de dita representación ou no seu caso da condición de socio.

Art. 12.- Servicios de distribución e reparto

- distintivo D-

Entendidos como tales aqueles vehículos destinados ao transporte de mercancías e para actividades de carga e descarga, entendendo esta como a acción e efecto de trasladar unhas mercancías dende un vehículo comercial a un establecemento ou outro inmovible e viceversa, en horario de carga e descarga, de 9:00 horas a 12:00 horas de luns a venres, excepto festivos, e por un tempo máximo de 30 minutos.

- distintivo DP-

Co distintivo DP, incluíranse aqueles vehículos destinados ao reparto de produtos de panadería e pastelería. Para actividades de carga e descarga non estará permitida a distribución porta a porta.

Ambos distintivos concederanse aos titulares deste tipo de actividades para os vehículos titularidade destes, xa sexa da entidade mercantil ou dun dos socios partícipes da mesma. Para cada vehículo concederase un distintivo. No suposto de concederse varios distintivos para un mesmo titular ou vinculados á mesma entidade non se permitirá a entrada no Casco Antigo de varios destes vehículos simultaneamente.

O horario establécese de 07:00 horas a 22:00 horas, durante todos os días da semana.

O seu período de vixencia será anual.

A solicitude de entrada ao casco para este suposto deberá recoller:

- 1.- A xustificación da necesidade de entrada .
- 2.- Día ou días para os que se solicita a entrada.
- 3.- Tipo de carga do vehículo.
- 4.- Peso do vehículo.
- 5.- Lugar ou lugares aos que se accede.

Á solicitude deberase de acompañar da seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do DNI ou CIF do solicitante.
- 2.- Fotocopia compulsada do Permiso de Circulación dos Vehículos para os que se solicita.
- 3.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor.
- 4.- Fotocopia do documento que acredite a súa alta na actividade económica da que se trate, así como o DNI do representante legal da mesma e acreditación de dita representación.

Art. 13.- Mercado semanal (distintivo M)-

Todos aqueles vehículos que precisen acceder á Praza Maior para efectuar labores de carga e descarga de mercancías nos días de mercado, accederán e saíran polas rúas sinaladas no artigo 6 da presente ordenanza. O horario de entrada será entre as 7:00 e as 9:00 horas para os supostos de acceso para a descarga de mercancías e o seu depósito no mercado, e o de saída entre as 13:00 e as 15:00 horas para a retirada das mesmas.

A autorización será anual.

En canto aos vehículos que constitúen o propio posto de venda ambulante e que permanecen na Praza Maior mentres dura o mercado, non poderán exceder dos horarios establecidos para a entrada e saída no parágrafo anterior.

En canto a maneira en que se levarán a cabo as labores de carga e descarga de mercancías no mercado estarase ao disposto no artigo 16 da presente ordenanza.

En canto ao itinerario para os vehículos que acceden ao Casco Antigo baixo o presente distintivo realizarase da seguinte maneira:

- a) Entrada pola rúa Maruja Mallo - Constanza de Castro- Plaza Mayor
- b) Saída pola Plaza Mayor- Teodoro de Quirós- Irmáns Vilar Ponte.

A solicitude de entrada ao casco antigo deberá recoller:

- 1.- Xustificación da necesidade de entrada.
- 2.- Día ou días para o que se solicita a entrada.

3.- Tipo de carga do vehículos

4.- Peso do vehículo.

5.- Lugar ou lugares aos que se accede.

Á solicitude deberanse de acompañar os seguintes documentos:

1.- Fotocopia do DNI, ou CIF do solicitante.

2.- Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita.

3.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor.

4.- Fotocopia do documento que acredite a súa alta na actividade económica de que se trate, ou, no seu caso fotocopia compulsada do documento que acredite a súa alta no REAGA, así como o DNI do representante legal da mesma e acreditación de dita representación (no supostos de persoas xurídicas).

5.- Autorización para o exercizo da venda ambulante no mercado de Viveiro.

Art. 14.- Acceso a persoas con dificultades de mobilidade temporal ou definitiva(distintivo MR).-

No suposto de persoas con dificultades de mobilidade temporal ou definitiva, que ben por razón da súa residencia, ben por razón do seu traballo, precisen acceder xa a vivenda da súa residencia, xa ao seu centro de traballo mediante vehículo, previa petición do interesado na que xustifique a necesidade, expedirase o correspondente Distintivo de Acceso Restringido que só poderá utilizarse aos fins que se concede, sen restriccións de días y horarios.

A autorización será anual e únicamente aos efectos de subida e baixada de viaxeiros e mercancías.

A solicitude de entrada deberá recoller:

1.- Xustificación da causa que motiva a concesión da autorización.

Á solicitude deberase acompañar a seguinte documentación:

1.- Fotocopia do DNI do solicitante

2.- Certificado de empadramento e no seu caso de convivencia.

3.- Contrato de traballo no suposto de que os motivos da solicitude sexan laborais.

4.- Informe emitido polos Servizos Sociais Municipais que acredite a dificultade de mobilidade esixida.

5.- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o cal se solicita a autorización.

6.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor.

Art. 15.- Servicios esenciais para a comunidade (distintivo S).-

Servicios Públicos municipais, de telecomunicacións, electricidade, gas, correos e telégrafos, servizos de hixiene urbana, mantemento de rede viaria e alcantarillado e en xeral aqueles outros de reconocida necesidade para a colectividade da zona restrinxida.

Accederán como norma xeral no horario de 08:00 a 20:00 horas.

Poderase establecer excepcionalmente cando así o precise o servizo a realizar, horarios diferentes, previa comunicación á Policía Local, que establecerá a franxa horaria compatible co correcto discorrer do resto da mobilidade na zona e outros factores.

A solicitude de entrada deberá recoller:

1.- Xustificación da necesidade de entrada

2.- Lugar ou lugares aos que accede.

Á solicitude deberase acompañar a seguinte documentación:

1.- Fotocopia do DNI do solicitante.

2.- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o cal se solicita a entrada.

3.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor.

4.- Documentación que acredite o motivo para o que se solicita a entrada.

5.- Documentación que acredite que o solicitante é un profesional do servizo para o cal se solicita o acceso.

Art. 16.- Residentes (distintivo R):

Se consideran residentes a aquelas persoas físicas empadroadas no Casco Antigo de Viveiro, e para un único vehículo por vivenda.

O distintivo permitirá a entrada dous días á semana:

- Os luns pola mañá de 9:00 a 12:00 horas.
- Os venres pola tarde de 15:00 a 17:00 horas

A solicitude de entrada deberá recoller:

- 1.- Lugar ou lugares aos que accede.

Á solicitude deberase acompañar:

- 1.- Fotocopia do DNI do solicitante.
- 2.- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o cal se solicita a entrada.
- 3.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor.
- 4.- Certificado de empadramento (este documento será incorporado ao expediente de oficio por parte do Concello).

Este distintivo permitirá asimesmo a entrada excepcional no suposto de necesidade fóra das datas ou horas sinaladas. Neste suposto os residentes deberán presentar unha comunicación por escrito neste Concello, facendo constar o motivo da entrada así como as datas ou horas previstas. Esta comunicación poderá ser presentada tanto na Sede Electrónica como presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro. Esta comunicación deberá presentarse en todo caso cunha anterioridade mínima de dous días naturais e dita comunicación permitirá o acceso, salvo que por parte da policía local se considere inustificada a necesidade de entrada ou imposible a mesma., e se proceda expresamente a comunicar a súa denegación.

O período de validez deste distintivo será anual.

Os titulares de vivendas dentro do Casco Antigo que non sexan residentes e precisen da entrada ao Casco deberán tramitar a correspondente solicitude de autorización extraordinaria (distintivo EX).

Art. 17.- Empresas de servizo de comida rápida, reparto asistencial de comida a domicilio, reparto urgente de menciñas (Distintivo RR):

Engloba empresas ou entidades que se dedican ao reparto a domicilio de comida rápida, reparto asistencial de comida a domicilio a persoas dependentes e reparto urgente de menciñas.

Accederán en horario de 9:00 a 22:00 horas e a autorización será anual, a excepción de que o interesado solicite a autorización por un período inferior.

Soamente para a realización do servizo de comida rápida, se permitirá o acceso ao Casco Antigo en Ciclomotor ou motocicleta.

A solicitude de entrada deberá recoller:

- 1.- Xustificación da necesidade de entrada.
- 2.- Día ou días para os que se solicita a entrada.
- 3.- Lugar ou lugares aos que se pretenda acceder.

Á solicitude deberase acompañar a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia del DNI ou CIF do solicitante.
- 2.- Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo para o cal se solicita a entrada.
- 3.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en igor.
- 4.- Fotocopia do documento que acredite a súa alta na actividade económica de que se trate, así como o DNI do representante legal da mesma.

Art. 18.- Obras (distintivo O).-

Concederáse autorización expresa para a entrada no casco antigo no suposto de que sexa necesaria para a realización de actuacións que veñan amparadas en licenza de obra, comunicación previa, orde de execución ou calquera outra autorización municipal.

A autorización terá vixencia durante o período que se estableza na mesma, segundo as circunstancias e motivo polo que se solicite a entrada.

Accederán no horario de 08:00 a 20:00 horas, soamente para accións de carga e descarga por un tempo máximo de 30 minutos.

A solicitude de entrada deberá recoller:

- 1.- Xustificación da necesidade de entrada.

- 2.- Día ou días para os que se solicita a entrada.
- 3.- Lugar ou lugares aos que se pretenda acceder.

Á solicitude deberase acompañar a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do DNI ou CIF do solicitante.
- 2.- Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo para o cal se solicita a entrada.
- 3.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor.
- 4.- Fotocopia do documento que acredite a súa alta na actividade económica de que se trate, así como o DNI do representante legal da mesma.
- 5.- Copia ou identificación da resolución municipal baixo a cal autorizan as actuacións a executar.

Art. 19.- As operacións de carga e descarga deberán ser efectuadas coa estrita observancia das seguintes normas:

- a.- As mercancías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo ao establecemento do inmovible de destino.
- b.- A carga e descarga efectuarase co máximo coidado, procurando evitar ruidos e calquera outra molestia aos veciños, aos peóns e a outros usuarios da vía pública.
- c.- As operacións de carga e descarga efectuaranse coa maior celeridade.
- d.- En ningún caso se almacenarán no chan as mercancías u obxectos que se estén cargando e descargando.

SECCIÓN II.- SUPOSTOS ESPECIAIS

ART. 20.- Eventos e Celebracións(distintivo EV):

Concederase autorización expresa para a entrada ao casco antigo para os supostos tales como:

- Acceso para celebracións relixiosas ou civís, tales como bautizos, bodas, comunións etc.
- Eventos de tipo lúdico, festivo e cultural, tales como exposicións, feiras, et.

Nestes casos a concesión do permiso correspondente requirirá, previo informe da Policía Local do Concello de Viveiro, atendendo a data e horario concreto da solicitude.

- A solicitude de entrada deberá recoller:

- 1.- Xustificación da necesidade de entrada.
- 2.- Día ou días para os que se solicita a entrada.
- 3.- Lugar ou lugares aos que se pretende acceder.

- Á solicitude deberanse acompañar os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia do DNI ou CIF do solicitante.
- 2.- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o cal se solicita a entrada.
- 3.- ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor.
- 4.- Documentación que acredite o motivo para o que se solicita a entrada.
- 5.- Documentación que acredite a duración da celebración ou evento para o cal se solicita a entrada. .

Art. 21.-Autorizaciones Extraordinarias (Distintivo EX):

Englobáanse todos aqueles supostos non previstos de modo expreso nos anteriores apartados.

Ditos supostos serán obxecto de análise e estudo individualizado por parte da Policía Local, previa a xustificación da necesidade de acceso ao Casco Antigo de Viveiro.

Na autorización establecerase, previo informe da policía local o horario para o cal se concede.

Poderán solicitar autorización extraordinaria os residentes non habituais ou esporádicos de vivendas ubicadas no interior do recinto restrinxido, durante o tempo de residencia, debendo acreditar de forma fehaciente dita residencia e acompañar fotocopia do DNI do solicitante, fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o cal se solicita a entrada e ITV e seguro obrigatorio do vehículo en vigor. Os dereitos de entrada durante o período de residencia serán equiparables aos establecidos no artigo 16 para a autorización para residentes (distintivo R).

CAPÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR**Art. 22.- Infraccións:**

As accións u omisións que contraveñan a presente ordenanza, constitúen infraccións administrativas, e serán tipificadas e sancionadas con arranxo ao disposto nos artigos 139,140 e 141 do Título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. As infraccións en materia de tráfico serán sancionadas conforme ao disposto na normativa de aplicación.

Art. 23.-

As infraccións administrativas ás que se refire o artigo anterior, clasifícanse en moi graves, graves e leves.

As infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos; as graves aos 2 anos; e as leves ao ano. En canto ao cómputo do prazo de prescrición e á interrupción do mesmo estarase ao disposto no artigo 30 punto 2 e 3, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sécutor Público.

Todo isto sen perxuízo das actuacións que poidan ser constitutivas de infracción segundo o disposto en materia de tráfico polo Real Decreto 6/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial que conlevarán as sancións establecidas en dita normativa, e se tramitarán polo procedemento correspondente ás mesmas.

Infraccións moi graves.

Terán a consideración de moi graves as seguintes:

- a.- Falsificación, alteración ou manipulación dos distintos tipos de permisos e autorizacións regulados na presente ordenanza.
- b.- Falsificación, alteración ou manipulación do disco de control.
- c.- Falsificación, alteración ou manipulación dos documentos requeridos na presenta ordenanza sen cuxo concurso non se concedería a autorización.

Infraccións graves.

Terán a consideración de graves as seguintes:

- a.- O acceso á área afectada sen a preceptiva autorización.
- b.- Utilización indebida de calquera permiso ou autorización concedido e regulado nesta ordenanza.
- c.- Utilización indebida do disco de control.
- d.- Utilización do permiso ou autorización regulados na presente ordenanza, por persoa ou vehículo distinto ao autorizado e como tal reflectido no mesmo.
- e.- A utilización dolosa ou negligente do permiso ou autorización dos regulados na presente ordenanza para fins distintos dos autorizados.
- f.- Ser sancionado pola comisión de dúas ou máis faltas calificadas como leves.

Infraccións leves.

Terán a consideración de leves as seguintes:

- a.- Acceso á área obxecto da presente ordenanza por lugar distinto ao establecido na presente ordenanza.
- b.- A non devolución da tarxeta de autorización ou permiso no suposto de modificación das condicións nas que foi concedida.
- c.- Acceso á área obxecto de regulación con permiso ou autorización caducada.
- d.- Non exhibir o permiso ou autorización concedida ao efecto, de forma visible no vehículo para o que se concede.
- e.- Realización das tarefas de carga e descarga ao marxen das condicións sinaladas.
- f.- Non exhibir o disco de control nos termos establecidos na presente ordenanza.

Art.24 .- Sancións:

As infraccións administrativas, descritas no artigo anterior, leves, graves e moi graves serán sancionadas de conformidade co establecido no artigo 141 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

- As infraccións moi graves: de 400 a 800 euros.
- As infraccións graves: de 200 a 400 euros.
- As infraccións leves: de 100 a 200 euros.

Con independencia das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, a comisión das condutas calificadas como de infracción polo artigo anterior poderán ser sancionadas coa retirada do permiso ou autorización ao efecto concedida, por un período de ata seis meses para as calificadas como graves e por un período de ata un ano para as calificadas como moi graves.

Para a graduación das sancións sexan ou non pecuniarias, teranse en conta os criterios establecidos no artigo 29 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta o grao de culpabilidade ou existencia de intencionalidade, a continuidade ou persistencia na conduta

Art. 22.- Persoas Responsables:

A responsabilidade das infraccións ao disposto na presente ordenanza, recaerá directamente no autor ou autores da acción ou omisión en que consista a infracción, incluso cando a cometera a título de mera observancia.

Así mesmo será responsable, no suposto de non ser posible a identificación directa do autor, e en consecuencia obxecto de sanción, o titular do permiso ou autorización concedida, polo uso indebido do mesmo que un terceiro puidese realizar.

Cando o cumprimento dos deberes e obrigacións previsto nesta norma incumba conxuntamente a varias persoas, éstas responderán solidariamente das infraccións que se comentan e as sancións que no seu caso se impoñan.

Art. 23.- Procedemento sancionador.

A imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas previstas esta ordenanza, tramitarase de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública e o establecido na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. A imposición de sancións en materia de tráfico tramitaranse conforme ao establecido na normativa correspondente á materia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto integro no BOP de Lugo e transcorra o prazo de 15 días a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da LBRL.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Á entrada en vigor da presente ordenanza quedan derogadas todas as disposicións normativas municipais que a contraveñan.

Viveiro, 14 de decembro de 2020.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3241

Anuncio

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2020, aprobouse provisionalmente a seguinte modificación do regulamento:

-Modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 28 de decembro de 2020.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 3405

XERMADE

Anuncio

aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos

O Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

Sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

Xermade, 30 de decembro de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3396